


Nº 142 • mar - abr 2005



# Encrucillada

**REVISTA GALEGA DE PENSAMENTO CRISTIÁN**

**Na morte do Papa Xoán Paulo II**

**Letras Galegas: Lorenzo Varela**

Xosé Antón Miguélez Díaz

**Globalización e Relixión**

Peter L. Berger

**M. Lutero: bosquexo biográfico**

Pilar Pena Búa

**A poesía dos Himnos do diurnal**

Victorino Pérez Prieto

**Actualidade política,  
cultural e relixiosa**

Xosé Luís Barreiro Rivas  
Xoán Bernárdez Vilar  
Rubén Aramburu Molet

## MESA DE REDACCIÓN

Andrés Torres Queiruga (Director)  
Xaime M. González Ortega (Redactor-xefe)  
Engracia Vidal Estévez (Secretaria)  
Agustín Díaz Blanco  
Xavier R. Madriñán  
Pilar Wirtz Molezún

## ADMINISTRACIÓN

Amalia Tomé Rocha

## CONSELLO DE REDACCIÓN

Xesús Acuña Garrido (Pontevedra)	Mariano Guizán Sánchez (Ames)
Rubén Aramburu Molet (Marín)	Xosé Antón Miguélez Díaz (Ferrol)
Alvaro Barros Quibén (Aguíño)	Xoán M. Neira Pérez (A Pobra do Caramiñal)
Xoán Bernárdez Vilar (Vigo)	Pilar Pena Búa (Cuntis)
Alfonso Blanco Torrado (Guitiriz)	Xosé Manuel Pensado Figueiras (Mazaricos)
Xosé Manuel Caamaño (Univ. Comillas)	Victorino Pérez Prieto (Ferrol)
Xoaquín Campo Freire (Ferrol)	Xesús Portas Ferro (Pontevedra)
Hermelinda Dapena Tarela (Pontevedra)	Manuel Regal Ledo (Abadín)
Manuel Dourado Deira (Rianxo)	Anxos Renieblas (Santiago)
Pedro Castelao (Univ. Comillas)	María do Carme Solloso Blanco (Narón)
Miguel Fernández Grande (Ourense)	Carme Soto Varela (Univ. León)
Bernardo García Cendán (Lugo)	Antón Vidal Andiñón (Vigo)
Marisa Vidal Collazo (Santiago)	

## REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN

Rúa Nova de Arriba, 1 - 6º Dereita  
36002 PONTEVEDRA

Tel. e Fax 986 846 182 - e-mail: [encrucill@netcom.es](mailto:encrucill@netcom.es) / [encrucill@mundo-r.com](mailto:encrucill@mundo-r.com)  
Páxina web: [www.encrucillada.com](http://www.encrucillada.com)

### Prezos da suscripción anual (5 números):

- Ordinaria ..... 18 €
- De apoio ..... desde 20 €
- Estudiantes ou parados ..... desde 12 €
- Número solto ..... 5 €

### Publicación bimestral

### CONTAS CORRENTES

Caixa de Aforros de Galicia: 2091-0342-28-3040000681 - Santiago  
BBVA: 0182-5150-81-0201578208 - Pontevedra



# Sumario

Nº 142  
Volume XIX  
Marzo-abril de 2005

## **Guieiro**

por Agustín Díaz Blanco **3** 107

## **Editorial**

Na Morte de Xoán Paulo II **5** 109

## **Letras Galegas**

Lorenzo Varela e o Cristo da Liberdade  
por Xosé A. Miguélez Díaz **11** 115

## **Xanela Aberta**

Globalización e Relixión  
por Peter L. Berger **32** 136

## **Estudos**

Martiño Lutero: un bosquejo biográfico  
por Pilar Pena Búa **47** 151

## **Achegas**

Os Himnos do Diurnal Galego: a mellor  
colección de poesía relixiosa galega  
por Victorino Pérez Prieto **61** 165

X. L. Blanco Vega, xograr de Deus  
por Modesto Vázquez Gundín **83** 187

# Sumario



## Rostros

Romero: conversión, acción, utopía, martirio  
por Celia Castro Ojea **89** 193

## Crónicas

Política: primeiro cabodano do 11-M:  
a dor desorientada  
por Xosé Luís Barreiro Rivas **94** 198  
Cultura: Aquel premonitorio soño de Maquiavelo  
por Xoán Bernárdez Vilar **100** 204  
Igrexa: Primavera e renovación  
por Rubén Aramburu Molet **108** 212

## Recensións

La gratitud responsable. Vida, sabiduría y ética  
Juan Masiá Clavel  
por Xosé Manuel Caamaño López **117** 221  
Joseba Beobide Arrburua, Hombres de Terranova.  
La pesca del bacalao  
Rosa García-Orellán  
por Andrés Torres Queiruga **118** 222

## Ilustracións

por Soledad Pite **51** 155  
**91** 195



## A morte de Xoán Paulo II

producíase cando este número da revista estaba xa pechado. A relevancia deste acontecemento, posta de manifesto nas reaccións suscitadas en tódolos ámbitos da vida pública e en tódolos medios informativos, demandaba un eco amplo e fondo pola nosa parte. Por iso abrimos o número cun artigo de homenaxe e balance á figura senlleira para o mundo cristián que foi este pontífice.

Como tódolos anos, neste mes dedicamos unhas páxinas a glosar diversos aspectos da figura que protagoniza o Día das Letras Galegas. Nesta ocasión Xosé Antón Miguélez fai un percorrido pormenorizado pola un tanto axitada vida de Lorenzo Varela, deténdose particularmente nas súas actividades literarias e de promoción cultural. O seu labor como poeta é analizando coa delicadeza característica do autor, sen deixar ningún detalle relevante no tinteiro.

Globalización e Relixión é o título dun traballo de Peter L. Berger, sociólogo da relixión amplamente coñecido en todo o mundo e cunha amplísima bibliografía traducida a ducias de lingua. Trátase dun artigo xa publicado na revista *Iglesia Viva*, que autorizou amablemente a súa reprodución en *Encrucillada*. Logo de repasar a situación do fenómeno relixioso en todo o mundo, Berger conclúe: «O reto do pluralismo relixioso non é só un tema para o debate entre os teólogos; é aínda máis un asunto que compete aos laicos e non menos aos seus fillos, que son os que conviven, nos colexios e noutros lugares, con nenos doutras tradicións relixiosas.» E engade «isto ten que ver co «renunciabile» e co irrenunciabile no diálogo con outros credos, aínda o caso que haxa que dicir «non» aos interlocutores doutras tradicións.»

Pilar Pena Búa dedica a súa colaboración a lembrar a figura do reformador Martiño Lutero, situando a súa figura na historia do seu tempo e descubrindo múltiples prexuízos que ao longo dos anos distorsionaron a súa visión, tanto desde o punto de vista católico como dos propios adeptos á reforma protestante. Ao longo do seu traballo, a autora alude ao episodio das famosas 95 teses e sinala «que se a escena da fixación das teses non tivo lugar, aparece aínda



máis claro o feito de que Lutero non avanzou cara a unha ruptura coa igrexa por ousadía, senón que se converteu, como xa defendera Lortz, en reformador sen quere-lo.»

Victorino Pérez Prieto recolle na súa achega unha valiosa documentación sobre os himnos integrados no diurnal das horas litúrxicas. Destaca o autor a relevancia desta obra, como a mellor colección de poesía relixiosa galega. E dedica o seu amplo traballo a lembrar a temática de cada himno, recollendo numerosos anacos dos mesmos. Danos sobre todo a oportunidade de coñecer a autoría de cada un dos himnos, xa que no diurnal os textos recollidos non fan ningunha referencia á persoa que os compuxo.

Blanco Vega, xograr de Deus, é o título da achega na que Modesto Vázquez Gundín nos fai coñecer a personalidade dun xesuíta asturiano, recentemente falecido na Coruña, e que foi tamén un dos autores de algún dos himnos recollidos no diurnal citado no parágrafo anterior. O autor fai un percorrido pola vida e obra do poeta, salientando a riqueza e fondura da súa vea poética.

Nos 25 anos do seu martirio, o rostro do bispo Oscar Romero é lembrada por Celia Castro Ojea, que recolle o seu chamamento apremiante, no discurso-homilía que estaba pronunciando cando foi asasinado. «¡No nome de Deus, paren a represión, cesen os bombardeos! Eu dígolles aos soldados inon matarás! ¡Paren a guerra!».

Unha vez máis a colaboración de Soledade Pite achéganos, coa súa delicadeza habitual, á figura de dous personaxes lembrados nestas páxinas, Oscar Romero e Martiño Lutero. Tamén damos cabida ás seccións fixas das crónicas e recensións.

Logo de 32 anos de vida, a revista segue adiante. E melloramos nalgún aspecto pouco perceptible polo suscritor, como é o traballo de distribución. Por iso é o momento oportuno de lembrar o impagable esforzo dunha persoa que cumpriu moitos trienios –impagados e impagables– dedicándose a tarefas que agora fai unha insensible máquina. Moitísimas grazas, Amalia Tomé.

**Agustín Díaz Blanco**

tintxu@teleline.es



Morreu o papa. Tempo xeral de loito, agradecemento e reflexión. Para *Encrucillada*, co número xa a punto de saír, éo dun xeito especial. Nacida á calor do Vaticano II, con ilusión de acollida e aplicación, este pontificado foi a grande aposta nun tempo crucial para a igrexa (no mundo e tamén en Galicia) e para o cristianismo. Agora toca o balance. Un balance con moitos aspectos, como corresponde a un pontífice que, literalmente, encheu o mundo coa súa presenza.

Estes últimos días foron a mellor proba. A aldea global contemplou o seu tránsito de maneira ininterrompida e ubicua: relixiosas ou profanas, locais ou universais, tanto as radios como as televisións e a prensa do mundo enteiro mantiveron acendida a súa presenza e ergueita a chamada da súa vida e misión. Poucas veces, se algunha, na historia dos medios se fixo visible e palpable a “outra dimensión”, a da transcendencia. O sufrimento e o seu sentido, a morte e a resurrección, a política e a relixión, a diversidade das opcións e a radical unidade da preocupación polo destino e o sentido da vida humana foron expostos á consideración pública. Por un longo e intensísimo instante histórico os medios deixaron de ser o escaparate do unidimensional —do *One Dimensional Man*— para abrir os corazóns á fonda, inmensa, nunca satisfeita polifonía das preguntas radicais.

Logrouno o home Karol Wojtyła, o papa Xoán Paulo II.

O seu nacemento en Polonia no ano 1920, martirizada polo vergallo nazi, primeiro, e machucada pola bota stalinista, despois, fixeron da súa vida unha síntese dramática do máis duro destino da nosa época. El soubo vivila intensamente, cunha fe madurecida na loita xuvenil, que cristalizou en conviccións sen fisuras. A rica e variada fecundidade da súa acción pastoral nun ambiente marcado pola brutal presión dun totalitarismo ateo afirmou nel unha aguda conciencia de misión, apoiada nunha valentía confiada e contaxiosa: “non teñades medo”. A súa mesma presenza física, unida a unhas dotes excepcionais de contacto co público fóronlle, e seguirían a serlle sempre, dunha grande axuda. Pero fórono tamén porque estaban ao servizo dunha fe sincera e dunha entrega auténtica. Por iso convenceu: só esa conxunción explica o recoñecemento unánime e o entusiasmo colectivo que o acompañaron en vida e que estalou, como un crepúsculo luminoso e magnífico, na súa morte.

Con este equipamento chegou –máis ben novo, con 58 anos– ao pontificado o primeiro papa non italiano en case medio milenio. Entregouse con enerxía indomable e entusiasmo incansable á súa misión. E o mundo comprendeuno. De aí a tristeza polo seu pasamento e o agradecemento pola súa vida. Sobra dicir que compartimos sen reservas estes sentimentos, en comunión cristiá coa súa persoa e co seu propósito.

Pero *Encrucillada* non sería “revista galega de pensamento cristián”, se, expresada a entrañable homenaxe á *persoa*, non aproveitase a ocasión para reflexionar tamén sobre o significado profundo e as consecuencias eclesiais e relixiosas do *pontificado*. Dous aspectos unidos, pero distintos. Un xornalista galego dixo con acerto de Xoán Paulo II: “todo nel foi bifronte”. De feito, coa perspectiva dos seus máis de vinteseis anos de pontificado, aparece claro abondo que a persoa foi superior á obra e que os seus xestos son máis cribles cá súa teoloxía.

Por iso pensamos que a mellor fidelidade á persoa non consiste na loanza acrítica e turiferaria do pontificado. Desde logo, non consiste niso a mellor fidelidade evanxélica. Esta pide máis ben sintonizar coa intención e aprender da autenticidade, agradecer a vida e seguir o exemplo, non para copiar de maneira acrítica, senón para continuar e avanzar naquilo que a vida da Igrexa vaia descubrindo como a mellor maneira de encarnar a chamada evanxélica para o mundo de hoxe.

Neste sentido, hai cousas –e cousas moi importantes– que piden unha fonda revisión. Sinalaremos unhas poucas que nos parecen especialmente relevantes.

1. Empezando xa polo acontecido nos último e doloroso tranco da súa vida. Admirable foi a resistencia do Papa fronte ao sufrimento e á dura decadencia da vellez; e non cabe negar, como acertadamente se ten repetido, o exemplar que a súa actitude resulta nun mundo obsesionado polos valores da forza, da pel, do triunfo e da xuventude.

Pero ¿non estaría mellor e máis criblemente presentado ese exemplo desde un retiro á vida privada que, desde o recoñecemento humilde da propia debilidade, deixase libre o cargo en favor dun mellor goberno da Igrexa? En calquera caso, como iso é xa pasado, máis importante aínda é mirar ao futuro. Non cabe dúbida de que o acontecido supón unha ocasión inmillorable para obxectivar o



problema, estendendo ao papa, igual que os demais bispos, seus irmáns, a norma –tan sa e elemental– do *retiro* aos 75 anos. Indo incluso máis alá, atrevémonos a pensar que mesmo é hora –como hai xa séculos fixeron as ordes relixiosas– de poñer o problema da *limitación temporal dos cargos*, como único modo actualmente posible de manter o goberno da Igrexa ao ritmo dunha historia acelerada. Contra o que de ordinario se di, teoloxicamente non existen razóns de fondo que o impidan (en rigor teolóxico o problema non cambia substancialmente cun retiro aos 75 anos ou cunha volta á base eclesial tras un mandato de 10).

2. Mirando ao conxunto, aparece *o interrogante máis fundamental* acerca deste pontificado. Xoán Paulo II, acaso universalizando a súa experiencia persoal da eficacia da relixión na loita contra o totalitarismo do comunismo ateo, estendeuna á igrexa universal. Optou así por una pastoral de contención e volta ao tradicional, de seguridade doutrinal e de confrontación coa cultura secular, de afirmación da autoridade e da disciplina, de centralismo romano e poder curial fronte á pluralidade viva das igrexas diocesanas e das conferencias episcopais, de nomeamento monocolor de bispos. Nesa liña está a aposta sen disimulos polos movementos neoconservadores na base eclesial, cun claro postergamento non xa dos movementos de Acción Católica e das comunidades de base, senón incluso das ordes relixiosas máis dinámicas e capaces de futuro. As proclamas de fidelidade ao Vaticano II non poden negar o feito evidente de que tal política eclesiástica supuxo un corte drástico da renovación conciliar e un serio freo ao seu espírito, que está a supor uns graves custos.

Os riscos e desaxustes de toda renovación –icomezando pola realizada polo propio Xesús de Nazaré!– non xustifican tal renuncia. Se a Igrexa levaba algún século de atraso na súa actualización crítica respecto da explosión cultural da Modernidade, esta política supuxo un forte estancamento. Tapar os problemas parece traer a calma; en realidade, atrasa a solución e agrava as consecuencias. Ademais, o silenciamento da *teoloxía*, con exclusións e condenas, non supón tan só perder moitas forzas, senón que ameaza con facer increíble a fe. Neste sentido, non por doloroso parece excesivamente aventurado falar dunha situación de crise histórica na actualización da vida eclesial.

3. Xoán Paulo II foi un *papa piadoso*, que se negou enerxicamente á privatización da fe, sacándoa das sancristías e facendo valer a eficacia da súa presenza pública. Mesmo fixo ver a súa forza transformadora no mundo socio-político, contribuindo de maneira decisiva á caída do comunismo totalitario. Defendeu a xustiza, falando da “hipoteca social” de toda riqueza, e púxose ao lado da paz, condenando a guerra de xeito unívoco e valente. Propugnou con tesón os dereitos humanos e denunciou con enerxía a explotación do terceiro mundo. Todo isto representa acaso a súa mellor herdanza.

Pero pide ser continuada dun xeito profundamente renovado. Non sempre resulta posible escapar á impresión de que a devoción papal adoptou un certo ton milagreiro e dun providencialismo directo. Recoñecemos que as palabras son duras, pero intentan expresar con claridade que non parece esa a mellor maneira de presentar hoxe a fe evanxélica sen a expoñer á xusta crítica dunha cultura normalmente secular. A eficacia da fe, defendida sen voltas nin rodeos fronte ao ateísmo marxista, debe ser mantida con non menor contundencia fronte ao capitalismo cuberto con pel de ovella cristiá, apoiando e non condenado as distintas formas das teoloxías da liberación. Os dereitos humanos serán cribles cara fóra, cando se fagan valer dentro da Igrexa contra a arbitrariedade curial, a censura doutrinal e a discriminación da muller: cando, lonxe de os deixar reducidos a proclamas para os demais, se convertan en realización exemplar na propia casa.

4. Nunha humanidade en mutación radical o seu pontificado foi unha aposta, sen concesións nin componendas, polos auténticos valores morais, na defensa da vida e da dignidade das persoas, na concepción humana do sexo fronte á banalización consumista e á explotación escravizante, na afirmación da familia, na protección da infancia e na atención aos pobres e aos enfermos.

Con todo, hoxe a Igrexa ten que recoñecer tanto a *autonomía da moral* como o seu carácter profundamente histórico, que non anula os valores fundamentais, pero que esixe repensalos en novos contextos. As súas chamadas non aparecerán lexítimas acudindo á imposición por vía de autoridade, senón á fundamentación con razóns ético-morais; e non resultarán convincentes pretendendo posuír de antemán todas as respostas, senón buscando en diálogo coas demais instancias culturais novas solucións para os novos problemas. A experiencia demostra que as posturas ríxidas e

dogmáticas neste campo, lonxe de contribuír á unha xusta moralización da sociedade, desacreditan o anuncio relixioso e deixan sen orientación a partes moi desamparadas e sensibles da sociedade. A contracepción sen condicións e a prohibición do preservativo incluso como mal menor fronte á enfermidade e á mesma morte son exemplos que chocan por incomprensibles e poden escandalizar por inhumanos.

5. A *unión das igrexas e o diálogo das relixións* foron confesada preocupación deste pontificado desde o seu principio. E cómpre recoñecer que talvez nunca na igrexa católica se fixeron xestos simbólicos tan valentes e explícitos como os de Xoán Paulo II non só fronte ás confesións evanxélicas e ortodoxas, senón igualmente fronte a xudeus e musulmáns, a budistas e hinduístas ou ás relixións ancestrais de África. A convocatoria de Asís (por certo alí mesmo contestada por grupos tradicionalistas), o chamada teórica a revisar o exercicio do primado, as peticións de perdón por pecados relixiosos e culturais son iniciativas cuxa transcendencia histórica resulta difícil de calibrar na súa importancia.

Pero tamén aquí a teoloxía ficou atrás do xesto. A prohibición da intercomuñón entre cristiáns, a insuficiente apertura e, cando menos, unha certa aparencia de proselitismo respecto dos ortodoxos, o exercicio monolítico da autoridade papal, a cerrazón –tolerada– da *Dominus Jesus* con relación ao problema xeral das relixións impediron que as tomas de posición en principio puidesen tranducirse en froitos prácticos.

5. Por non saír do fundamental, sinalemos finalmente o problema da necesidade apremante dun novo estilo de *gobierno na Igrexa*. A viaxes papais salientaron o papel do primado petrino, fixeron visible a unidade da igrexa, mostraron a forza inmensa da comuñón intereclesial. Pero, xunto con iso, tenderon a borrar as identidades locais, eclipsaron o rol dos bispos, nun proceso que se reforzou co práctico eclipsamento das conferencias episcopais e do mesmo Sínodo mundial dos bispos. Nun mundo que xa pode percibir como cribles procesos verdadeiramente democráticos, reforzouse –en lugar de a transformar– a estrutura monárquico-autoritaria da Igrexa.

Empeñarse en manter con falsas sacralizacións ou mediante xustificacións dunha teoloxía fundamentalista un goberno estritamente piramidal, onde xuridicamente todo vén de arriba,

onde os cargos son non-electos e si vitalicios, onde a única consulta deliberativa –ie con cantos recortes!– é a elección papal, non só vai contra a doutrina conciliar do pobo de Deus como base fundamental e nutricia da Igrexa, senón tamén contra a expresa recomendación evanxélica do goberno como servizo humilde e sen imposicións: “Xa sabedes que os xefes dos pobos os tiranizan e que os poderosos os asoballan. Pero entre vós non pode ser así; nin moito menos» (Mc 10,42-43; cf. Mc 10,42-45; Mt 20,25-28; Lc 22,25-27).

Desculpas como as de que a Igrexa non é unha democracia (de ordinario sen engadir que tampouco é unha monarquía), xa non poden enganar nunha cultura crítica, educada en valores democráticos. En todo caso, renunciar á palabra non pode significar negar o contido de participación, corresponsabilidade e liberdade: se non democracia, entón nunca menos, senón máis ca democracia. Sabemos que a transformación non é fácil, pois ten contra ela séculos de praxe e a terrible inercia do poder, sempre renuente a renunciar aos seus hábitos. Se insistimos neste punto, é porque o consideramos de importancia vital para o futuro da Igrexa: sen democratización das súas estruturas e rexuvenecemento periódico dos seus cadros de goberno, non cabe renovación nun mundo de ritmos acelerados. E, sobre todo, dígase o que se diga e búsquense cantas razóns aparentemente teolóxicas se queira, unha Igrexa non democrática nun mundo cada vez máis convencido dos valores democráticos estará facendo increíble o Evanxeo e ocultando o rostro de Deus para as novas xeracións.

O novo papa terá en todo isto un gran desafío e unha tarefa tan difícil como exaltante. Xoán Paulo II fixo o seu, e nada do que dixemos pretende negarlle nin a súa autenticidade cristiá nin a súa grandeza humana. Simplemente, cremos que o mellor tributo ao seu pontificado non consiste en conxelar os seus límites, senón en prolongar a súa intención e facer frutificar as súas mellores sementes. Desde esta Galicia que lle agradece ao Papa morto a súa chamada a Europa desde o sepulcro do Apóstolo e o seu apoio ao espírito secular da peregrinación, queremos poñernos xa á disposición do novo Pontífice. Facémolo con fe e esperanza, na libre comunión das fillas e fillos de Deus, ao servizo dunha Galicia máis galega, dunha Igrexa máis evanxélica e dunha humanidade máis humana.



# Lorenzo Varela e o Cristo da liberdade

Xosé A. Miguélez Díaz

Cólleselle cariño a Lorenzo Varela. ¿Quizáis porque vemos nel o clásico loitador nobre e perdedor, que esperta a nosa solidariedade emotiva? ¿Quizais pola súa calidade humana que os amigos testemuñan con tanto calor? Certamente, tamén, pola calidade da súa obra<sup>1</sup> que está traspasada de humanismo e dunha beleza formal sinxela e cuidada.

Achegarse aos relatos da súa vida que conta, por exemplo Fernando Salgado<sup>2</sup>, vai deixando un pouso de simpatía e admiración: atopámonos ante un artista que empeñou a vida na loita por uns ideais de fraternidade e de beleza (e Galicia e o seu idioma foron parte desa utopía), que lle tocou perder moitas veces<sup>3</sup>... e gustar só breves anticipos<sup>4</sup> da súa utopía.

Esa sintonía faise máis emotiva se lemos os testemuños cheos de

<sup>1</sup> Cf prólogo a: Lorenzo Varela, *Dez Poemas, Edición, estudio e notas X. Alonso Montero*, Ed O Castro, Coruña 1988.

<sup>2</sup> *Lorenzo Varela: Crónica dunha vida atormentada*, Ed. do Castro, A Coruña, 1995. Primeira e fundamental biografía de Varela. Un achegamento apaixonado e fermoso, cheo de empatía co biografado, que se lé como unha intensa novela de aventuras: da aventura de vivir con esperanza a utopía fraternal.

<sup>3</sup> Antón Lopo, titula significativamente o seu achegamento biográfico a Varela *As tres mortes de Lorenzo Varela*, Ed. Galaxia, Vigo, 2005. Lopo oferécenos unha presentación de Varela menos haxiográfica, sen ocultar os seus lados escuros, como a gran afección ao alcol.

<sup>4</sup> Breves pero intensísimos, mesmo místicos, como en *Compañeiros da miña xeración mortos ou asesñados*: «¡Tan dóce era a xuntanza miña e vosa,/de todos co mundo! I Facíamos un feixe de campos e de estrelas,/ e ó pisar ise chao que

grandísimo afecto e agradecemento que moitos amigos foron deitando sobre el antes e despois da súa morte<sup>5</sup>.

E se nos mergullamos na lectura da súa obra, (para albiscar o seu ser, a súa personalidade, cómpre parar tamén nos seus escritos casteláns) coñecendo o trasfondo vital que a deu a luz, aquela primeira complicidade que o fervor de amigos e do biógrafo provocaron en nós, transfórmase doadamente nun sentimento de fraternidade e de agradecemento, porque nos atopamos cunha lírica e cun escritor, que beirea sempre os lindeiros da comunión humana, buscándoa, chamándoa, loitándoa, asombrándose ante ela, empeñado «*por revelar la música escondida*»<sup>6</sup>, e axudándonos a entrarmos nela.

## 1. Unha biografía que impacta

### 1.1. O seu nacemento resultou premonitorio

É difícil que non esperte simpatía este Jesús Manuel Lorenzo Varela Vázquez, o Lorenzo Varela a quen se dedica este ano 2005 o Día das letras galegas, e que, fillo único dos monterrosinos José Ramón e Perpetua, emigrantes, naceu chegando a Cuba no barco que os levaba á La Habana, o 10 de agosto de 1916. Tería hoxe 88 anos.

O seu nacemento foi como unha profecía de que lle tocaría estar sempre en camiño, sen atopar terra firme onde asentar anímica e espiritualmente, a cotío en busca do fogar que non acabaría de atopar porque el quería aberto e compartido, con dimensións universais, onde non coubera a marxinação. Así nos fala dos seus soños de mocidade, que dalgún modo, mantivo sempre:

*quería...  
poner mi corazón sobre todas las cosas  
tristes y vagabundas, quietas, abandonadas:  
los jardines sin ángel, las despreciadas rosas,*

---

latexaba/sentíamos subir polo sangue o misterio./ O noso corpo era o camiño da maxia,/ a escada pola que viña a lúa,/ o zume de tódolos segredos,/ a canzón da herba que resucitou. /E o mesmo verme era unha folla leda, /un mensaxeiro do sagrado alén. « (Cf L. Varela *Poesía Completa*, edición de X.L. Axeitos, Biblioteca del Exilio, O Castro, A Coruña 2000, p. 168).

<sup>5</sup> Cf X. G. Ferreiro Fente editor, *HOMENAXE, Sesenta e seis escritores falan de Lorenzo Varela*. Ed. do Castro, A Coruña, 2003.

<sup>6</sup> Cf *Poesía completa* p. 133. O verso lembra «la música callada» de San Juan de la Cruz sobre quen Varela publicara un artigo no xornal madrileño *El Sol* en 1936.

*las perdidas ovejas, temblorosas, mojadas,  
¡Terrible orgullo de árbol con ramas generosas!*<sup>7</sup>

A súa primeira infancia, tras un rápido regreso a Galicia, transcorreu en terras de Monterroso ata que en 1920, a familia volve a emprender a emigración cara a Buenos Aires. Por el mesmo sabemos que o seu idioma primeiro foi o galego<sup>8</sup>, pero no ambiente porteño, e maiormente na escola, ten que apear del e navegar no castelán no que chegaría a exercer como profesionalizado e gran cultivador: toda a súa vida pasouna escribindo colaboracións en xornais e revistas como columnista, poeta, crítico literario ou de arte, e en non poucas delas, sendo, ademais, un dos fundadores.

### 1.2. A súa adolescencia en Galicia

Antes dos quince anos, coa súa nai Perpetua (que ficaría xa sempre en Lugo, e a quen logo desde a distancia do exilio e da falla de noticias dedicaría un dorido e esperanzado poema en castelán<sup>9</sup>, tan impresionante, que xustificaría por si só o título de gran poeta para Lorenzo Varela) regresou a Galicia a rematar o bacharelato que comezara na Arxentina. Entre 1931 e 1934, recién triunfante a República, en tempos de gran renovación política e cultural, botou tres intensos anos en Lugo, onde ademais de culminar os estudos secundarios, o arxentino, como lle chamaban, participa activamente en iniciativas políticas e culturais entaboando forte amizade con Ramón Piñeiro e Ánxel Fole<sup>10</sup>. Aquel testemuñará que xa por entón Varela escribía poemas en galego e castelán que non chegamos a coñecer: desde rapaz foi moi crítico cos seus escritos e destruíu moitos. Con aqueles foi un dos fundadores da Mocidade Galeguista en Lugo en xaneiro do 1933, póla xuvenil do Partido Galeguista de Castelao e Bóveda, entre tantos. Malia ocupar responsabilidades directivas nesa agrupación, a súa inquedanza social, faino, ao mesmo tempo, lector e mesmo activista das ideas comunistas que triunfaran en Rusia había apenas quince anos e estaban moi en boga na época; tamén aquí, como en tantas ocasións despois, a súa aposta decantouse polo cabalo perdedor, neste caso o trotskismo, que pulaba pola rápida internacionalización da revolución rusa.

---

<sup>7</sup> Poema *Yo era niño*, en *Torres de Amor*, libro editado en Buenos Aires en 1942, e reeditado agora en L. Varela, *Poesía completa*, p. 137, pola que citarei en diante.

<sup>8</sup> Cf *Homenaxe*, o.c. p. 201.

<sup>9</sup> *Poesía completa*... pp. 142-147.

<sup>10</sup> A eles, chamándolles irmáns, dedicaría un fermoso e sentido poema en 1940, estando no exilio en México, cando coidou erroneamente que Piñeiro fora fusilado como tantos outros Cf *Poesía completa*, pp. 220-221

En Lugo vai ter o primeiro contacto co que había de ser grande amigo, Rafael Dieste, que pasou por alí no segundo semestre de 1933, dirixindo unha das Misións Pedagóxicas que promovía a progresista Institución Libre de la Enseñanza<sup>11</sup>. Parece ser que ameazas policiais pola súa actividade política aceleraron a súa marcha a Madrid onde quería estudar letras<sup>12</sup> e onde se vai mergullar nunha asombrosa actividade literaria e política.

### 1.3. No Madrid da anteguerra

Estreando os seus dezaioito anos chega o noso home á capital da República e das letras coa dobre vocación de literado e político. En Madrid gobernaba entón a dereita, máis monárquica que republicana, e vivíase un ambiente de forte confrontación política e de gran creatividade cultural. O noso autor logo se vai implicar a fondo en ambas leiras.

No político vai evoluíndo do trotskismo cara as posicións do xove partido comunista, iniciando unha militancia que prolongaría, polo menos no ideolóxico durante a súa vida, mesmo no exilio.

No cultural participa en diversas tertulias (que eran daquela viveiros de intelectualidade), maiormente na que animaba o galego Eduardo Dieste na Granja del Henar, e na que estableceu os primeiros contactos con importantes escritores cos que despois compartiría amizade e exilio: Rafael Dieste, Sánchez Barbudo, Serrano Plaja, Carlos Gurméndez, Otero Espasandín, e cos artistas galegos Laxeiro, Maside, ou Colmeiro.

As súas primeiras publicacións (ben significativas dos seus centros de interese) viron á luz na revista PAN promovida polo grupo galego de Madrid, e foron dúas cumpridas recensións: unha do libro poético de Cunqueiro, *Cantiga nova que se chama Riveira*, que valora moi positivamente e na que dá mostras de coñecer ben a andadura anterior da poesía galega, e outra recensión sobre a historia do obreirismo español comentando o libro *Fábulas errabundas*, de Tomás Beade.

Con Rafael Dieste e a súa esposa Carme Muñoz, significada pedagoga, e dentro do programa das Misións Pedagóxicas que promovera a Institución Libre de Enseñanza e que o goberno de Azaña asumira, pasa un mes na provincia de Huesca desenvolvendo unha vocación didáctica que sempre o acompañou.

---

<sup>11</sup> Cf L. Rei Núñez, *A travesía dun século. Biografía de Rafael Dieste*. Ed. do Castro, A Coruña, 1987, p. 67.

<sup>12</sup> Cf Salgado, o.c. pp. 34-35.



No ano 1936 consegue iniciar unha serie de colaboracións de crítica literaria sobre libros españois e franceses (sempre se interesou por esa literatura da que fixo traducións) no prestixioso xornal *El Sol*, no que anteriormente publicara a miúdo Castelao. A guerra fixo cambiar as súas urxencias e prioridades, aínda que non os seus centros de interese.

#### 1.4 .A intensa vida de Lorenzo Varela durante os tres anos de guerra

Cando se iniciou a rebelión, Varela aínda non tiña cumpridos os vinte anos. Axiña se alistou como voluntario nas Milicias Populares e coñeceu o combate na defensa do Alto del León na serra do Guadarrama. unha das portas norte da capital.

Sen embargo nos primeiros tempos, a súa loita foi, maiormente, na retagarda como dinamizador cultural e ideolóxico na defensa da orde constitucional e do futuro da liberdade e dos dereitos dos máis desherdados. Desta época, clave na súa vida, dirá Alonso Montero «o que asombra neste rapaz é isto, ou sexa a súa condición de rapaz de vinte anos. Ninguén tan novo protagonizou un labor cultural tan intenso, tan entusiasta, tan rico e, a cotío, tan intelixente»<sup>13</sup>.

Nestes primeiros anos da guerra, participa moi activamente na importante Alianza de Intelectuales Antifascistas para la Defensa de la Cultura, que nacera antes da sublevación, pero que ante a ameaza fascista, converteuse en aglutinadora do mellor da intelectualidade fiel á lexitimidade. Foi Varela quen, con Dieste, promoveu ao católico de esquerdas e gran poeta José Bergamín á presidencia executiva da Alianza, con Antonio Machado na de honra. Desde a plataforma da Alianza deu charlas, mitins, arengas, conferencias, recitais, buscando a mobilización e colaboración da poboación.

Estivo presente no II Congreso Internacional de Escritores que xuntou en Valencia, solidarizándose coa República a nomes como Neruda, Octavio Paz, César Vallejo, Nicolás Guillén, John dos Passos, Hemingway, Malreaux, Louis Aragon etc. Varela foi do equipo que elaborou o relatorio, no que aqueles politizados artistas reclaman (describindo a súa experiencia) unha integración entre a ética e a estética, entre o elemento formal e a vida, entre o mundo íntimo e a realidade. O noso autor permaneceu sempre nesta liña.

Traballou na redacción da revista tipo xornal *El mono azul*, que editaba a Alianza, xunto con plumas como Rafael Alberti, Bergamín, María Teresa León, e co pintor galego Arturo Souto. Nesta publicación verán luz os seus primeiros poemas, en castelán, romances de aire popular ambientados na

---

<sup>13</sup> No prólogo de F. Salgado, *Lorenzo Varela, crónica dunha vida atormentada*, Edicións do Castro, A Coruña 1995 p. 11.

situación de guerra. En 1937 (ten Lorenzo vinte anos) aparece nunha antoloxía de poesía en castelán xunto a grandes poetas admirados por el: Antonio Machado, León Felipe, Alberti, Manuel Altolaguirre, Cernuda, Emilio Prados, entre outros<sup>14</sup>.

Colaboraba ocasionalmente na prestixiosa revista *Hora de España*, e máis habitualmente, como reporteiro, no xornal *Ahora* do Partido Comunista e en diversas publicacións de combatentes. A partir de novembro de 1937 encádrase nas Brigadas Internacionais que viñeran de toda Europa para loitar contra o fascismo, e abandona a pluma para atender ao que para el era a prioridade: o combate en primeira liña polos seus ideais de fraternidade. O último ano recibe primeiro o nomeamento de comisario político<sup>15</sup> de brigada, e despois de división. Coa derrota da República, con tantos outros, ten que exiliarse en Francia onde é recluído, como a maioría, nun campo de refuxiados que semellaba máis ben de concentración polas condicións e o trato. As influencias de escritores franceses que participaron no Congreso Internacional de Escritores (1937) en Valencia, fixo que, ao mes, puidera moverse libremente por Francia e, aos dous meses, embarcar cara a México na primeira expedición masiva de asilados españois tras a guerra.

### 1.5. *No exilio mexicano.*

No México do presidente Lázaro Cárdenas houbo portas abertas para todos os republicanos españois que quixesen ir, e facilidades para a viaxe. Isto fixo que Varela encontrase alí a moitos dos amigos e colaboradores que tratara en Madrid; ademais, a comunidade lingüística castelá do novo país, permitiu que se incorporasen, Lorenzo entre eles, case sen discontinuidade ao seu labor de escritores. O noso autor fíxoo a través da revista *Taller* que codirixía o poeta Octavio Paz, que sería premio Nobel, e co que teceu viva amizade.

En México idea Varela unha revista de cultura, *Romance*, que fixo historia nos medios intelectuais latinoamericanos<sup>16</sup> e na que Lorenzo, o seu primeiro e principal animador, publicou crítica literaria, algún relato, e

---

<sup>14</sup> *Poetas en la España leal*. Ediciones españolas, Madrid-Valencia 1937. Hai desa obra edición facsímil de Editorial Hispamerca, Madrid 1976.

<sup>15</sup> Eran os representantes do goberno, do poder político, adscritos aos mandos militares, para intervir nas súas decisións.

<sup>16</sup> Vede F.Salgado,o.c., pp. 131-150. Antón Lopo, cf o.c. pp. 87-94, completa e matiza a crise que botou a Varela de *Romance* despois do número 16, cando xa estaba asentada e gozaba de gran prestixio.

ensaio sobre a creación literaria. A crise de tensión ideolóxica e de política editorial con Ediapsa, a editora de *Romance*, provoca no noso autor, por unha banda a decisión de largar de México, e por outra unha guerra literaria cun dos seus defenestradores da revista<sup>17</sup>. A incruenta guerra saldouse cunha homenaxe de desagravio á primeira redacción de *Romance* promovida por Octavio Paz, e coa publicación por Lorenzo dun libro poético, *Elegías españolas*<sup>18</sup> do que o noso autor rescatará boa parte del para a publicación do seu seguinte e principal libro, *Torres de Amor*.

Da súa estada en México é o primeiro poema galego que lle coñecemos, *Eramos tres irmáns*, (1940), dedicado a Ramón Piñeiro e Anxel Fole, os seus dous entrañables amigos dos anos de Lugo, e escrito baixo a que resultou falsa nova de que a represión matara a Piñeiro...

*Eramos tres irmáns,  
mariñeiros os tres cada un no seu mar.  
Tiñamos a mesma pel de péxegos novos,  
cada un dos tres no seu albre lixeiro,  
a navegar pol-as augas do tempo*  
...  
*a ti como eras santo non te rachou o vento,  
i-eu lonxe, lonxe, lonxe,  
ardendo eiquí, no inferno.*<sup>19</sup>

Malia ser México un país acolledor, coa lembranza dos amigos e da súa terra raíz, ausentes, coa primeira derrota dos seus ideais, Lorenzo séntese condenado e, como máis adiante suxire, algo perdido, quizá flotando como un madeiro nas augas pero non propiamente navegando cara un porto ou proxecto vital que unifique a aventura humana; o *inferno* da súa vivencia, tan salientado coa reduplicación do adverbio lonxe<sup>20</sup>, intúese provisional, pero mentres dura a crise o futuro preséntase totalmente incerto, ameazado aínda polo terrible e recente naufraxio vital que non se sabe se será definitivo...

---

<sup>17</sup> Trátase do poeta madrileño Domenchina, a quen Varela fixera unha crítica literaria algo dura en *Romance*, aínda que ponderada e matizada.

<sup>18</sup> México 1940.

<sup>19</sup> L. Varela, *Poesía completa*, o.c. p. 220.

<sup>20</sup> Esta recorrencia salienta no seu libro *Lonxe* (Ed. Nova, Buenos Aires 1954) e maiormente no poema que o abre, *Lonxe de vós, inda máis lonxe. Lonxe, Lonxe*. Cf L. Varela, *Poesía completa*, o.c. p. 157.

*Cando saia do inferno,  
¿saberei navegar?  
¿Dirasme ti, irmao santo da miña mocidade,  
como fan os madeiros pra se ter sobre o mar?*

Ao final do poema, o sentimento telúrico e sagrado ao contacto coa terra dos pais, da patria, é o bálsamo que o poeta desexa, a menciña que pode curar a súa vivencia de perda

*¡Vinde chousas sagradas  
carballeiras de meus pais,  
agárdovos nestas praias  
pra min sin terra e sin mar!<sup>21</sup>*

Esta fonda señardade pola radicación, que case todo desterrado leva consigo, aparecerá de novo no noso poeta. Quizá nel cunha señardade especial pois foi sempre un *transterrado*. Ante a ferida dun exilio obrigado, ante a *saudade sen fin dos desterrados*<sup>22</sup> o poeta desenrolará no seu segundo libro galego, *Lonxe*, a dobre terapia de reencontro co idioma da súa primeira infancia, e a vivencia da súa identificación coa terra, ata o punto de recoñecerse como parte física e espiritual da súa patria e por iso nunca totalmente desterrado<sup>23</sup>.

#### *1.6. No Rio de la Plata onde botará trinta e cinco anos*

En decembro de 1941, logo dunha breve estancia en Cuba, volve Varela á Arxentina, a Buenos Aires, onde pasara dez anos da súa infancia e adolescencia. Alí reencontrou a seu pai, José Ramón, con quen mantivo boa relación<sup>24</sup>, a amigos moi queridos, como o matrimonio Rafael Dieste e Carmen Muñoz, con quen traballara nas Misións Pedagóxicas e colaborara en tantas cousas, e, entre outros, a dous que aínda non coñecía pero que estaban agardando por el, e cos que chegaría a unha estima mutua propia de bos irmáns: Arturo Cuadrado, e, sobre todo, Luís Seoane. Con eles emprendeu moitos proxectos en Arxentina<sup>25</sup>, que foi daquela a capital da

---

<sup>21</sup> *Ibidem* p. 221.

<sup>22</sup> Do poema *Cantiga nova que se chama martirio*, en X. Lorenzo Varela, *Poesía galega*, edición de X. Carlos López Bernárdez, Xerais, Vigo 1990, p. 96.

<sup>23</sup> Exprésao con forza e beleza no poema *Destierro* (*Poesía completa* p. 50).

<sup>24</sup> Luís Seoane é quen nos fala desa relación Cf *Homenaxe*, o.c. p.197.

<sup>25</sup> Con eles estará desde a fundación da editorial Nova e con eles funda, dirixe, e escribe asiduamente a revista de cultura *Correo Literario*, que saíu entre 1943 e 1945 (ata a chegada de Perón ao poder).

cultura e do libro galego: o encontro entre exiliados e emigrantes, fixo posible manter a lapa acesa da produción cultural tan represaliada en Galicia.

A estadía de Lorenzo nas ribeiras do Río da Plata, tivo, como para a maioría dos exiliados, dúas etapas animicamente ben diferenciadas: ata 1945, cando co final da Guerra Mundial e coa derrota do fascismo, coidaron que tiña o réxime franquista os días contados e, polo tanto, esperaban ter o seu regreso ás portas<sup>26</sup>; mais o enquistamento da guerra fría fixo que USA tomase a Franco e ao seu réxime como un mal menor ante o gran inimigo comunista e, primeiro tolerado, acabou sendo mesmo un significado aliado. A partir desa data, e progresivamente, o exilio vívese cada vez con máis mourenza<sup>27</sup>. Lopo sitúa nese clima pechado á esperanza que parecía facer inútil tanta dor, tanto esforzo e tanto sangue vertido, golpeado ademais Lorenzo pola morte de súa nai, a quen non puidera volver a ver, e remachado polo réxime autoritario de Perón aló, o abuso do alcol por parte de Lorenzo que axudaría a estragar a súa saúde<sup>28</sup>.

En Buenos Aires recalou Varela ata o seu regreso a España en 1976, coa excepción de catro anos (1947-1952) que viviu en Uruguay, entre Montivedeo e a cidade balneario Punta del Este. Tiña aquí Alberti unha casa, e prestoulla, acollendo os amores conflictivos que tivo coa escritora uruguaia Estela Canto (coñecida sobre todo por ter sido musa Borges), moi anegados no alcol por ambas partes.<sup>29</sup>

En 1949, Sánchez Barbudo, amigo seu desde os primeiros tempos de Madrid e compañeiro do exilio en México, buscáralle un contrato de profesor en Estados Unidos, que a última hora non puido callar por lle negaren o visado en USA debido á militancia comunista de Lorenzo. Esta militancia, aínda que non dogmática e aberta ás dúbidas, mantívoo sempre

---

<sup>26</sup> Luis Seoane conta a provisionalidade con que vivían eses primeiros anos de exilio: «Todos los años, por Navidad, nos reuníamos en casa de Dieste y brindábamos (Alonso Monterro en *Homenaxe*, o.c. p. 79).

<sup>27</sup> O mesmo Seoane nunha carta ao pintor Maside de finais de 1952 dille «Y los que están, Varela, Cuadrado... sufren igualmente el tremendo aplazamiento que nos toca vivir.» (*Homenaxe*, o.c. p. 82).

<sup>28</sup> Cf o.c. «A morte da esperanza» pp. 9-15. Varela xa dicía nunha das súas lirás: «...El vino compañero/ de noches de desvelo,/que anega en el olvido tanto duelo» (*Poesía completa*, o.c. p. 102).

<sup>29</sup> Desa relación quedou por parte de Varela só o testemuño dun soneto: «Y le llamáis amor a este amargura/ esta pobre afición esta mudanza/ yendo de sepultura en sepultura/ sin vivir ni morir, sin esperanza...» (*Poesía completa* p. 323).

Varela, e fíxoo dirixindo o voceiro do Partido Comunista de España en Arxentina, e colaborando cos comunistas arxentinos<sup>30</sup>.

A súa principal ocupación foi periodística<sup>31</sup>, facendo tamén traducións, estudos e publicando temas de arte. El mesmo fala dela nun peculiar currículo que nos deixou:

«colaborou no diario *La Nación* e na revista *Sur*. Co-fundador e co-director da revista *Correo Literario*. Secretario de redacción da revista *De Mar a Mar* (...) Redactor e crítico de Arte no diario *La Razón*, asesor da dirección no xornal diario *El Mundo*; director da revista *El Hogar* etc.

Publica en castelán, Editorial Atlántida, un libro de divulgación sobre *El Renacimiento*; presenta en castelán unha antoloxía da crítica de arte de Baudelaire (selección, tradución e prólogo) na editorial Poseidón (...) Actualmente dirixe a Revista Semanal do Aire *Hora Once* por Radio Excelsior»<sup>32</sup>

Logo da tormentosa relación con Estela Canto, Varela atopou un amor tranquilo en Marika Gerstein, galerista de arte, con quen casou en 1956. Os fillos do anterior matrimonio de Marika, atoparon en Varela un home a quen querer e admirar<sup>33</sup>. Marika, sobreviviu a Lorenzo ata 1992, morrendo en Canarias.

### 1.7. O seu breve regreso a Galicia e España (1976-1978)

O golpe militar de Jorge Videla, inaugurando a sanguenta e represiva dictadura arxentina, provoca un novo exilio peculiar en Lorenzo Varela: despois de trinta e sete anos o retorno ao seu país de orixe, tan transformado, que xa se sente estraño nel<sup>34</sup>. A súa idade, sesenta anos, tampouco axuda

---

<sup>30</sup> Falamos de militancia política de esquerdas, da súa actitude vital comprometida. Para Santiago Alvarez, un dos promotores o eurocomunismo, Varela nunca deixou esta ideoloxía, Cf *Ibidemp.* 73.

<sup>31</sup> A maiores das revistas xa mentadas (nota 24), nas que colaborou con Seoane e Cuadrado, acabou de chegar a Buenos Aires codirixiu e escribiu *De mar a mar*, de periodicidade mensual, inspirada na *Revista de Occidente* de Ortega e na do seu amigo Bergamín, *Cruz y raya*, que durou só sete meses. Algo máis, case dous anos, duraron as revistas, *Correo literario* (1943-1945) e *Cabalgata* (1946-1948)

<sup>32</sup> En *Homenaxe* o.c. p. 201-202. O orixinal en castelán.

<sup>33</sup> Cf os testemuños de Fernando Scornik, o fillo máis vello, en *Homenaxe*, o.c. pp. 158 e sobre todo pp. 189-192.

<sup>34</sup> El recoñeciase dunha nacionalidade peculiar, a galaico-crioula (según unha cita de Salgado, o.c. p. 238).

a que resulte livián o novo transplante. Nin a acollida fría que se lle deu aquí.

En Galicia atopou o cálido reencontro con algún compañeiro do exilio como os Dieste, o apoio decidido de Isaac Díaz Pardo e familia, pero non abondou para que solecese unha nova xeira vital, nin callou o avanzado proxecto do xornal diario para o que, o Instituto Galego da Información en Compostela contaba con Varela como director.

Logo de tentalo en Galicia, asentou en Madrid, nunha cidade totalmente diferente da que acordaba, bulidora, heroica, solidaria, dos seus tempos de mocidade e de guerra. Nela reencóntrase, porén, con Arturo Cuadrado, Celso Emilio Ferreiro, e outros, e dedícase á tradución e a colaborar esporadicamente na prensa. Ao que parece non coidou moito a saúde, nin quixo apurarse a recibir axuda médica nunha crise cardíaca, coma se canso e ferido pola súa intensa vida, e atopada xa a oportunidade de saldar a débeda coa terra e poderlle volver o corpo que dela recibira<sup>35</sup>, non quixese perder a ocasión de ir máis aló, ó alén que intuía como o modo de «*lembrar mellor, máis docemente*»<sup>36</sup> o máis amado da súa infancia e mocidade, como un encontro cálido, persoal e cósmico a un tempo, agarimoso e sen negra sombra:

*Máis arriba do medo  
leva ledicia o vento.  
Quen che dixera, Aquilino,  
que vento e alma son unha  
mesma cousa no camiño  
virxe do alén: o milagre  
de sentir un agarimo  
ó pé do pai, sen ningunha  
negra sombra no destino.*<sup>37</sup>

O seu pasamento foi o 25 de novembro de 1978. Acompañaron a súa despedida unha trintena de amigos, algúns desprazados desde Galicia<sup>38</sup>. Desde o 27 de xaneiro de 1981, os seus restos descansan cos de súa nai no cemiterio de San Martiño de Fufín, en Monterroso.

---

<sup>35</sup> No primeiro poema de *Lonxe*, dilles: «lonxe de vós, ¿onde deixar os ósos,/ onde deixar a morte que vos debo?»

<sup>36</sup> X. Lorenzo Varela, *Poesía galega*, o.c. p. 62.

<sup>37</sup> *Ibidem* p.83. Son versos dun poema dedicado a A. Iglesias Alvariño, con motivo da súa morte (Cf *Homenaxes*, o.c., p. 165).

<sup>38</sup> Díaz Pardo danos a relación deles, Cf Salgado, o.c., p. 275

## 2. A súa breve pero significativa obra en galego

En 1990, X. Carlos López Bernárdez, publicou en Xerais, comentada, a recompilación da poesía galega de Varela: en total vintedous poemas<sup>39</sup>. Despois apareceron tres máis que non engaden nada valioso ao coñecido. Non é logo moita colleita: xuntos, forman un pequeno poemario. Iso, e a súa maioritaria produción en castelán, explica que a decisión de lle dedicar este ano a conmemoración do *Día das Letras Galegas* por parte da Academia non fose aprobada por unanimidade. Houbo discrepancias nos académicos. Pero a maioría tivo razóns de peso. Por unha banda, nel séguese homenaxeando o labor cultural do exilio e da emigración<sup>40</sup> que xa desde os comezos (a Real Academia foi unha iniciativa da colonia cubana galega), pero especialmente nas décadas ermas –culturalmente falando, os corenta e cincuenta– en Cuba, México, Uruguay, e sobre todo na Arxentina, mantiveron libre o lume literario que en Galicia sufría represión e censura. Por outra banda, a obra de Lorenzo Varela, con ser curta, foi e segue sendo, significativa. Contribuíu co testemuño da vontade de enraizamento na tradición por parte dun autor que pasou a gran parte da súa vida (infancia incluída) lonxe do país. Trouxo renovación de temáticas, como a recuperación épica de persoeiros do pasado que arrefriara desde Cabanillas, aínda que este o fixera miticamente, e contribuíu á lectura épica do presente, como nos poemas dedicados aos represaliados Manuel Ponte, guerrilleiro ou Manuela Sánchez, colaboradora da resistencia antifranquista; esta liña había de ser retomada por C.E. Ferreiro con gran impacto popular nos anos sesenta e algo despois por Méndez Ferrín entre outros. Trouxo, no espiritual, nos temas eternos da lírica, un acento tan persoal, tan concreto e universal a un tempo, tan sensual, político e aberto á transcendencia, en dorida e harmoniosa síntese, que a súa voz resulta un valioso timbre novo na nosa cultura. Achegou tamén

---

<sup>39</sup> A súa edición, xa citada, (Cf nota 22), é a máis manexable para acceder á obra poética galega.

<sup>40</sup> Da súa xeración, xa se lles dedicou o día das letras a Seoane e Dieste, dos do exilio exterior, e Fole dos do interior. E a Blanco Amor, entre os emigrantes.



calidade formal: como di Salgado «a calidade non se avalía en cifras»<sup>41</sup>, pois aínda que tiña clara conciencia e vocación política, non caeu no prosaísmo ou na poesía de panfleto e coidou moito a forma, a arte poética<sup>42</sup>. Iglesias Alvariño, un gran mestre do verso, saúda a obra *Lonxe* como unha xoia desde todos os puntos de vista<sup>43</sup>. Pilar Vázquez Cuesta fala da forza épica de *Catro poemas* e do perfecto dominio da forma<sup>44</sup>. Carlos Casares dinos que o contido social de Lorenzo, «vai sempre arroupado nun dominio técnico e nunha depuración formal realmente exquisitos»<sup>45</sup>. Fagamos brevísimas recensións desa contribución súa.

### 2.1. *Catro poemas para catro gravados* (1944).

Trátase dun álbum en colaboración con Luís Seoane. Os poemas van dedicados a persoeiros históricos da tradición galega mais desde eles alude ao hoxe vivo persoal e da patria. No primeiro, dedicado a María Pita, a heroína coruñesa na resistencia ante os ingleses (en 1589), que el chama María das Batallas, o autor reflíctenos nela a «soberana liberdade» que tanto amaba e a sede de liberdade de Galicia «sede mortal, varona, a desta patria:/ queima no peito con ardente brasa». No segundo, dedicado a María Balteira, muller soldadeira que acompañaba as tropas no século XIII e de quen as cantigas medievais fan escarnio, o noso autor deféndeala, admíraa pola liberdade que ve nela, identifícase, dalgún modo, coa súa condición de perdedora e desde a voz dominante dos trobeiros que, por despeito, fan escarnio de María, axúdanos a intuír a mentira da voz dos dominantes que fan escarnio sempre dos perdedores. No terceiro, nun soneto dedicado ao líder irmandiño Roi Xordo (s. XV), o autor reivindica e lembra a historia de loita e rebeldía en Galicia («aramos sobre os mortos nesta terra/ e o noso

---

<sup>41</sup> O.c. p.229

<sup>42</sup> Abundan os testemuños da súa autoesixencia. Así dí Seoane, «entre outros traballos que rachou lémbrome dun gran libro que se titulaba «*Sonetos del ruiseñor*», ou cun título parecido» en Cuadernos Ateneo Ferrolán, l.c. p. 16

<sup>43</sup> Cf Homenaxe, o.c., p.118.

<sup>44</sup> *Ibidem* p. 121.

<sup>45</sup> *Ibidem* p. 127.

pan ten un sabor de ósos/ familiares, irmáns. O monte berra...); tamén aquí hai unha ponte comunional desde o onte ao hoxe: por unha banda o noso pan trae sabor a sacrificios e esforzos xenealóxicos, e por outra reivindicase que os verdadeiros donos e autores da beleza de hoxe, non son os detentadores actuais («*nin marqueses, nin cregos, nin doutores...*») senón os que traballaron e loitaron por ela. O cuarto poema está dedicado ao bispo Aaulfo (s. IX) que acusado de sodomía é sometido a un dos terribles xiúzos de Deus que non escasearon na idade media (con precedentes bíblicos): o bispo debía enfrontarse a un touro furioso, que ao achegárselle mansamente «revelou» a inxustiza das acusacións; a alusión deste tema á actualidade, suxírenola o autor coa mistificación do sagrado («Imos ver se a cruz é demo») que el viviu no ambiente de cruzada, e na constatación que a xustiza que a lenda fai a Aaulfo non é como a inxustiza que predomina neste mundo.

## 2.2. *Lonxe* (1954).

É un breve e substancioso libro de dez poemas. Como dixemos, nel dase unha estraña e fermosa confluencia, non por xustaposición senón nunha única fonte, nun mesmo corazón sentinte e nun mesmo pulo solidario, de temas normalmente separados nas sensibilidades: a comunión coas cousas e os bichos, a señardade afectiva, a loita política, o sentimento de comunión xenealóxica aberto ao comunitario, a denuncia da explotación, a pregunta pola identidade, a apertura relixiosa. Unha gran achega. Como dicía Aquilino, unha xoia en todos os sentidos.

## 2.3. Os outros once poemas (desde 1941-1978)

Son o resto da súa obra galega en poesía. Algúns permaneceron inéditos ata despois da súa morte. En calidade son algo desiguais.

Un, Eramos tres irmáns, xa o comentamos. Hai dous *In memoriam*, un dedicado a Igrexas Alvariño e outro a Castelao. Un, *Emigrantes*, denunciando a nova emigración galega dos sesenta, a Europa. Un denunciando a represión franquista que encarcerara a Méndez Ferrín e a tantos disidentes. Un dedicado ao Día dos Mártires de Galicia. Un en homenaxe a V. Paz Andrade. Tres divertimentos arredor do tema do limoeiro. E un de tema relixioso que comentaremos á parte.

### 3. O aspecto relixioso na obra de Lorenzo Varela

Na mellor tradición bíblica, a relixiosidade non se mide polas prácticas dos ritos ou por crenzas separadas da xustiza e da fraternidade, nin pola apelación ao nome de Deus, que pode ser moi manipulable, e de feito así o denuncian xa os profetas bíblicos<sup>46</sup>. Xesús de Nazaret e a súa tradición evanxélica reclama unha adoración en «espírito e verdade» (Xn 4,23), primando claramente o comportamento ético, a praxe de vida favorecedora da persoa e da irmandade, sobre a opinión ou a verbalización (aínda que non se desprece esta)<sup>47</sup>. O Concilio Vaticano II asume o elemental pero sempre escoante (do horizonte relixioso) principio de que Deus é Amor e consecuentemente «a lei fundamental da perfección humana e, polo tanto, da transformación do mundo [en sintonía coa vontade de Deus] é o mandamento novo do amor»<sup>48</sup>. O Concilio lémbra-nos tamén o principio básico da tradición (tamén a miúdo esquecido) de que ninguén pode vulgar da culpabilidade persoal que só Deus coñece: «só Deus é xuíz e examinador dos corazóns; de aí que se nos prohiba vulgar da culpabilidade interna de ninguén»<sup>49</sup>. Con estas perspectivas toda pertenza relixiosa queda relativizada e non dá por si mesma a medida da acollida de Deus, nin o rexeitamento do mundo relixioso explícito supón, necesariamente, a negación do «reinado de Deus» por usar termos bíblicos. Por iso toda indagación sobre a relixiosidade dun texto toparase sempre cunha limitación última: só permite achegarse á soleira do misterio humano. O texto máis secular, pode vehiculizar e acoller mellor o Reino que outro inzado de referencias relixiosas, pois xa na Biblia, lembrémolo, se nos avisa que estas aparecen a veces manipuladas habilmente polo mal (como no episodio das tentacións de Xesús). En radicalidade ningún *texto* é en si mesmo inequívoco: precisa o contexto dos signos que o fagan relevante e cuestionante para a persoa e precisa

---

<sup>46</sup> Cf Amós 5,14-15 e 21-14; 8,4-7; Isaías 1, 10-17; 58,3-10; Xeremías 7,1-7; 22,3. 16; Oseas 6,1-6.

<sup>47</sup> Lucas 10, 29-37; Mateo 25, 31-46; 15,1-7; 21,28-32; Xoan 13, 34-35 entre outros moitos.

<sup>48</sup> Constitución Pastoral, Gaudium et Spes, (cito G.S. ) nº 38.

<sup>49</sup> *Ibidem* nº 28.

a clarificación que lle dá a acollida. A relixiosidade propiamente só se pode dar nas persoas, e estas teñen, temos, moitos modos de asociarse, de religarse desde a liberdade, á Transcendencia fundante da vida que chamamos Deus; e moitos deses modos son ocultos, no sentido de non evidentes, nin sequera para o propio receptor<sup>50</sup>. Quizás me estendín demasiado no preámbulo a esta última parte do meu traballo. Básicamente, o que quería lembrar, é que non cómpre que un poemario explicita unha linguaxe relixiosa para que sexa vehículo revelador do misterio de Deus e da experiencia humana do diálogo coa divindade. Pídeselle, en cambio, que afonde no humano. E neste sentido a poesía de Lorenzo Varela doadamente resulta un camiño desvelador da música calada presente en todas as cousas. Pero ademais hai nel algunhas referencias explícitas abondo significativas (tanto en sentido crítico como no afirmativo) e chama a atención o uso frecuentísimo e secular, («civil», chámalle Paz Andrade<sup>51</sup>) dunha linguaxe que adoita empregarse maiormente nos escritos explicitamente relixiosos.

### 3.1. *Unha linguaxe secular da fe e un fondo sentido relixioso.*

Permítaseme que, como ilustración, cite un texto seu en castelán. Comentando desde México a orientación da súa xeración e, en concreto, unha novela de Petere, amigo e compañeiro seu, escribiu:

«Hay en ella un albor de fe, un esperanzado candor, una ternura creyente que nos llama a sus filas de devoción. Y ésta es también, igual que la conciencia de la derrota, una condición común a todos los escritores jóvenes de una generación que llega hasta los treinta años, y cuya fe en el hombre, en la comunión de los hombres, es su punto de partida»<sup>52</sup>

---

<sup>50</sup> Segundo as orientacións do Concilio Vaticano II, «posto que a vocación do ser humano é unha soa, é dicir a vocación divina, debemos crer que o Espírito Santo ofrece a todos a posibilidade de que *na forma que só Deus coñece*, se asocien ao misterio pascual de Cristo» ( G.S. 22).

<sup>51</sup> Fala da «fe civil» de Varela, Cf *Homenaxe* p. 115.

<sup>52</sup> Cf citado por Salgado o.c. p. 144

Certo que por esa época o marxismo tiña moito de fe case relixiosa, e que iso explicaría en parte esa sobreabundancia de termos que están na fronteira do relixioso. Pero pode significar algo máis: unha sensibilidade, nada estraña nun poeta, especialmente afinada para sintonizar coa música oculta como el dicía, co misterio da vida que nos chama e convoca encarnado na materia e nas encrucilladas históricas, presente pero non evidente. A linguaxe de Varela nunca foi dogmática nin de consignas (agás quizás algunha pequena peaxe que tivo que pagar na urxencia da contenda, en artigos periodísticos, nalgún dos seus romances de guerra), e máis que home de partido foi home seriamente comprometido nun proxecto de comunión fraterna. Por iso é doado detectar nas súas palabras non os *latiguillos* escolásticos, senón a convicción personalizada, o carisma persoal e a opción asumida.

O texto citado non é unha excepción. Cinguíndonos xa aos seus poemas galegos, non deixa de ser significativo que do total de 25, en oito deles, nun terzo, apareza (e en varios con reiteración) o termo *irmán* case sempre como invocativo máis que como substantivo. Tamén aquí se me pode lembrar que ese apelativo foi moi usado entre os integrantes do galeguismo dos anos vinte e trinta, e que reflectía a vivencia totalizante e renecedora dos que se descubrían fillos da Galicia asumindo o galeguismo militante; pero tamén aquí hai un uso peculiar e fondo, poético e ético, que vai alén do particular ou sectario e que amosa unha actitude fraternal universal<sup>53</sup>; irmandade que, por outra banda, engloba os humanos, os seres e as cousas. Hai, en fin en Varela unha ternura que, sen pretender para nada apropiarme ideoloxicamente ou relixiosamente da súa figura, me leva a sintonizar con el tamén nese nivel último (e primeiro) e englobante en comunión (non en dominio nin en indiferenciadora fusión) que para moitos supón o máis peculiar da vivencia relixiosa.

Desde esa sensibilidade básica de Lorenzo é doado entender que Rafael Dieste falase do contido relixioso do libro *Lonxe*<sup>54</sup>, e a

---

<sup>53</sup> Por exemplo no poema «Emigrantes»: «botados por seus irmáns/ os banqueiros e almirantes» Cf. *Poesía galega*, o.c. p. 85.

<sup>54</sup> Cóntao o seu biógrafo Rei Núñez, o.c. p. 175.

opinión non é dun alleo a Varela senón dun íntimo amigo coñecedor de moitos anos da súa andadura vital. E desde esa luz, adquiren un relevo maior que o da casualidade ou o lugar común, varias referencias, non escasas, sementadas aquí e alá: «máis alá do Alén/ Onde está Aquilino/ arando pra Deus»<sup>55</sup>; «¿quen me levará deste inferno das moedas/ ó ceo da caridá»<sup>56</sup>; « E o mesmo verme era unha folla leda,/ un mensaxeiro do sagrado alén»<sup>57</sup> das que estas son só unha mostra.

Moi explícita é a mensaxe do poema «Eramos tres irmáns» que lle manda a Ramón Piñeiro a quen cría paseado polo franquismo: «Reza por min amigo, e polo noso irmán»<sup>58</sup>, que aparece nun contexto doutras referencias explícitas no mesmo poema.

Non menos relevante desa sensibilidade relixiosa digamos *ecuménica* (para que ninguén pretenda apropiála grupalmente) que aparece en Lorenzo Varela a flor de verso e de prosa, é a súa crítica relixiosa, que mostra gran discernimento e ponderación e sintonía coa crítica relixiosa da Biblia. Critica ao «crego sen Deus» chamándoo ás bagoas do cambio<sup>59</sup> e sábeo diferenciar dos «cregos do Papa Xoán» que con outros demócratas sufrían cárcere e represión pola xustiza<sup>60</sup>. Igual acontece coa manipulación que profeticamente detecta nos que se *metieron en las iglesias para no oír la voz de Cristo*<sup>61</sup>, ou na denuncia da utilización das procesións como distracción ante a historia nun apunte tipicamente marxista<sup>62</sup>... e

---

<sup>55</sup> *Poesía galega*, p. 33.

<sup>57</sup> *Ibidemp* .73.

<sup>58</sup> *Ibidem* p. 80. Sei, por termo dito o propio Piñeiro, que na súa mocidade, e ata o escándalo que para el supuxo a postura tan descaradamente franquista da Igrexa, foi un home non só crente católico senón piadoso, e foi nesa época cando o tratou Varela. O repetido apelativo de *santo* que no poema lle dá non alude só, nin principalmente, ao estilo sereo e pacífico de Piñeiro.

<sup>59</sup> *Ibidem* p. 95. Ou aos cregos compañeiros dos marqueses e xuíces do poema dedicado a Rui Xordo p.55

<sup>60</sup> *Ibidem* p. 88.

<sup>61</sup> Nun artigo de outubro do 1936 citado en parte por Salgado, o.c. 63.

<sup>62</sup> Citado por Salgado o.c. p. 49.

bíblico. Pero linda tamén coa crítica relixiosa a corrección de uso ético que fai a un poema de Celso E. Ferreiro durante un discurso co gallo do 25 de xullo en Bos Aires. Cítao extensamente, móstranolo como camiño, fala del como «hondo poema» e do autor como «gran espíritu gallego», pero respecto do verso «non deixes que te aldraxen, aldraxa» que comprende como «santa indignación», propón superar a dinámica do mal e dinos «En vez de la ley del talión, ojo por ojo, diente por diente, yo elijo la ley de Castrelo de Miño, diciéndole a Galicia: no dejes que te amortajen, llevántate y anda!»<sup>63</sup>

Non estou agora en condicións de indagar pouco máis alá desta crítica interna dos textos e das novas dos seus biógrafos (que non tocan o tema) o alcance desa relixiosidade evidente e independente de Varela, nin as fontes que a puideron alimentar. Certamente el mesmo suxire que a súa nai era relixiosa e piadosa<sup>64</sup> e que dalgún modo lle transmitiu a súa fe<sup>65</sup>. A súa admiración pola poesía de Aquilino, tan relixiosa, non pode ser irrelevante. Nin a amizade e colaboración co gran crente católico e republicano José Bergamín, que lle dedicou un poema chamándoo «inolvidable amigo»<sup>66</sup>. Mesmo do seu entrañable amigo, irmán, Luís Seoane, testemuña o coengo coruñés Manuel Espiña a quen queira oílo, que era un fondo crente afastado da Igrexa pola postura ideoloxicamente de dereitas e antigalega desta, e que participou varias veces na liturxia galega da comunidade Home Novo. E a alusión a Seoane lévanos á nosa última etapa neste escrito.

### 3.2. O poema ao Cristo da liberdade.

Despois da morte de Lorenzo Varela recolleu Díaz Pardo entre os seus papeis un poema dedicado a Cristo, cheo de sensibilidade e teoloxía<sup>67</sup> que, a falla de título por parte do autor, chamámolo, como se adoita, polo primeiro verso.

<sup>63</sup> L. Varela, *Ensayos, conferencias y otros escritos*, o.c. p. 234.

<sup>64</sup> «Vi en el aire de España la eternidad que un día/ me anunciaron tus labios» (Poesía completa o.c. p. 145).

<sup>65</sup> «Tamén aprendín a blasfemar en galego, polo que lle pido perdón á memoria de miña nai e ó señor bispo de turno» dinos no limiar ao libro de V. Paz Andrade *Cen*

<sup>66</sup> Cf *Homenaxe*, o.c., p. 166.

<sup>67</sup> Cf *Poesía galega*, o.c., pp. 100-101.

Nunha carta que lle manda Seoane durante unha viaxe a Europa dille a Varela e Marika: «Por favor, escribidnos alguna carta. Queremos saber noticias vuestras, si estáis en la nueva casa. Si le pusisteis marco al Pobre Cristo y si has hecho el poema que me debes»<sup>68</sup>. Seguramente tardou en facelo, porque Seoane non o coñeceu, e porque o texto danos a entender que foi feito en España, é dicir entre 1976 e 1978, pero felizmente temos o poema e para homenaxe do autor e goce do lector de Encrucillada reproducímolo para gozarnos e alegrarnos neste tempo pascual coa súa teoloxía tan suxestivo e esperanzada.

A fina diferenza e tensión entre o «mátano pra que morra» e o «e el morre para resucitar», danos en dous breves versos a dobre realidade do asasinato de Xesús e da súa entrega voluntaria e libre salientadas ambas polos evanxeos<sup>69</sup> do éxito relativo da vontade de morte e do éxito máis fondo da resurrección. Esta non se nos presenta como o triunfo e sorte individual xa rematado senón como o volver con máis vida e multiplicar a luz, o amor e a loita impar. Este Cristo é, como na mellor cristoloxía, o fillo do carpinteiro como o chaman os evanxeos<sup>70</sup>, e é tamén, indisolublemente, tantos pobres Cristos de hoxe<sup>71</sup>, en fondura «todos nós». A chamada a «multiplicar a vida» está no cerne do evanxeo<sup>72</sup>. Os últimos versos, que moi probablemente foron os seus derradeiros, actualizan a utopía do Reino, a de Varela, a de Xesús, en plena sintonía coa proclama de Xesucristo no inicio da súa andadura pública<sup>73</sup>. Tal sintonía coa historia e co significado de Xesús e co núcleo do seu misterio pascual, do seu sacrificio libre e loitador pola multiplicación da tenrura e da súa resurrección, non se pode dar só por ideoloxía teórica: houbo na traxectoria vital de Varela un pulo semellante, un

---

<sup>68</sup> Publicada por Xosé Gregorio Ferreiro Fente en *Grial*, 116 (1992) p. 550.

<sup>69</sup> Para o asasinato entre moitos Mc 14,1-2. Para a entrega voluntaria Xn 10,17-18. Unha síntese ao estilo da xenial de Varela dáa Xn 11,49-53.

<sup>70</sup> Mt 13, 55.

<sup>71</sup> Mt 25, 31ss.

<sup>72</sup> Lc 6, 32-36; Mt 25, 24-30.

<sup>73</sup> Lc 4, 14-21.



arrincarlle pero tamén un dar a vida voluntariamente, unha esperanza de que o seu sacrificio non era inútil<sup>74</sup>. Estou fixo de que non o foi. Graciñas irmán Varela.

## O CRISTO DA LIBERDADE

Este é o Cristo da liberdade:  
mátano pra que morra,  
e el morre pra resucitar.

Este é o Cristo do pan e do viño  
da luz e dos peixes,  
do amor,  
do traballo,  
da loita e da paz.  
É o fillo do carpinteiro  
que hoxe, eiquí, agora,  
leva dúas camisetas polo inverno,  
a cotío camiña cos vellos zapatos  
de Van Gogh,  
e cando fala semella que falara  
o noso irmán dos Andes,  
o noso irmán, o César  
Vallejo desta España  
onde tantos pobres Cristos cada  
mañán  
acordan pra se ergueren  
e acudir ó escritorio que non  
queren,  
ó traballo que non queren  
e cita que non queren,  
á vida que non queren.

Cando matan un Cristo deses,  
un pobre Cristo coma todos nós,  
aínda que berre coa dor da agonía,  
xa pouca vida ten pra darlle á

morte,  
pois tivo vinte horas cada día,  
de morte,  
de morte de vivir,  
unha vida que é morte cada día.

Mais, aínda así,  
este é o Cristo lanzal da liberdade  
mátano pra que morra,  
e el morre somentes pra voltar con  
máis vida  
e multiplicar con ela  
a luz e os peixes,  
o amor,  
o traballo,  
a loita impar.  
Porque, xa o sabemos, débese  
multiplicar a vida:  
esta vida sumada tristemente  
xa non ten xeito humán,  
xa é un vello trapo suxo  
xa non serve esta vida.

Este Cristo, coma todos nós,  
quer unha vida restalada ó vento,  
coma milbandeiras,  
unha paz que estale ledamente  
un amor sen miserias, máis intenso,  
máis forte,  
máis tenro,  
máis limpo.

**Xosé A. Miguélez Díaz**

Párroco de Santa Mariña de Ferrol,  
licenciado en Teoloxía

---

<sup>74</sup> Así o suxire: « Si soy semilla o fruto, si soy señal dejada/ para que algún viajero no pierda su camino,/¿Por que ha de ser en llanto, en cálidos gusanos,/ en entrañable polvo sin memoria/ cumplido mi destino mensajero? » En *Poesía Completa*, o.c., p. 132 e 145 respectivamente.



# Globalización e relixión

Peter L. Berger

A globalización é un proceso mundial, guiado por forzas económicas e tecnolóxicas, que trae consigo múltiples cambios sociais e políticos; algúns deles benignos e outros todo o contrario, como os recentes acontecementos deixaron meridianamente claro<sup>1</sup>. Pero a globalización tivo tamén enormes consecuencias no campo da cultura, incluíndo nel, como fenómeno cultural central, a relixión. Este será precisamente o tema do presente traballo.

No actual contexto resulta tentador centrarse na forma en que a relixión é usada para lexitimar os máis horrendos crimes, e quizais sentirse tentado a lembrar aqueles pensadores da Ilustración que concibían calquera relixión como algo moi prexudicial. Déixeseme suxerir, porén, que isto conduciría a unha imaxe moi falseada. A relixión constitúe, ante todo, parte das vidas cotiás de millóns de persoas correntes, totalmente distanciadas dos actos violentos. Así que, e aínda que nos resulte difícil nas actuais circunstancias, para adquirir unha imaxe adecuada, debemos manter un certo distanciamento dos excesivos titulares de cada día.

O centro de investigación que dirixo na Universidade de Boston rematou hai pouco o seu proxecto máis cobizoso: un estudo do impacto cultural da globalización en dez países. Na maioría dos países estudados, a relixión é un aspecto importante no cal este

---

<sup>1</sup> O artigo orixinal foi publicado pola revista americana *The hedgehog review* no verán de 2002.

impacto se manifesta. E aínda que non pode ser o propósito deste artigo resumir aquel estudo, a imaxe que del resulta é bastante clara: existe, efectivamente, unha cultura global emerxente cunha dimensión popular e outra de elite. Na súa orixe, e no seu contido, é maiormente occidental, e particularmente, norteamericana; a súa *lingua franca* é o inglés, concretamente o inglés americano. É percibida como unha grande promesa por algúns, e por outros como unha grande ameaza, tanto fóra como dentro de occidente. Mais esta non é a imaxe completa. A emerxente cultura global non é unha forza inexorable que o leva todo por diante nin é tampouco uniforme ou incontestada. É recibida de xeito diferente en cada país, e modificada, sintetizada e adaptada ás tradicións culturais locais de moitos deles, a miúdo por vías sorprendentemente innovadoras. Aínda máis, hai movementos culturais, moitos deles relixiosos, cuxa orixe non é occidental e que están a ter un impacto en occidente. Estes movementos representan globalizacións alternativas, que abren a fascinante posibilidade de modernidades alternativas. Para dicilo sinxelamente, é bastante improbable que co tempo a todo o mundo chegue a parecerse a Cleveland.

Os especialistas das ciencias sociais e os historiadores difiren a miúdo na súa valoración da novidade dos avances modernos. Os primeiros tenden a pensar que este ou aquel cambio son absolutamente novos; podemos confiar en que os segundos encontren cousas claramente similares hai séculos. Evidentemente, unha valoración correcta adoita estar no termo medio. Un colega meu, o historiador chileno Claudio Veliz, propuxo un paralelismo útil para a globalización contemporánea, describindo a situación actual como “a fase helenística da civilización angloamericana”. A era helenística, como a nosa, estivo marcada por un luxoso pluralismo, sobre todo no eido da relixión, aínda que tamén polo dominio dunha cultura procedente da grega e grecoparlante. Desde este punto de vista, o inglés americano é o equivalente á *koiné*, un grego un tanto vulgarizado (un “grego básico”, que é o que era), a lingua na que, non de maneira fortuíta, foi escrito o Novo Testamento. Pero existen diferencias significativas, tanto no ámbito como no ritmo da penetración cultural. Penso que se pode dicir con certeza que a

cultura helenística dominaba sobre todos os centros urbanos do mundo mediterráneo, lugares como Alexandría ou Antioquía. Uns poucos quilómetros alén destes centros –digamos, nas vilas do alto Exipto, ou na Siria rural– a vida cultural indíxena permaneceu practicamente inalterada. E, por suposto, os modernos medios de comunicación aceleraron enormemente a velocidade coa que as influencias culturais poden penetrar nas sociedades. Recorrendo á metáfora anterior, hoxe pódense atopar bocadiños de Cleveland en case calquera parte, e así será sempre.

Todo isto é moi a propósito cando un se fixa na cuestión relixiosa. Por razóns históricas non difíciles de especificar, os Estados Unidos áchanse na vangarda do pluralismo “helenístico” contemporáneo. Diana Eck cualificou os Estados Unidos de América como a sociedade con máis diversidade relixiosa –quizá unha leve esaxeración, pero plausible, en calquera caso–. Convido a calquera que o dubide a montar nun coche e conducir cara ao norte pola Rúa 16 de Washington DC, desde a Casa Branca ao hospital Walter Reed. Hai un edificio relixioso case en cada bloque. Hai igrexas de cada una das principais confesións protestantes, unha ampla igrexa católica, sinagogas de varias pólas do xudaísmo americano, unha igrexa grega ortodoxa, e outra serbia ortodoxa, un centro budista, un centro bahai, e un gran templo dunha secta vietnamita que non puiden identificar. De memoria non lembro ningunha mesquita, mais a escasa distancia existe un espléndido centro islámico. De ser América a “sociedade vangardista” do pluralismo relixioso –o termo de Talcott Parson é bastante axeitado aquí–, tampouco sería o único lugar onde este fenómeno se pode observar. Un estudo recente suxire que en Inglaterra, cada semana, asiste máis xente ás mesquitas que aos servizos das igrexas anglicanas. Nalgunhas escolas inglesas, os nenos *sikh* superan os cristiáns. Os musulmáns son na actualidade a maior minoría relixiosa en Francia, superando en número aos protestantes e aos xudeus. Cando hai pouco visitei por primeira vez Buenos Aires, desexando coñecer a famosa cidade dos escritos de Jorge Luis Borges, a primeira cousa que vin ao saír do aeroporto foi un enorme templo mormón, rematado por unha estatua dourada do anxo Moroni (que ben podería encontrar o seu lugar nalgunha das historias de Borges).

Para acadar unha imaxe coherente da situación global da relixión hoxe, unha das ideas convencionais que temos que rexeitar é a de que o noso sexa un tempo de secularización. Dito doutro xeito, temos que desterrar a idea de que modernidade e declive da relixión sexan fenómenos inexorablemente relacionados. Compartía esta idea no comezo da miña carreira como sociólogo da relixión, pero, o mesmo que a maioría dos especialistas deste campo, tiven que rexeitala ante a esmagadora evidencia dos datos empíricos. Curiosamente, a idea é sostida aínda por moitos teólogos que se afanan en adaptar o cristianismo á presunta concepción do mundo do “home moderno”. O noso tempo non é un tempo de secularización. Ao contrario, este é un momento de exuberante relixiosidade, a miúdo en forma de exacerbados movementos de alcance global.

Isto non significa que a secularización non exista: é un fenómeno importante, pero *limitado*. Eu diría que a actual socioloxía da relixión ten a importante tarefa de esbozar eses límites. Atreveríame a suxerir a seguinte descrición (aínda que estou disposto a modificala a medida que teñamos máis datos): a maior parte do mundo actual é tan relixioso como o foi sempre, e nalgúns lugares máis relixioso que nunca, aínda que existen dúas excepcións. Unha é sociolóxica, e a outra xeográfica. A excepción sociolóxica é a elite cultural transnacional; persoas con formación universitaria de estilo occidental, sobre todo en humanidades e ciencias sociais. Permítanme aludir a isto como a “cultura dos profesores de universidade”. A excepción xeográfica é a Europa central e occidental, o que teño denominado “eurosecularidade”. Tanto os datos de comportamento como os subxectivos (isto é, datos sobre práctica relixiosa e crenzas manifestadas), indican que tales rexións europeas constitúen unha excepción. Tamén parece que a secularización forma parte da bagaxe cultural europea común, que se espallou de norte a sur (de maneira evidente en España e Italia nos anos da posguerra), e de oeste a leste (logo do fracaso do comunismo). Irlanda, que no seu momento foi o país máis católico, resulta un caso fascinante neste sentido, pois a súa *europización* levou consigo un notable declive do dominio cultural da Igrexa católica.

O centro de irradiación desta secularidade europea pódese localizar na Alemaña do leste e na república checa. Paul Zulehner, un sociólogo da relixión austríaco, describiu estes dous territorios como as primeiras sociedades nas que houbo un asentamento cultural do ateísmo. Existen outros poucos escenarios interesantes, como Australia e Quebec, que quizá se poderían describir como casos de *europaización a distancia*. En calquera caso, a comparación entre Europa e Norteamérica é moi importante no tocante a esta relación: se modernidade e secularización van da man ¿como se explica o caso dos Estados Unidos? A norteamericana é unha sociedade ferventemente relixiosa e dificilmente a poderíamos considerar menos moderna que, por exemplo, a holandesa. Escoitamos falar a miúdo da “excepcionalidade” americana, o cal pode ser útil nalgúns campos, pero evidentemente non no que nos ocupa: é Europa e non os Estados Unidos a que é *excepcional* no que á relixión toca.

Se a ecuación “modernidade equivale a secularización” non se sostén, hai outra proposición moito máis sostible: “a modernidade favorece o pluralismo”. Non hai nisto nada misterioso: é o resultado da imposibilidade de comunidades culturais illadas como consecuencia da libre circulación de persoas e ideas a través das fronteiras culturais.

O pluralismo ten unha consecuencia moi importante: socava o status tradicional de crenzas e valores; un proceso que afecta á relixión tanto como a calquera outro compoñente da cultura. Isto non significa –como mantén a teoría da secularización– que a xente *abandone* as crenzas e os valores, senón máis ben que estes son agora *elixidos* máis que recibidos pasivamente. É dicir, que o pluralismo non cambia necesariamente *o que* a xente cre, senón *como* cre. Os Estados Unidos, coa súa longa experiencia de pluralismo, están tamén na vangarda deste cambio, tan ben descrito na expresión, inequivocamente norteamericana, “*religious preference*”. Compárese co termo tradicional *confesión*: “A miña opción relixiosa [*religious preference*] é o catolicismo”, ao lado de “son de *confesión católica*”. Hai unha enorme diferenza entre eses

dous termos, e o cerne de tal diferenza está precisamente na escolla. Se alguén quixese poñer a esta proposta miña a arrogante etiqueta de “teoría do pluralismo”, diríalle que se pode resumir a diferenza coa teoría da secularización con bastante precisión: o que caracteriza o noso tempo non é que haxa moi pouca relixión, senón máis ben que hai demasiada. É un enorme reto para a teoloxía e, aínda máis importante, para as crenzas relixiosas da xente.

Os dous casos máis notables de relixión globalizada son, posiblemente, o protestantismo evanxélico –concretamente o pentecostalismo– e o islam renovado. As dúas son obviamente diferentes en canto ao seu contido relixioso e moral, pero tamén se diferencian significativamente nas súas relacións coa cultura global emerxente (*helenística*). Eu diría que o protestantismo evanxélico é unha manifestación da nova cultura global no nivel popular, cousa que en absoluto pode ser o novo islam, por ser, cando menos, unha modificación deliberada desa cultura –no sentido dunha vía alternativa á modernidade global– e, todo o máis, unha decidida oposición ao *helenismo*.

### **Pentecostalismo**

O protestantismo evanxélico, nas súas distintas variantes, foise propagando por todo o mundo ao longo do último medio século, pero o oitenta por cento, ou máis, desta expansión correspóndelle ao pentecostalismo, que é, con moito, a forma máis dinámica do protestantismo globalizador. David Martin, o sociólogo británico que estudou este fenómeno ao longo de moitos anos, estima que hoxe hai polo menos 250 millóns de pentecostalistas no mundo –e posiblemente moitos máis–, xa que sabemos dun crecente movemento pentecostalista na China, bastante soterrado e polo tanto difícil de contabilizar. Fóra dos Estados Unidos –lugar de orixe do pentecostalismo, hai cen anos– a maioría dos pentecostalistas son neoconvertidos. O crecemento máis explosivo produciuse en América do Sur, onde Martin estima que hai uns 50 millóns de pentecostalistas. O movemento ten dimensións diferentes en cada país latinoamericano, sendo Guatemala –por razóns nada claras para min– o caso máis prominente, con arredor do 25% da súa poboación xa protestante, e unha porcentaxe aínda maior na zona

da capital. Porén, estas cifras mostran unha imaxe inexacta do impacto do pentecostalismo nun continente que moitos aínda consideran católico, xa que a maioría dos pentecostelistas son moi activos nas súas igrexas, ao revés que a maior parte dos católicos. Así, a investigación en Chile demostrou que, se ben os pentecostelistas son aínda minoría, entre o 10% e o 15%, o número dos seus practicantes activos é máis ou menos o mesmo que o dos *practicantes activos* católicos. Non é de estrañar que un bispo católico exclamase hai algúns anos: “¿Que trouxo a democracia a Chile? ¡Pornografía, prostitución e protestantismo!” (Sospeito que, na súa opinión, o terceiro era o peor dos tres).

É moi importante entender que a transformación relixiosa trouxo consigo unha revolución cultural. Os novos protestantes comparten, nun grao sorprendente, os valores que Max Weber denominaba “a ética protestante”, e que xogaron un importante papel, afirmaba el, no desenvolvemento do “espírito do capitalismo” en Europa e en Norteamérica. Isto ten consecuencias de longo alcance social, económico, e mesmo político en moitos países latinoamericanos, en particular no xurdimento dunha clase media protestante emprendedora e cada vez máis influente en varios deles (Brasil é probablemente o caso máis destacado). Podería resumir isto suxerindo que Max Weber está vivo, e ben de saúde, e que vive en São Paulo.

Porén, se América do Sur é a rexión máis importante desta eclosión relixiosa, non é a única. O pentecostalismo propagouse rapidamente pola África subsahariana, algunhas veces por si mesmo, e outras en simbiose con tradicións relixiosas indíxenas, como as chamadas Igrexas Independentes Africanas. Houbo un crecemento significativo en todas as comunidades chinesas de ultramar, ademais de na propia China, e nas sociedades do Pacífico Sur. O pentecostalismo gañou terreo na Europa do Leste, incluída Rusia, onde a Igrexa ortodoxa, co apoio do estado, está a tentar reprimilo. O pentecostalismo está tamén a propagarse nos lugares máis inesperados, habitualmente entre a poboación marxidada, como os *dalits* –antes coñecidos como intocables–, na India, entre os nepalís



e, o máis sorprendente, entre os xitanos europeos. En resumo, o pentecostalismo é un movemento autenticamente globalizante.

Eu afirmaría que o pentecostalismo como tal ten unha relación positiva coa cultura global emerxente. É, se se quere, un *helenismo vulgar*, en contraposición cos movementos *helenísticos* de elite como o feminismo ou o ecoloxismo, e mostrou unha extraordinaria capacidade de adaptación ás condicións locais. Así, en América do Sur, utiliza habitualmente o castelán e o portugués –aínda que algúns dos textos usados son traducións do inglés–, e case todos os seus ministros son nativos dos respectivos países (de feito, os pentecostalistas latinoamericanos envían de maneira habitual misioneiros aos hispanos dos Estados Unidos). Hai moita interacción entre os pentecostalistas americanos e os seus correligionarios de calquera outro lugar, o que poderíamos chamar: internacional pentecostalista emerxente.

Tamén podemos citar o curioso fenómeno da *pentecostalización* das principais igrexas protestantes tradicionais; por exemplo en Corea, onde entre os presbiterianos, antes moderados, agora estala a glosolalia.

Claro que, historicamente, todo isto se orixinou nos Estados Unidos, e polo tanto representa a extensión global dun tipo de relixión nitidamente occidental. Porén, penso que hai aínda unha razón máis importante para ver unha relación positiva entre o pentecostalismo e a cultura global emerxente, a saber, as súas consecuencias psicolóxicas e morais. A máis importante de todas é unha relixiosidade *individualizada*, que se opón ás xerarquías tradicionais. Polo tanto, podemos considerar o pentecostalismo como unha dinamita cultural, moi temida, loxicamente, polos partidarios da cultura tradicional. Pódese dicir que, polo menos en sudamérica, constitúe unha “escola para o capitalismo” (e polo tanto é un vehículo para a mobilidade social nunha economía modernizadora), e quizá mesmo unha “escola para a democracia” (moita xente que nunca tivo voz propia, crea e mantén institucións propias). Thabo Mbeki, o presidente de Sudáfrica, falou dun “renacemento africano”. Sería un curioso xiro da historia se este

renacemento estivese modelado, en esencia, por unha relixión que comezou en Los Angeles.

### **O islam renovado**

O novo islam ten un dinamismo similar, aínda que é algo menos global no seu alcance. Localízase de xeito principal en poboacións tradicionalmente musulmás, como os países islámicos, desde o Norte de África ao Sueste Asiático, e as diásporas musulmás de Europa e, en menor medida, de Norteamérica. Sen dúbida hai algunhas conversións, sobre todo entre os afroamericanos, e en certa medida entre os pobos da África subsahariana, unha rexión na que o islam choca directamente co novo protestantismo. Porén, o fenómeno dáse principalmente entre antigos musulmás cuxa fe se fortalece e activa a través dos novos movementos relixiosos. A diferenza do pentecostalismo, que aparece sobre todo entre xente pobre e marxinada, o novo islam é un fenómeno popular e de elite. Claro que unha razón obvia disto é o feito de que o Islam teña detrás unha civilización de inmensa riqueza cultural e sofisticación intelectual, cousa da que o pentecostalismo carece por completo. Por esta razón, son a miúdo os fillos das elites occidentalizadas, secularizadas, quen adoptan unha apaixonada identidade islámica, como ocorre no mundo árabe, en Turquía, e nas exrepúblicas soviéticas da Asia central. Aquí a transformación relixiosa tamén ten evidentes consecuencias culturais, como no caso das fillas de intelectuais formados en Oxford ou Harvard que utilizan o veu como símbolo islámico de modestia, e os seus fillos que deixan medrar a barba como símbolo de masculinidade (para gran desgusto dos seus pais). Hai que dicir que ningunha sociedade musulmá entre o Océano Atlántico e o Mar da China permaneceu de costas a este cambio.

Non é preciso dicir hoxe por hoxe que existen elementos dentro no novo islam fanáticamente opostos a todo o relacionado con occidente e coa cultura global occidentalizada. Este *anti-helenismo* radical non foi inventado pola última colleita de terroristas homicidas. Hai algunhas décadas o Ayatollah Khomeini xa condenaba aos Estados Unidos como “o Gran Satán”, e houbo movementos islamistas fortemente antioccidentais polo menos desde o século XIX

(poderíamos lembrar, por exemplo, a insurrección mahdista no Sudán). Tamén é escusado dicir que esta forma de islamismo é enormemente importante politicamente, o cal proporciona unha verificación polo menos parcial da tese de Samuel Huntington acerca dun “choque de civilizacións”.

O máis importante, sobre todo nestes momentos, é deixar claro que este tipo de extremismo non representa a totalidade do novo islam. Hai diferentes voces, diferentes movementos no mundo islámico, mesmo se, de momento, son asolagados pola turbulencia do extremismo. Neste sentido, Robert Hefner mostrou, no seu último traballo, como apareceu en Indonesia unha versión diferente do islam, moderada, pacifista e aberta ao pluralismo e á democracia. Estaba representada polo admirable Aburrahman Wahid e o seu movemento, e unha das trágicas consecuencias da súa fracasada presidencia foi o debilitamento deste movemento, que de non ser polo fracaso de Wahid en liderar en Indonesia –o país musulmán con máis poboación– nun período de prosperidade e democracia, sen dúbida gañaría influencia en todo o ámbito musulmán.

Porén, mesmo nas súas formas máis moderadas, o novo Islam representa unha alternativa real á cultura global emerxente. Suscita, inevitablemente, concepcións alternativas da vida social e política, das relacións entre a relixión e o estado e, moi significativamente, dos roles propios de mulleres e homes. Supón, por tanto, o que o sociólogo israelí Samuel Eisenstadt e o sinólogo de Harvard, Tu Wei-ming, chamaron unha “modernidade alternativa”: ou sexa unha modernidade que diferirá bastante da modernidade representada pola cultura global de inspiración occidental. Pase o que pase, o seguro é que non será secularizado. Os cambios políticos do futuro próximo, e do non tan próximo, determinarán se esta concepción será realizable.

### **Outras relixións occidentais globalizadoras**

Se ben é o pentecostalismo o exemplo máis evidente de movemento relixioso occidental de alcance global, non é o único. No sentido máis amplo do termo, está claro que “global” describiu sempre o ámbito da Igrexa Católica Romana, e o mesmo fai hoxe, no contexto

da globalización contemporánea. O perfil demográfico da Igrexa desprazouse cada vez máis a rexións de fóra de Europa e de Norteamérica; un feito posto de manifesto moi claramente na procedencia xeográfica dos membros do Colexio de Cardealicio e da Curia. É importante ter isto en conta se queremos entender a política do Vaticano: as actitudes e as posicións que molestan a moitos católicos formados nos países occidentais son precisamente as máis populares entre as masas dos países menos desenvolvidos. As actividades globais da Igrexa danse no nivel popular e tamén nas elites. Así, un movemento elitista como o Opus Dei mantén en varios países sudamericanos e nas Filipinas un aparente programa que conseguiu unha influencia considerable. No nivel popular, movementos como os Lexionarios de Cristo e Comuñón e Liberación suscitan tamén moito interese e apoio.

O deslocamento demográfico para fóra de occidente tamén afecta a outras comunidades cristiás, como a comunidade anglicana; ás súas Conferencias de Lambert asisten cada vez máis bispos de color, e as súas posturas difiren claramente das dos anglicanos progresistas de Inglaterra ou dos Estados Unidos. Os mormóns tamén tiveron moito éxito na consecución de novos adeptos en rexións moi distantes de Salt Lake City, sobre todo no Pacífico Sur. O xudaísmo, aínda que continúa basicamente coa súa tradición de non procurar conversos entre os non xudeus, ten, moi visiblemente, a súa particular dimensión global na influencia que sobre Israel e os países excomunistas europeos alcanzaron os movementos ortodoxos radicados nos Estados Unidos.

### **Desde oriente a occidente**

Como subliñei antes, a globalización non só actúa “de occidente cara a fóra”. Tamén existen importantes accións na outra dirección, como describiu Colin Campbel usando o acaído termo “orientalización”. O Islam é sen dúbida o caso máis importante, pero hai outros. O budismo fixo significativas incursións nos países occidentais, sobre todo nos Estados Unidos. Dado que o censo oficial ten prohibida legalmente a incorporación de preguntas sobre relixión –un feito que pode satisfacer aos contitucionalistas, pero que resulta frustrante para os estudosos americanos da relixión– as

estimacións sobre grupos relixiosos, son escasamente fiables. As realizadas para do budismo estiman en torno a cinco millóns de fieis. A maioría son inmigrantes de zonas budistas, xunto cos seus descendentes, pero calcúlase que hai uns 800.000 conversos. Isto inclúe persoas cunha concepción do budismo bastante idiosincrásica se a comparamos coas escolas tradicionais de Asia, pero tamén fieis seguidores de distintas escolas (a maioría delas de tradición Mahayana). En todos estes grupos podemos encontrar interesantes intentos de “americanizar” o budismo, non só nas formas externas de organización –que ás veces lembran as confesións protestantes– senón tamén no contido relixioso e moral (por exemplo, en relación coa reencarnación, rexeitada por algúns, e no intento de atopar unha lóxica budista para o compromiso social e político).

O traballo do meu colega Stephen Prothero foi pioneiro en describir as adaptacións e as modificacións culturais do budismo e do hinduísmo nos Estados Unidos. Esta última tradición está menos presente no país –as estimacións sitúanse en torno aos dous millóns de fieis–, pero é moi visible na Gran Bretaña, onde hai tamén un significativo número de *sikhs*. Seguramente é demasiado pronto para discernir a posible aparición, como no caso do islam, de versións especificamente occidentais destas relixións, versións que non só serían casos de “modernidade alternativa”, senón definicións alternativas das identidades nacionais, tradicionalmente cristiás.

En 1955 Will Herberg publicou o seu influente libro *Protestante, católico, xudeu*, no que afirmaba que o abano das relixións aceptadas socialmente se estendeu decididamente desde o núcleo protestante orixinal para incluír a católicos e xudeus. Desde entón, o abano ampliouse. Cando Herberg escribiu o libro, o punto de vista convencional era o de que a democracia americana se baseaba en “valores xudeo-cristiás”. Máis recentemente, a chamada perspectiva “abrahámica” inclúe o Islam entre as relixións adoradoras dun Deus único, e por tanto lexitimadoras da democracia estadounidense. Non podemos saber se esta proposta sobrevivirá á crise actual, pero aínda neste caso, non dá resposta á pregunta de cómo incluír aos

fieis doutras tradicións non monoteístas do sur e do leste de Asia. ¿Como se pode conciliar a concepción budista de que o eu é unha ilusión, coa idea dos dereitos do individuo? ¿Ou a aceptación hindú das castas co igualitarismo americano? Engadamos a isto as enormes diferencias na comprensión dos papeis dos dous sexos e da liberdade sexual. *Mutatis mutandis*, en Europa surxen discusións parecidas acerca da redefinición da identidade nacional e da lexitimidade política, sobre todo en relación co islam.

Mais, como sinala Campbell, as influencias “orientais” en occidente non se limitan á adhesión formal a relixións non-occidentais. Temos tamén o fenómeno moi significativo da relixiosidade chamada *New Age*, que desde hai tempo se fixo presente nos países occidentais, pero cunha clara progresión desde os anos 60. É un fenómeno cultural difuso, con apenas elementos organizativos, pero que, así e todo, orixina importantes cambios nas vidas de moitas persoas, sobre todo nos Estados Unidos. Hai seguramente millóns de americanos que meditan regularmente, que intentan establecer unha relación de tipo non-occidental cos seus propios corpos e coa natureza, que cren na reencarnación, e cunhas concepcións políticas baseadas no ideal gandhiano da non-violencia, por suposto, con innumerables adaptacións culturais. Por exemplo, a utilización das técnicas asiáticas de meditación –creadas orixinalmente para contactar con realidades metafísicas (como o Brahman ou o Buda cósmico)– para procurar unha mellor saúde mental, ou mesmo produtividade económica (é dicir, *ioga para corredores de bolsa*). Outro exemplo: mentres que no imaxinario relixioso hindú a reencarnación era percibida como un horror sen fin do que hai escapar (sen esta percepción as orixes do budismo e do hinduísmo upanisádico son incomprensibles), agora a reencarnación reaparece nos Estados Unidos como unha segunda oportunidade. Non temos aínda unha idea clara da medida en que avanzaron en occidente as ideas e as prácticas da *New Age*, pero, alí onde o fixeron, houbo cambios “orientalizantes” significativos.

### **Retos para occidente**

Paréceme que os cambios que acabo de describir representan dous retos para as sociedades occidentais, cívico un, e relixioso o outro.

Nun principio, ambos teñen un considerable potencial positivo. Xa tratei do reto cívico, que é un reto á definición da identidade nacional. ¿Que significa ser un alemán de pel escura que se axeonlla cinco veces ao día para orar en dirección á Meca? ¿Que é un *sikh* irlandés? Déixeseme trasladar isto aos Estados Unidos botando man dun exemplo utilizado hai pouco por Stephen Prothero: imaxinen que son profesores de educación cívica nun instituto de Honolulu. A maioría dos seus estudantes son orixe asiática, e moitos deles non son cristiáns. ¿Seguirían vostedes afirmando que a sociedade estadounidense se basea nos valores xudeo-cristiáns? De ser así, ¿como llo explicarían a estes rapaces? E se non ¿que dirían? ¿Incluirían os valores das demais relixións como algo consubstancial aos alicerces morais da sociedade dos Estados Unidos, e como o farían? ¿Ou terían máis ben que repregarse a unha concepción puramente secular da lixitimación moral da sociedade norteamericana? O exemplo dunha clase de educación cívica é útil porque subliña o feito de que estas non son só cuestións académicas, senón asuntos relevantes para as vidas cotiás de todas as persoas. Creo que as características futuras das democracias occidentais van estar marcadas, polo menos en parte, polas respostas que se dean a estas preguntas, tanto en Europa como nos Estados Unidos.

O reto relixioso éo para a autocomprensión das comunidades cristiá e xudía. É, no fondo, o gran reto do pluralismo que, como suxería antes, é máis importante que o da secularización. A resposta xudía complícase, por constituír o xudaísmo tanto unha identidade relixiosa como étnica, e neste sentido, a confrontación xudea xudeu co pluralismo parécese á da ortodoxia cristiá oriental (un tema do que non podo falar aquí). Para as igrexas cristiás occidentais, tanto a protestante como a católica, será necesario un cambio de paradigma na súa maneira de comprender a súa situación actual. Ao longo de case douscentos anos esta situación interpretouse como a existencia nunha era secularizada coa cal as igrexas tiveron que chegar a un acordo teolóxico e practicamente. Un paradigma empírico máis plausible sería o que colocase o pluralismo como algo nuclear na situación actual das igrexas. Un número crecente de

pensadores protestantes e católicos xa comprenderon isto, o cal está a promover o crecente diálogo con relixións non cristiás. Por descontado, este cambio fixo surxir distintas posturas teolóxicas, e este amplo diálogo trouxo intuicións moi interesantes.

O reto do pluralismo relixioso non é só un tema para o debate entre os teólogos; é aínda máis un asunto que compete aos laicos e non menos aos seus fillos, que son os que conviven, nos colexios e noutros lugares, con nenos doutras tradicións relixiosas. O reto relixioso, o mesmo que o cívico, debería contemplarse tamén en termos positivos. Proporciona unha ocasión moi oportuna para reexaminar os fundamentos da fe e da identidade dos crentes e das súas comunidades, e para decidir que cousas son substanciais para a fe e cales non o son. Dito doutro xeito, isto ten que ver co “renunciabile” e co irrenunciabile no diálogo con outros credos, aínda o caso que haxa que dicir “non” aos interlocutores doutras tradicións. Na historia do cristianismo, por exemplo, houbo algunhas confrontacións definidoras: nas súas orixes, co xudaísmo oficial; logo coa cultura e o pensamento do mundo grecorromano; na Idade Media, coa entón superior civilización do islam; e máis recentemente, coa modernidade. Hoxe a confrontación coas grandes relixións da Asia meridional e oriental vai ser igualmente unha ocasión importante para unha comprensión renovada das credos cristián e xudeu.

**Peter L. Berger**

Profesor de Socioloxía da Universidade de Boston e  
director do Instituto para o Estudo da Cultura Económica

*Traduciu:* Xoán Bernárdez Vilar





# Martiño Lutero (1483-1545): un bosquejo biográfico<sup>1</sup>

Pilar Pena Búa

## 1. O amparo do Concilio Vaticano II

O Segundo Concilio Vaticano no decreto sobre ecumenismo insta a coñecer mellor as demais igrexas cristiás<sup>2</sup>, entendendo que a diversidade, lonxe de ser un obstáculo, pode ser máis fecunda que a unidade na mediocridade. Se a Igrexa única *subsiste* na Igrexa Católica, como afirma a doutrina, non pode, porén, identificarse con ela de forma excluín-te, xa que o concilio reconece elementos da única igrexa nas demais igrexas e comunidades cristiás<sup>3</sup>. Estes dous principios básicos que sosteñen o diálogo ecuménico, a saber, a necesidade de coñecer e, por tanto, de comprender os irmáns *distintos*, e o recoñecemento de que a pesar das parcialidades que se producen entre eles, hai algo que, como cristiáns, fan mellor ca nós, abriron o camiño para superar incomprensións históricas e situar baixo a perspectiva correcta certas personalidades deformadas, ben polo odio ben polo apaixonamento dos partidos.

---

<sup>1</sup> *Encrucillada* publicou anteriormente outro artigo sobre Lutero: *Martín Lutero: a paradoxa do cristianismo na historia* [8 (1984): 207-223], de Andrés Torres Queiruga.

<sup>2</sup> "Hay que conocer la disposición de ánimo de los hermanos separados. Para lo cual se requiere necesariamente un estudio, que ha de realizarse según la verdad y con espíritu benévolo. Los católicos, debidamente preparados, deben adquirir un mejor conocimiento de la doctrina y de la historia, de la vida espiritual y cultural, de la psicología religiosa y de la cultura propia de los hermanos separados". *Unitatis redintegratio*, nº 9.

<sup>3</sup> Cf. *Ibid.*

## 2. A recepción de Lutero

O caso de Lutero é moi significativo, a súa figura segue a ser hoxe motivo de controversia. Así, cando falamos de Lutero, a cal deles nos referimos? Temos a impresión de que prevalece máis a influencia do Lutero da mitografía, da veneración ou da inxuria, que o home dos seus días, das súas circunstancias e dos seus problemas.

Por outra banda, é no mesmo Lutero onde descansa a dificultade para a súa comprensión. A pesar dos diversos testemuños con que contamos para achegarnos ao reformador, e a pesar dos seus numerosos escritos, Lutero non deixou nunha obra sistemática unha exposición de toda a súa teoloxía. O ámbito espiritual do reformador ten constantes que requiren unha capacidade especial para se mover permanentemente en planos moi movedizos e ingrátidos, sostidos pola súa falta de sistematización doutrinal<sup>4</sup>, que antes e despois da súa morte motivarían divisións no seo da igrexa evanxélica; ademais o seu pensamento vive e respira desde o paradoxo<sup>5</sup>, o que mostra claramente a súa teoloxía (dialéctica lei e evanxeo, irreconciliación de fe e razón, *Deus absconditus*, etc.). Todo isto condúcenos a unha figura que tende a desbordar os límites, aínda que non se trate dunha lixeira e retórica dispersión.

### 2.1. Lutero confesional

A personalidade desbordante do reformador levou, mesmo antes da súa morte, a interpretacións apegadas a simpatías ou antipatías. Naqueles *tempos rexios*, que diría Tellechea Idígoras, cheos de furor intolerante, forxáronse os clixés fundamentais, perdurables e contrapostos. De aí que as primeiras imaxes da súa recepción e transmisión fosen confesionais.

---

<sup>4</sup> O sistematizador da dogmática protestante foi Filipe Melanchthon (*Loci communes*, 1521) Lutero, de feito, estivo á marxe desta tarefa; considerou a obra como idónea aínda que nunca tivo preferencia ningunha por esa ampla sistematización. Cf. Weber, H.E., *Reformation, Orthodoxy und Rationalismus*, I/1 (Gütersloh 1937).

<sup>5</sup> O paradoxo non é desconcertante na estrutura teolóxica de Lutero, non é algo accidental nin obedece as seus impulsos anímico-espirituais, senon que está relacionada co núcleo fundamental da súa teoloxía: a *theologia viae*, é dicir, unha teoloxía na que a contradición aparece como síntoma da verdade: o bandido no madeiro da vinganza, o abandonado de Deus, é o Fillo de Deus.

O evanxelismo, xa desde as súas orixes, presentou a Lutero como transmisor da pureza da fe contra o corrupto papado e a perversión da babilonia romana; a iconografía idealizadora e a ortodoxia luterana contribuíron en boa medida á universalización do mito do doutor da igrexa e a afianzar no pobo a figura de Lutero cal novo santo. O catolicismo respondeu coas mesmas armas. Lutero convertíase no adaiñ de todas as corrupcións. O frade obsesionado por dar canle a instintos que só se poderían satisfacer coa ruptura con Roma, co mosteiro, con casar (ademais cunha monxa) e obrigando a outros a facelo. Toda esta soberbia e ansia de liderado rematan coa creación dunha igrexa fabricada á medida da súa ambición<sup>6</sup>.

Ata finais do século XIX e principios do XX a historiografía católica dependeu das ideas vertidas polo polemista Cocleo, que escribiu unha biografía do reformador tres anos despois da súa morte, que enmarcaba no orgullo, na carnalidade e na mala fe ao protagonista. Este feito púxoo de manifesto Adolf Herte, que analizou as constantes da recepción católica de Lutero<sup>7</sup>. Pero ademais da acollida desta obra, rebordante de rabia, no mundo católico non podemos esquecer outros xéneros de propaganda máis accesibles, e tan parciais e inxustos como aquela, así a famosa sátira ilustrada “Lutero setecabezas” ou outras similares.

Hoxe en día esta imaxe secular na recepción está superada entre os estudosos grazas aos traballos de Merkle, Lortz, Iserloh, Jedin; grazas tamén, como apuntabamos arriba, ao ecumenismo serio dos que ven comunidades con Lutero, posibilidades católicas, paternidades na fe, etc. En contraste, nos ambientes populares non é difícil constatar a perpetuación do Lutero confesional. Non é doado sacudir o peso que, por exemplo en España, exerceu nas

---

<sup>6</sup> Cf. Melquíades, A., ‘La imagen de Lutero en España hasta 1559’, Belloch Zimmermann, J.-Rodríguez Sánchez, A. (eds.), *Lutero y Reforma* (Cáceres 1985): 57-69; Iserloh, E., ‘Lutero visto hoy por los católicos’, *Concilium* 14 (1966): 477-488.

<sup>7</sup> Herte, A., *Das katholische Lutherbild im Bann der Lutherkommentare des Cochlaeus*, I-III (Münster 1943); Cochlaeus, J., *Commentarii de actis et scriptis Martini Lutheri*, 1549.

mentalidades o aparato inquisitorial, presente durante tanto tempo en todos os ambientes.

## 2.2. *Lutero politizado*

Outro momento importante na recepción de Lutero foi a súa politización, que aconteceu xa desde o inicio da súa actividade reformadora e supón unha das constantes que chega ata os nosos días.

Foi politizado polo Papado, por Carlos V, que na Dieta de Worms fixo a promesa de por ao servizo da causa católica “mis reinos, mis amigos, mi cuerpo, mi sangre, mi vida y mi alma” como reclamo para apoiaren o custodiosísimo programa imperial. E foi politizado por príncipes territoriais, por oligarquías urbanas. Con todo, estas manipulacións poden parecer lóxicas nunha sociedade na que o político entraba no eido do relixioso e viceversa, e na que a herexía estaba tipificada como un delito moi grave dado que a unidade política era inconcibible sen a unidade de crenzas.

As manipulacións políticas máis graves da obra e pensamento de Lutero proveñen de épocas posteriores: tradicionalismos católicos, xenofobias, exacerbados nacionalismos posrománticos, o nacionalsocialismo, o movemento dos *Deutschen Christen*, todos eles reclamando ao auténtico Lutero como sostén das súas posicións. Quixera, aproveitando que acabamos de celebrar o 60 aniversario da liberación do campo de exterminio de Auschwitz, mostrar, aínda que de maneira moi breve e incompleta, algún dos aspectos do pensamento do reformador que foron susceptibles de terxiversación polos nazis<sup>8</sup>.

### 2.2.1. *O luteranismo político*

Invoca a Lutero unha tradición luterana do concepto de Estado particularmente presente en Alemaña (*Bismarck, Terceiro Reich*), fronte á cal teremos que preguntarnos se está fundamentada nos

---

<sup>8</sup> Para unha análise máis profunda, cf. González Montes, A., *Religión y nacionalismo. La doctrina luterana de los dos reinos como teología civil* (Salamanca, 1982); remito así mesmo ao meu traballo: Pena Búa, P., *Teología protestante y acción social*, en Galindo, A. (ed.), *Enseñar hoy doctrina social de la Iglesia* (Salamanca, 2003) 121-134.



seus escritos ou máis ben obedece a unha adulteración das intencións do reformador.

A doutrina luterana dos dous reinos (*reino de Deus e reino do mundo*) foi a base teórica que alentou ao luteranismo político ou nacionalluteranismo, formado polo grupo político-eclesial dos *Deutschen Christen* que secundou as teses ideolóxicas nazis e a súa teoloxía do mesianismo político da *Nación Alemá* no seo da Igrexa evanxélica. En contra desta nova comprensión do Evanxeo tomou posicións a chamada *Igrexa confesante* (*Bekennende Kirche*) na que militaban homes como Barth, Bonhoeffer, Bultmann e tantos outros defensores da liberdade.

A ideoloxización do pensamento de Lutero está relacionada coa doutrina dos dous reinos e tamén coa denominada doutrina dos réximes (*réxime temporal e réxime espiritual*), que non é máis que a articulación práctica da primeira. As distincións de Lutero non implican que a *orde espiritual* ven de Deus e a *orde temporal* do Demo, senón que Deus dirixe o mundo *espiritual e mundanamente*. Do mesmo xeito, os diversos *ordenamentos* (político, espiritual e económico) foron interpretados como *teoloxía das ordes creadas* nas que desenvolve a vida cada persoa cristiá. Pero, e isto é importante, na mente do reformador estas *ordenacións divinas* non teñen nada que ver coa xustificación do pecador diante de Deus, a súa función é a conservación da vida e a paz social.

A lectura teolóxica emanada dos postulados dos *Deutschen Christen* cae na tentación de separar as ordes da creación do resto da revelación (cristoloxía, redención, pecado, etc.). Esta separación será unha das causas principais que levaron a confundir a lei de Deus *manifestada* nas ordes da creación coa lei de Deus *identificada* simplemente coa *lei do pobo*. A raza, o pobo, o principio de caudillaxe, etc. adquiren categoría metafísica dentro da realidade da creación, e así se sepáran e idealizan certas ordes da mesma (ordes en canto creación, é dicir, lexitimados pola autoridade soberana de Deus) que adquiren un valor e primacía autónomos respecto dos demais elementos da revelación.

Por conseguinte, o que se produce é a redución da revelación á *historia* e ao *mundo*. Proponse así a absolutización da acción política, onde as diversas estruturas (estado, raza, pobo, etc.) son

elevadas a realidade última para ofrecer desde aí a súa interpretación: as ordes da creación, que saen da man de Deus, teñen forza coactiva como expresión concreta e histórica da vontade de Deus. Esta radicalización da teoloxía das ordes creadas chega a confundir a historia profana coa mesma historia da salvación.

Desde aquí podemos entender que nas filas luteranas non faltasen persoas que contemplassen a Lutero como o entrego espiritual do *Führer*, como tampouco faltaron quen en vésperas da traxedia alzaron a súa voz contra a denominada *teoloxía do reino*, que lexitimaba teoloxicamente o *Terceiro Reich*, desde postulados calvinistas como os da doutrina do señorío real de Xesucristo<sup>9</sup>.

### 2.2.2. O marxismo-leninismo

Desde que Marx afirmara que no século XVI a revolución xurdira na mente dun frade, os historiadores marxistas fixeron provisión de esforzos para desentrañar este acontecemento dentro dos desaxustes provocados pola transición do feudalismo ao capitalismo.

Os debates, non podía ser doutra maneira, centráronse na confrontación Lutero-campesiños, é dicir, na guerra dos campesiños de 1525<sup>10</sup>. O modelo interpretativo decidiuno Engels na obra *A guerra dos campesiños alemáns*, de 1850. Lutero foi contemplado ata os anos cincuenta nos traballos de investigación da RDA como prototipo da contrarrevolución, e recuperouse a figura de Thomas Müntzer (1490 ca.-1525), identificado como o líder da revolta, asignándolle o papel de principal precedente da tradición revolucionaria alemá<sup>11</sup>. Así, mentres na RDA Müntzer alentaba a

---

<sup>9</sup> Cf. Niemöller, W., *Kampf und Zeugnis der Bekennenden Kirche* (Bielefeld, 1948).

<sup>10</sup> Cf. *Contra las hordas ladronas y asesinas de los campesinos* (1525): WA 18, 357-361. En castelán na edición preparada por Teófanos Egido das obras de Lutero, (Salamanca, 2001) 271-277.

<sup>11</sup> Entre as moitas obras sobre a figura deste representante da denominada "Reforma radical" pódese consultar en castelán: *Thomas Müntzer. Tratados y sermones* (Madrid, 2001), cunha valiosa introducción de Lluís Duch e numerosa bibliografía; tamén en castelán o clásico de E. Bloch, *Thomas Münzer* [sic], *teólogo de la revolución* (Madrid, 1968). Para un achegamento xeral ao fenómeno radical: Williams, G.H., *La Reforma radical* (México, 1983).

busca de tradicións que conectasen coa Alemaña do pobo e dos traballadores, Lutero, considerado *patrón* da RFA, aliábase coas tradicións burguesas.

Pero andando o tempo serían os mesmos historiadores (Steinmetz, Laube, Vogler, Brendler), que antes colocaban o reformador de parte das clases poderosas e en contra dos intereses do pobo, os que insistan na figura de Lutero e na súa reforma como elementos decisivos na tradición que representa a RDA. O cambio protagonizado por Lutero compréndese como un fenómeno complexo, caracterizado polo feito de querer transformar a igrexa e, polo tanto, como un elo determinante nun cambio máis ou menos profundo da sociedade. Na Reforma expresáronse tanto os esforzos burgueses como tamén as protestas revolucionarias das masas populares. A Martiño Lutero correspóndelle un lugar fundamental nas tradicións progresistas da historia alemá, tradicións que foron asimiladas pola clase obreira e por todo o pobo, e que culminaron co triunfo do socialismo na RDA.

### **3. O Lutero da historia**

Fronte a estes, e tantos outros que poderíamos aducir, Luteros da recepción, hoxe as investigacións teolóxicas e históricas tentan, sen adxectivación ningunha, descubrir a realidade de Lutero e da súa Reforma. Polo xeral tense en conta que Lutero non era unha persoa illada dos seus factores determinantes, do seu ambiente, das súas mentalidades colectivas. Gáñase así coherencia e perspectiva e, posiblemente, pérdese algo de orixinalidade.

#### *3.1. O esforzo católico na comprensión de Lutero*

Centraremos este apartado en dous investigadores cuxos traballos acadaron non só o recoñecemento dos protestantes, tamén contribuíron a que o clima das relacións entre as confesións mudase: Joseph Lortz e Erwin Iserloh.

J. Lortz escribiu dúas obras que propiciaron o cambio de clixés: *Historia da Igrexa. Na perspectiva da historia do pensamento* e *A Reforma en Alemaña*<sup>12</sup>. A primeira edición d'*A Reforma en Alemaña*

---

<sup>12</sup> Lortz, J., *Historia de la Iglesia. En la perspectiva de la historia del pensamiento*, I-II (Madrid, 1982); a segunda obra foi traducida ao castelán co título *Historia de la Reforma*, I-II (Madrid, 1963).



data dos anos 1939-40 auspiciada polos estudos e ambiente previos á convocatoria do Vaticano II. Con todo, unha segunda edición da mesma foi prohibida. Este *interim* non impediu que no ano 1962 volvесе a aparecer; ademais co pontificado de Xoán XXIII verificouse o que o concilio explicitou no decreto de ecumenismo mencionado con anterioridade.

Lortz comeza por analizar as causas que provocaron a Reforma (múltiples abusos, falta de claridade teolóxica e carencia de vigor relixioso) para indagar na concepción propiamente cristiá da historia da mesma. Intenta así mostrar como puido ser posible, incluso *necesaria*, unha revolución eclesiástica acontecida no século XVI. Considera que a causa principal atópase nas numerosas ocasións desperdiciadas para iniciar un cambio, que asfaltaron o camiño no sentido dunha reforma no seo da igrexa. Deste xeito, Lutero non aparece como o portainsignias dunha reforma motivada pola abominación da vella igrexa ancorada nun pasado medieval que provocou o impetuoso actuar do reformador e o conduciu á *fuga da igrexa*, converténdose no precursor dunha ruptura premeditada en aberta disputa co poder romano: “A Reforma é unha loita pola auténtica forma do cristianismo; non foi evidente que tivese que nacer, e aínda menos que esta loita fose decidida en sentido anticristián por gran parte da cristiandade occidental”<sup>13</sup>. Da mesma opinión é Iserloh que apunta que os abusos non eran certamente maiores á fin do século XV que a mediados do XIV. Pero as xentes soportábanos con menor facilidade, tiñan máis sentido crítico e eran máis sensibles á contradición entre ideas e realidade, doutrina e vida, aspiración e realización: “O feito de que non se tivo suficientemente en conta esta subida necesidade relixiosa, esta maioría de idade do laico; o feito de non substituír a tempo, por outras positivas, actitudes típicamente medievais que só xustificaran as circunstancias, tivo un efecto moito máis disolvente que todos os fallos de persoas particulares, por lamentables que fosen”<sup>14</sup>.

---

<sup>13</sup> *Id.*, *Historia de la Reforma*, I, cit., 24-25.

<sup>14</sup> Iserloh, E., *Martín Lutero y el comienzo de la Reforma (1517-1525)* en Iserloh, E.-Glazik, J.-Jedin, H., *Manual de historia de la Iglesia. Reforma protestante, reforma católica y contrarreforma*, tomo V (Barcelona, 1986), 45.

Póñense así de manifesto os alicerces para entender a responsabilidade que na Reforma protestante ten a parte católica. A saída de Lutero da Igrexa Católica é impremeditada; diríamos, parafraseando a Lortz, que Lutero emprende durante toda a súa vida unha terrible loita interior para acadar a salvación da súa alma, e o curso que adquiriu esta loita fixo del un reformador.

A análise dos pasos que levaron a Lutero a conformar a ruptura será decisiva para comprender ao home e tamén as circunstancias. Participamos da teses de Lortz, incluso aplicable hoxe en día (aínda que en diferentes circunstancias), que afirma que o combate do reformador ven motivado en contra da insuficiente representación da realidade católica: “Lutero destruiu en si mesmo un catolicismo que non era católico”<sup>15</sup>. Dito doutra maneira: descubriu dun modo herético o que constitúe o patrimonio central do catolicismo. Porque que Lutero foi un home eminentemente relixioso é un feito que na investigación non se cuestiona desde que o xesuíta H. Grisar na súa obra en tres volúmenes, *Luther* (1911-12), se amosara incapaz de captar a piedade e a motivación relixiosa do reformador<sup>16</sup>.

Con todo esta relixiosidade é obxecto de crítica. Se temos que afirmar que as demandas de cambio non foron atendidas nin pola Igrexa, nin o papa nin os bispos coa dilixencia e responsabilidade debidas, non é menos certo que o reformador se viu motivado unicamente polas súas vivencias, lonxe da mesura, cun carácter descortés e impulsivo tanto nas súas misivas canto nos seus sermóns. Lortz deu cunha crítica, que tamén asume Iserloh, que apunta ao centro do problema, e que deixa de lado calquera

---

<sup>15</sup> Lortz, J., *Historia de la Reforma*, I, cit., 195.

<sup>16</sup> Escribe Lutero anos máis tarde lembrando as súas primeiras experiencias: “Sentíame pecador diante de Deus, coa conciencia conturbada, e as miñas satisfaccións amosábanse incapaces de darme a paz; odiaba cada vez máis o Deus xusto que castiga aos pecadores; indignábame contra ese Deus, alimentando secretamente, se non unha blasfemia, si polo menos unha violenta murmuración: ¿non bastará con que os pecadores miserables fosen castigados con toda clase de males pola lei do Decálogo? ¿Por que é necesario entón que Deus engada novos sufrimentos e dirixa contra nós, incluso a través do Evanxeo, a súa cólera e a súa xustiza? Nestas circunstancias eu estaba fora de min, intratable, e o meu corazón axitado e rabioso”. *Prólogo á edición das súas obras latinas* (1545): WA 54, 185-186.

descualificación pasada á conta de odios confesionais: o reformador está apegado, desde os seus comezos, ao plano subxectivista: “Lutero é o contrario do correcto termo medio. É máis ben un exemplo de falta de medida e de forma. (...) Lutero dá fórmulas que teñen aversión ás formas comedidas, non coñecen ninguna organización sistemática e non captan con sosegada claridade os valores obxectivos exteriores, pero cuxo efecto está precisamente nesa torrencial desmesura. Todo isto é en Lutero expresión do ser: subxectivo, sentimental, eruptivo; inmediata expresión do roce interno que está a ocorrer no momento.”<sup>17</sup>

Subliñase deste xeito a constante *referencia experimental* á palabra de Deus, que teólogos protestantes teñen xa aceptado. G. Ebeling afirma que “a análise da propia situación e a comprensión do texto bíblico atópanse tan intimamente vinculadas que ningún dos dous fica abandonado á súa sorte”<sup>18</sup>.

Outro avance importante na comprensión de Lutero, asumido tamén polos teólogos de ambas confesións e que está na base do diálogo interconfesional, é a vinculación de Lutero á teoloxía nominalista, que se ben intenta rexeitar como allea á Biblia é pelaxiana, e superala mediante a teoloxía de Agostiño de Hipona, fundamenta toda a súa formulación teolóxica<sup>19</sup>. Este logro no achegamento á figura do reformador non é en absoluto menor. A maxestade do Deus descoñecido é, desde a súa xuventude, para Lutero, a do xuíz airado. Por obra das doutrinas ockhamistas, ese xuíz convertérase máis tarde no Deus do capricho: Deus ten que ser

---

<sup>17</sup> Lortz, J., *Historia de la Reforma*, I, cit., 170. Iserloh afirma: “ (...) todo lo que escribió y habló Lutero, es confesión, es decir, ideas que están marcadas por el propio vivir y por el propio dolor, y que él debe transmitir a los demás. Y esto además con un estilo apremiante, en que, por razón del esclarecimiento, no se retrocede ante brochazos fuertes (...). Lutero es un ‘dogmático’; todo cauto sopesar el pro y el contra de una cuestión se le antoja escepticismo. No es de maravillar que con harta frecuencia, fuera víctima de su temperamento colérico y de su vigor polémico”. Iserloh, E., ‘Martín Lutero y el comienzo de la Reforma’, cit., 59.

<sup>18</sup> Ebeling, G., ‘Lehre und Leben in Luthers Tehologie’, *Lutherstudien* III (Tubinga 1985) 29.

<sup>19</sup> Cf. Lortz, J., *Historia de la Reforma*, I, cit., 191ss.; González Montes, A., *Reforma luterana y tradición católica* (Salamanca 1987) 146ss.

absolutamente libre de calquera determinación ou norma que nos podamos pensar ou dicir. Isto significa que Deus non chama a unha acción boa e a outra mala e, en consecuencia, ten prohibidas unhas e aceptadas outras por *razóns intrínsecas*, senón que podería facer tamén todo o contrario<sup>20</sup>.

Para rematar este apartado referímonos a demostración por Iserloh de que Lutero non cravou as 95 teses sobre as indulxencias nas portas da Igrexa do castelo de Wittenberg, senón que as remitiu, o 31 de outubro de 1517, aos bispos correspondentes e que só as fixo públicas ao non ter resposta<sup>21</sup>. O investigador mostra estrañeza ante o desasosiego suscitado nos círculos evanxélicos polo descubrimento, posto que se a escena da fixación das teses non tivo lugar, aparece aínda máis claro o feito de que Lutero non avanzou cara a unha ruptura coa igrexa por ousadía, senón que se converteu, como xa defendera Lortz, en reformador sen quere-lo. Por outra banda, nos bispos competentes recae responsabilidade grande, xa que Lutero deixou tempo para reaccionaren *pastoralmente*: “(...) era mester por parte dos bispos interesados e do papa unha medida aproximadamente igual de forza relixiosa e de responsabilidade apostólica polas almas. O feito de que non puidese nin pensarse en tal medida, descobre a radical debilidade da igrexa daquela. Neste fallo, que toca ao propiamente sacerdotal, radica antes que nos abusos de toda laia, su parte de culpa na reforma protestante”<sup>22</sup>

#### 4. Conclusións

Hoxe en día temos que felicitar nos polo feito de que Martín Lutero, ademais de ser *obxecto* de estudo nos ambientes católicos,

---

<sup>20</sup> Ponse así en evidencia o rexeitamento dos sacramentos como meros signos externos, a crenza de que Deus *predestina* a uns ao ceo e a outros ao inferno, a radical separación do divino respecto do humano, etc. Lutero é, por vinculación filosófica, voluntarista; con todo esta vinculación non está tan clara noutros reformadores ou, polo menos, estes non son tan consecuentes co seu nominalismo como Lutero. Xorden diferenzas á hora de interpretar é asumir os principios reformadores, cf. Pena Búa, P.,

‘Felipe Melanchthon y Martín Lutero: la justificación del pecador’, *Estudios Mindonienses* 17 (2001) 507-526.

<sup>21</sup> Cf. Iserloh, E., *Martín Lutero y el comienzo de la Reforma*, cit., 97 e ss.

<sup>22</sup> *Ibid.*, 105.

non é un inimigo o que se estuda belicosamente. Aquela afirmación de H. Denifle, “non hai nada en tí, Lutero, de divino”, que aludía á nova teoloxía luterana enmarcándoa no ámbito dunha moral inmoral, afastada do eido dogmático e relixioso, xa pasou á historia. Co Vaticano II o que nos une é sentido como máis importante que o que nos separa.

É importante subliñar o esforzo católico na comprensión da Reforma e as delimitacións que na investigación do tema foron tomando forma. Así unha cousa é a necesidade da reforma, outra a Reforma mesma<sup>23</sup> e outra a persoa de Lutero. A análise da situación eclesiástica daquela época divisoria entre a Idade Media e o Renacemento, amosa a rebelión do reformador enmarcada por razóns máis amplas que as da súa decisión persoal. Por outra banda, os erros da doutrina protestante, expostos non con ánimo de controversia senón con rigoroso coidado, e con dor polo que supoñen de esgazamento dentro da familia cristiá, son outros tantos logros. E, finalmente, o lamento, en ambas as dúas partes, pola destrución da unidade de fe, en clara contradición coa fundación única do único Señor (Xn 17, 21 e ss.), coído que pode ser un acicate que anime, sen relativizar as discrepancias doutrinais entre elas, a un diálogo ecuménico sincero e frutífero<sup>24</sup>.

---

<sup>23</sup> “La Reforma protestante es la mayor catástrofe que ha sobrevenido a la Iglesia en toda su historia hasta hoy. Ni las herejías de la Antigüedad, ni las sectas de la Edad Media, ni siquiera la separación de la Iglesia oriental de Roma tuvieron efectos tan graves para la existencia de la Iglesia y de la fe como la Reforma.” Lortz, J., *Historia de la Iglesia. En la perspectiva de la historia del pensamiento*, II, cit., 97.

<sup>24</sup> Cf. “Declaración conjunta sobre la doctrina de la justificación” (1999). Sin entrar nunha análise pormenorizada do documento, cabe suliñar a súa pretensión:

“recoger el consenso sobre las verdades básicas de dicha doctrina y demostrar que las diferencias subsistentes en cuanto a su explicación, ya no dan lugar a condenas doctrinales” (DJ 5). É decir, a incompatibilidade doutrinal respecto do tema da xustificación pola fe, que dividiu durante tantos séculos as dúas Confesións, non ten na actualidade razón de ser. Existe, neste tema, un acordo básico fundamental. Non obstante, para chegar a superar a división da Igrexa, quedan aínda cuestións que requiren aclaración: “la relación entre la Palabra de Dios y la doctrina de la Iglesia, eclesiología, autoridad de la Iglesia, ministerio, los sacramentos y la relación entre justificación y justicia social” (DJ 43). A pesar dos temas que quedan por resolver, o paso que supón esta Declaración é decisivo no camiño de superar a división da Igrexa (cf. DJ 44).

De todo o escrito penso que debe quedar unha cousa clara: falta moito por facer, moito por aprender e moito por escoitar. Todos os que nos dedicamos e temos interese, dunha maneira ou doutra, polas cuestións teolóxicas teríamos que aplicarnos o que Lutero, sempre aberto ao humor, deixou escrito e que se encontrou nada máis morrer: “Ninguén poderá comprender a Virxilio na súa poesía pastoril se non andou cinco anos como pastor ou campesiño; ninguén entenderá as cartas de Cicerón se non se ocupou vinte anos na administración do Estado; ninguén gozará suficientemente da Sagrada Escritura, etc... A verdade é que somos uns pobres mendigos”.

**Pilar Pena Búa**

Doutora en Teoloxía. Universidade Católica de Avila



# Os Himnos do Diurnal Galego, a mellor colección de poesía relixiosa galega

Victorino Pérez Prieto

## **1. Importancia da creación poética publicada no *Diurnal*, no contexto da historia da poesía relixiosa en galego.**

Non é nada novo dicir que o galego é unha lingua particularmente dotada para a poesía. Incluso, nos tempos de inverno da literatura galega, algúns cursis reaccionarios chegaron a dicir que esta lingua só valía literariamente para facer poesía, pois Rosalía fixera uns poemas “moi bonitos e moi enxebres”; para eles o galego era unha lingua incapaz para a novela e moito máis para o ensaio. Tampouco é novidade falar da presenza do tema relixioso na poesía galega. En *Encrucillada* apareceron numerosos traballos sobre este asunto<sup>1</sup>, e eu mesmo me ocupei do tema no meu libro *Galegos e Cristiáns*, recollendo a obra, a vivencia e a reflexión de gran parte dos poetas da Galiza de onte e de hoxe, que fixeron profesión de fe relixiosa sen

---

<sup>1</sup> Cf. os traballos de X. M. Montero Santalla (“Panorama da Literatura Relixiosa galega”, 4, 1977, “No segundo centenario do cura de Fruime”, 5, 1977), X. Filgueira Valverde (“A relixiosidade de Amado Carballo”, 27, 1982), A. Torres Queiruga (“Catro perspectivas sobre a actitude relixiosa de Rosalía”, 43, 1985, “Alvaro Cunqueiro, o envés da realidade”, 72, 1991), M. Regal Ledo (“Aquilino Iglesia Alvareño, un anaco da terra cha luguesa”, 47, 1986), X. García Vilariño (“O feito relixioso na poesía de Celso Emilio Ferreiro”, 47, 1986)... E traballos aparecidos noutras publicacións: a valiosa escolma que X. M. Montero Santalla foi publicando ao longo de varios números da folla *Boa Nova* (editada en Ferrol na década de 1970), os traballos publicados por X. Filgueira Valverde en distintos volumes do seu *Adral*, X. A. Miguélez (“Deus nos poemas de *Nimbos* de X. M. Díaz Castro”, en *Homenaxe a X. M. Díaz Castro*, Vigo 1987), X.M. Eiré (“O poeta relixioso Avelino Gómez ledó”, *A Nosa Terra* 587, 1993), V. Pérez (“Manuel María, poeta relixioso”, en *Manuel María*, Lugo 2001)...

deixar de amar o galego, de expresarse en galego e, en moitos casos, incluso ser tamén galeguistas<sup>2</sup>.

Os seus nomes fan unha longa ringleira de leigos e clérigos, bastantes homes e algunhas mulleres: o pioneiro Cura de Fruime (1676-1774), A. Aguirre e o “trío de ases” Rosalía, Pondal e Curros; un grupo grande de clérigos, desde o bispo Lago González, Saco y Arce e Crecente Vega a outros curas poetas como Chao Ledo, Pernas Nieto, Rey Soto, Rey Romero, Cortiña Toural, Cabada Vázquez... En fin, os poetas galegos do século XX que expresaron en verso a súa fe: Cabanillas, Noriega Varela e Iglesia Alvariño, Eladio Rodríguez, Herrera Garrido, Amado Carballo, Cunqueiro, Filgueira Valverde, Celso Emilio, Carballo Calero, Manuel María... e sobre todo X. M<sup>a</sup> Díaz Castro, o poeta que coído acadou a máis alta expresión galega da fe relixiosa. Finalmente, non podemos esquecer a outros poetas máis “novos”: algunhas mulleres (a académica L. Pozo Garza, H. Villar Janeiro e Marica Campo) e algúns homes máis (X. A. Miguélez, M. Regal, B. García Cendán... X. Agulla Pizcueta, *Camiño de Emaús. Deica un Deus terriblemente humano*).

Unha referencia exhaustiva da poesía galega de tipo relixioso daría lugar a un groso volume; aínda que é ben certo que a meirande parte del ocuparíano as Panxoliñas ou Cantos de Nadal<sup>3</sup>. Pero nunca se fixera un esforzo tan grande de agrupar e crear nova poesía relixiosa en galego, coma o que supuxo a edición do *Diurnal Galego*. De feito, desde un punto de vista cuantitativo, tal como

---

<sup>2</sup> Cf. V. Pérez Prieto, *Galegos e Cristiáns*, SEPT, Vigo 1995. Tamén outros libros meus: *A xeración Nós. Galeguismo e relixión*, Galaxia, Vigo 1988 e *A Romaxe de Crentes Galegos* Irimia, Santiago 1998. Igualmente a obra de X. Ferro Ruibal *A Igrexa e a lingua galega*, Santiago, 1987, un ensaio histórico cunha rica achega documental.

<sup>3</sup> Foron os pioneiros poetas mindonienses do s. XVIII-XIX; entre estes “Cantores do Nadal” salientan A. M<sup>a</sup> Castro e Neira (“O Cura de Argomoso”, 1771-1826, iniciador da “Escola lírica do Nadal de Mondoñedo”) e L. Corral Rodríguez (1784-1830). Cf. F. Villares Mouteira, *Os poetas do Seminario de Mondoñedo*, Lugo 1997; tamén V. Pérez Prieto “Os Himnos de Nadal do Diurnal Galego”, *Lucensia* 23, 2001. Entre as últimas publicacións que coñecemos temos os libros de Manuel María *Panxoliñas*, Lugo, 1992 e de L. Vázquez Fernández, *Nadal da nosa nada*, Madrid, 1998.



veremos a continuación, viron a luz no *Diurnal* case tantos novos poemas especificamente relixiosos como todos os que se tiñan publicado antes. Desde o punto de vista da calidade literaria, sen dúbida o balanço global non é inferior ao publicado anteriormente. E desde o punto de vista da expresión relixiosa, eu non dubidaría en afirmar que o balanço é claramente superior, se exceptuamos os poemas de Díaz Castro, que alcanzan unha verdadeira altura mística; con todo, curiosamente, non foi recollido ningún deles no *Diurnal*.

## **2. De A oración da Comunidade Cristiá á Liturxia das horas. *Diurnal***

O *Diurnal* é o volume correspondente ás horas diúrnas da oración litúrxica da Igrexa, o *Oficio Divino* tamén chamado *Liturxia das Horas*: Matíns-Oficio de Lecturas, Laudes, Horas intermedias, Vésperas e Completas. O *Diurnal* engloba os himnos, os salmos coas súas antifonas, as lecturas bíblicas e as oracións correspondentes a Laudes, Hora intermedia, Vésperas e Completas; éstas veñen ser as horas de oración máis comúns dos clérigos, relixiosos e relixiosas. A *Liturxia das Horas* é a oración oficial da Igrexa, que esta pon a cargo das comunidades de monxes e monxas, frades e relixiosas; sobre todo das comunidades contemplativas, que adoitan facelo con máis solemnidade, habitualmente cantando. A Igrexa encomenda tamén esta obriga aos curas (presbíteros e diáconos), como unha das obrigas máis “graves” do ministerio ordenado, tal como prometen no ritual da súa ordenación.

Pero a oración cos Salmos pode ser tamén un magnífico medio para calquera leigo que busque orar. Non se esqueza que esta era a oración máis habitual de Xesús, mesmo feita segundo o ritmo das horas do día, tal como o recibira do seu pobo. En particular, as tres horas da oración que estaban tan fonda como comunmente arraigadas nos costumes do pobo xudío. Así nolo lembraba hai anos o gran biblista Joachim Jeremías:

“Podemos afirmar coa meirande certeza que Xesús non pasou ningún día da súa vida sin respectar estes *tres tempos de oración*: a *oración da mañá* ao saír o sol, a *oración da tarde* no momento da ofrenda do sacrificio no templo e a *oración da noite* antes de ir durmir. Isto fainos

dexergar algo da vida interior e secreta de Xesús, a fonte de onde sacaba a súa forza día tras día”<sup>4</sup>.

O *Diurnal Galego* era unha publicación longamente agardada desde había moitos anos por algúns curas, frades, monxas e leigos cristiáns galegos; non eran maioría, pero si un grupo significativo que arelaba expectante un instrumento axeitado para poder rezar en galego en privado e en público. Na mesma presentación que fan del os bispos galegos falan de “un soño acariñado” como medio útil para a oración do pobo galego. Alí soñan tamén con que esta non sexa só a oración exclusiva “dos xuridicamente obrigados”, senón de toda a Igrexa: “É ó conxunto dos fieis a quen corresponde ser ‘Igrexa en oración’, porque a Liturxia das Horas pertence a todo o corpo da Igrexa”<sup>5</sup>. Alí chegan a afirmar algo que semella non se ter tomado moi en serio por parte da maioría da Igrexa galega:

“Esta Igrexa orante, nunha Galicia bilingüe... *non pode seguir sendo predominantemente castelá*, senón que debe encontrar tamén a súa canle de expresión na lingua materna de tantos galegos e lingua oficial –tamén– de todos. O *Diurnal*... pode contribuir a que a oración teña non galego un modo de expresión espontáneo e natural”<sup>6</sup>.

O *Diurnal* supuña unha empresa editorial difícil, en primeiro lugar polo traballo literario; a magnífica tradución xa editada dos salmos e da Biblia completa facilitara moito éste, pero non se podía simplemente traducir os himnos do Oficio latino, nin os do Oficio castelán; por dignidade cara á lingua galega era necesario crear novos himnos en galego. Pero tamén era unha empresa difícil polo custo da edición, tratándose dun volume de 2025 páxinas, que non se podía vender a prezo de “rareza” de bibliófilo, pero que non se podía permitir unha tirada demasiado ampla, a causa do risco de quedar literalmente... “tirados” os seus exemplares. O traballo foi promovido polos relixiosos/as da CONFER de Galiza –entre os que

---

<sup>4</sup> J. Jeremias, “La oración diaria en la vida de Jesús y la iglesia primitiva”, en *Abba. El mensaje central del Nuevo Testamento*, Sigueme, Salamanca, 1989, 75-89.

<sup>5</sup> Presentación á *Liturxia das horas. Diurnal*, Provincia Eclesiástica de Santiago-Ed. Regina, Barcelona, 1999, p. 6.

<sup>6</sup> *Ibid.* p. 7.

merece unha mención especial o irmán de La Salle Francisco Reboiras– e, tras ser aprobado polos bispos das dioceses galegas, foi definitivamente aprobado pola Congregación para o Culto Divino e a Disciplina dos Sacramentos, en outubro de 1997 por medio do decreto “Hispaniae Diocesium Linguae Callaecae”.

A pesar das expectativas, cando saíu, finalmente, hai pouco máis de cinco anos (a finais de 1999), pasou sen pena nin gloria; agás para algúns “entusiastas”, aínda que se fosen vendendo pouco a pouco os volumes desa edición. Con todo, a pesar do escaso eco social e mesmo eclesial que acadou, foi un acontecemento fundamental no proceso normalizador da oración litúrxica galega. Ata agora só se dispuña a tal efecto, á parte do Salterio e a Biblia Galega, dun libro *ad usum privatum* que, primeiramente, levou o título de *A Liturxia das Horas*, e logo houbo de ser editado co de *A oración da Comunidade Cristiá*<sup>7</sup>, porque o daquela arcebispo de Santiago, Antonio M<sup>a</sup> Rouco, prohibiu que se difundira co primeiro título, dado que aínda non era o “libro oficial” aprobado pola Santa Sé.

Sen dúbida, a meirande riqueza e contribución á oración galega que nos trouxo o *Diurnal Galego* foron os seus máis de 200 himnos. Algúns foron tomados dos nosos clásicos ou de cantigas litúrxicas galegas xa coñecidas, uns poucos foron traducidos de himnos casteláns ou doutras linguas, pero a meirande parte foron textos creados directamente para esta obra. Compre salientar a excelente calidade de gran parte deles nos tres campos sinalados. Pero cómpreme deplorar tamén que o afán rixidamente normativizador-oficialista dos seus correctores cambiase palabras e expresións de textos clásicos e esnaquizase rimas e métricas dalgúns poemas novos, para desolación dos seus autores, tal como lle consta ao que isto escribe. De calquera xeito, cos himnos do *Diurnal Galego*, víronse moi multiplicados os exiguos recursos oracionais en lingua galega.

---

<sup>7</sup> *A oración da Comunidade Cristiá*, CONFER-GA, Santiago 1990.

### 3. Os autores dos himnos do *Diurnal Galego*

É sabido que por discutibles razóns de “xenerosidade eclesial”, os textos dos libros litúrxicos son sempre “anónimos”. Deste xeito, non coñecemos –ou, polo menos, non coñezo no meu caso– a autoría de gran parte dos himnos da *Liturgia de las Horas* castelá, moitos deles magníficos, tanto no caso dos feitos expresamente para a obra, coma os que son tomados de coñecidos poetas españois; aínda que é sabido que o labor foi sobre todo obra do xesuita asturiano J. L. Blanco Vega, recentemente falecido. Isto mesmo acontece no caso dos himnos galegos, no que algúns pensamos que é unha inxustiza cos seus autores e unha ignorancia que debería repararse para o coñecemento dos que nos deleitamos e oramos coas súas creacións. Ademais, algunha información que publicou ao respecto unha revista española de información relixiosa, era totalmente inexacta, cousa que cómpre reparar.

No noso traballo para identificar aos autores dos novos himnos e de outros poemas de autores galegos e non galegos de onte que foron enxertados no conxunto destes himnos, conseguimos identificar a maioría, aínda que non a todos. A seguir menciónanse resumidamente pero o lector achará unha lista completa no apéndice deste traballo.

a) *trece himnos corresponden a autores clásicos galegos*<sup>8</sup>: Xoán Antón Saco y Arce (1835-1881), Eduardo Pondal (1835-1917), Manuel Lago González (1865-1925), Ramón M<sup>a</sup> del Valle Inclán (1870-1936). Ramón Cabanillas (1876-1959), Alvaro Cunqueiro (1911-1981) e Celso Emilio Ferreiro (1914-1979)

b) *oito himnos son de autores non galegos*: S. Francisco de Asís (1181-1226), Augusto Xil (poeta simbolista portugués, 1873-1929),

---

<sup>8</sup> Desgraciadamente, quedaron fora do *Diurnal* algúns bos poemas máis dos nosos clásicos: de Crecente Vega (“Señor polo teu amor”, “Ladaíña aldeá”), Rey Romero (“Plegaria do afiador”), Noriega Varela (“Bendito sexa Dios”), Iglesia Alvariño (“Oración do sapo”), Amado Carballo (“O cruceiro”, “Misa da mañá”); e poderían terse metido máis de Cabanillas: “Orazón no silencio da noite”, “Irmá morte”, “O día santo”, “Oración da fada do mar”, “Plegaria a Virxe María”, “Cantigas á Nosa Señora”... E podían terse incorporado tamén algunhas fermosas panxoliñas de Manuel María.

P. Martíns, tamén autor portugués e Julien (autor francés da coñecida cantiga litúrxica “Victoria, ti reinarás”).

c) *autores contemporáneos*. A maior parte dos himnos son de autores contemporáneos. Atopamos en primeiro lugar que máis da metade corresponden a dous poetas relixiosos xa ben coñecidos no eido da Igrexa galega, polas súas publicacións. En primeiro lugar, o cura diocesano de Mondoñedo-Ferrol Xosé Antón Miguélez (poeta e teólogo<sup>9</sup>, autor de 54 himnos, a meirande parte deles doados de identificar para quen coñece o seu pensamento e estilo literario) e, en segundo lugar, o que foi moitos anos o seu compañeiro de traballo apostólico en parroquias do concello de Abadín e nas revistas *Encrucillada* e *Irimia*, Manolo Regal (tamén poeta e teólogo<sup>10</sup> e autor de outros 45 himnos).

Á parte destes dous prolíficos autores hai que mencionar neste apartado ao P. Agrelo, franciscano rianxeiro, autor de 35 himnos; Xesús Portas Ferro, mestre e compositor residente en Pontevedra<sup>11</sup>, é o autor doutros 20; Uxío García Amor, cura diocesano mindoniense<sup>12</sup>, con 11 himnos; M<sup>a</sup> do Salvador González Raposo con 10; Andrés García Vilariño e Xosé Cruz, curas coruñeses (5); Xosé Ramón Estévez, cura ourensán (4); Antonio Fernández León, cura ourensán (3), Xabier Méndez, cura e excelente músico ferrolán prematuramente falecido (3); Camilo A. Andrade, cóengo ourensán (3); M<sup>a</sup> do Carme Villar, Dominica de Valdeflores (Viveiro); Odilo

---

<sup>9</sup> Publicou o poemario *Profecía dun capitán Trono*, SEPT, Vigo 2000, e outros poemas espallados en revistas e escolmas; tamén *Temos Carta de Deus*, Santiago 1995 e numerosos artigos teolóxicos en *Encrucillada* e outras revistas.

<sup>10</sup> Publicou o libro de oración *Un caxato para o camiño*, Zamora 1988, Lugo 2004, do que se recollen algúns poemas-oración no *Diurnal*; e o poemario *Chorimas*, Vigo 1991. Tamén os libros litúrxico-pastorais: *Co Evanxeo pola man*, Vigo 1992; *Benqueridos amigos*, Vigo 1993; *Convocados para a irmandade*, Vigo 1994; o libro de oración *No nome do Pai*, Vigo 1996; a novela pedagóxica *A partir de hoxe*, Vigo 2000, e algúns máis materiais pastorais populares.

<sup>11</sup> Publicou *No colo da miña nai*, Santa Comba 2001, unha recopilación das súas cantigas, e numerosos artigos de tipo literario en *Encrucillada*

<sup>12</sup> Publicou o libro de poemas *Versos en mi vida*, Mondoñedo 2003, que recolle algúns himnos máis que fixo para esta ocasión pero non foron finalmente introducidos no *Diurnal*, como lle ocorreu a outros autores aquí referidos.

González, pasionista; Manuel Feijoo, franciscano xa falecido; Francisco Fernández González, Somasco; Bernardo García Cendán, cura ferrolán; Marica Campo, excelente poeta galega con varios libros publicados, e Carme Pérez-Xosé Luís Reza Cabano (música).

#### 4. Algúns himnos do *Diurnal Galego*

Os himnos do *Diurnal* están organizados no libro segundo os tempos litúrxicos e as festas dos santos, gran parte deles foron xa creados con esa intencionalidade particular; pero tamén corresponden moitos deles ao salterio distribuído en catro semanas, que é a oración que ocupa o oficio diario a meirande parte do ano.

1) Os *himnos para o tempo de Advento e Nadal*. Atopamos entre eles algúns poemas xa clásicos de Pondal (o impresionante “Non veu dos duros éforos”), Lago González (“Neno de cabelos de ouro”, co arrecendo das vellas panxoliñas) e do mesmo Valle Inclán, a pesar da súa exígua produción en galego (“Sobre o sol e a lúa”). Tamén hai un de Cunqueiro (“Meu pequerrechiño”, de ton tradicional) e dous atípicos himnos de Nadal de Celso Emilio Ferreiro; un autor que, quizais, algúns non incluírían entre os escritores galegos crentes, pero moitos alegrámonos de que si se fixese, e nada menos que na oración oficial da Igrexa (“Unha vez houbo un home” e “Xuntei o vento frío coa auganeve”). Reproducimos aquí o segundo poema de Celso Emilio, que ten moitas máis panxoliñas e cantares de Reis; particularmente outros dous poemas aínda máis atípicos: “Noiteboa en Harlem” (*Longa noite de pedra*) e “Belén ano cero” (*Viaxe ao país do ananos*).

*Xuntei o vento frío coa auganeve,  
xuntei a noite negra coa xeada,  
e vin un Neno espido nun pesebre.*

*¡Que misterio máis fondo, que aventura!  
O Neno non quería  
gozar doutros irmáns, nin doutra axuda.*

*Por algo estaba alí, por algo estaba  
tan lonxe da riqueza gasalleira,  
tan preto da pobreza desolada.*

*Por algo era María unha artesán,  
cando podía ser se ela quixese,  
primeira dama, esposa principal.*

*Por algo era Xosé un carpinteiro  
de fortes, rexas mans encalecidas  
na garlopa, na trencha e no martelo.*

*Xuntei tódolos orfos nun só berce,  
xuntei as inxustizas coas ultraxes  
e púxennos de ofrenda nun pesebre.*

Entre os himnos novos, temos varios de X. A. Miguélez para advento (“O mundo que creaches pra ledicia”, “Moito nos tarda verte”, “Miudiño e manseliño”) e Nadal (“Sentímoslle ó anxo a profecía” e “Da que Deus mamou o leite do seu peito”, adaptación dunha das *Cantigas de Santa María*). Do himno de advento son estas estrofas, que reflicten unha concepción do advento non como unha oración alienante, fóra da realidade, senón comprometida no camiño da liberación humana.

*O mundo que creaches pra ledicia  
pra ser casa común, fogar sereno,  
con dor sofre asoballos e malicias:  
¡Ven axiña, Señor, porque cansamos!*

*Os teus pobres, Señor, piden a gritos  
vivir, e é moita a morte que os esmaga,  
ven dar co teu amor corazón limpo:  
¡Ven axiña, Señor, ven ti curarnos!*

M. Regal é o autor do himno de advento que abre o libro (“Brillante Creador”) e dos himnos de vésperas da Sagrada Familia (“Loemos aquel neninho” e “Nazaret fíxose grande”) e de laudes de Santa María Nai de Deus (“Gloria a Deus no ceo” e “Coma unha humilde labrega, con zocas de caña e medias”). Velaquí uns versos do segundo dos da Sagrada Familia

*Nazaret fíxose grande  
por moito que era pequena,*

*porque Deus quixo pousar  
naquela sinxela aldea.*

*María e Xosé co Fillo  
aprenden vida e solecen  
amando e servindo a Deus  
que os coida e os avivece.*

*Misterio de Deus, misterio  
de gracia e de amor a un tempo:  
nas cousiñas máis humildes  
revélase Deus por dentro.*

*Gloria ó Pai e gloria ó Fillo,  
nado por nós en Belén,  
gloria ó Espírito Santo  
causante de tanto ben.*

Do P. Agrelo son varios himnos de advento (“Creador entrañable” e “Do ceo nos vén un Año”, “Traballara Deus no barro”) e dous ordinarios para o tempo de Nadal (“Cando os sinos lle dan cita” e “Non podo dicirche non”), os himnos das primeiras vésperas (“O corazón madruga”) e laudes da Natividade (“Baixaches do alto ceo, Luz sagrada”), así coma o de primeiras vésperas de Santa María Nai de Deus (“Aínda quedan cantares no Nadal”). Traemos aquí o delicado himno que sinalaba en penúltimo lugar; estilo diferente dos anteriores, pero cunha magnífica factura literaria e cun indubidable valor orante.

*Baixaches do alto ceo, Luz sagrada  
á noite de decembro máis escura,  
e só con ti naceres nel tan pura,  
adiantáche-lo tempo da alborada.*

*Luz de Deus infinita, aquí pechada  
nun meniño, folerpa de brancura:  
non houbera xamais tal fermosura  
despuntada na beira dunha ollada.*



*Anxos de neve, nube mensaxeira,  
correron pola noite, e paz e gloria  
deixaron a promesa e son historia.*

*Na noite de decembro, anda lixeira  
a fe que vai en ti canta-la vida  
e ve-la Luz de Deus adormecida.*

F. Fernández González é o autor de “Chegou, chegou na noite”, que ten o aire das vellas panxoliñas. M<sup>a</sup> do S. González Raposo é a autora do único dos himnos de Nadal feito por unha muller (“Deus vixía o meu berce”); curiosamente este poema non ten a perspectiva de xénero. Sentimos que sexan tan escasos o himnos do *Diurnal* feitos por mulleres; tan só hai outras tres autoras a parte desta, e con pouco máis dun himno cada unha, como vimos máis atrás

*Deus vixía o meu berce,  
fíxenme neno.  
Meu Pai en min traballa,  
eu brinco ledó.*

*Deus arrola co meu berce  
e cando chegue a noite  
e teño medo,  
erguerame no colo,  
pois son seu neno.*

*Deus vixía o meu berce  
e a mañá cedo  
dálle apertas de amor  
ó seu pequeno.*

**2)** Nos *himnos de coresma e semana santa* atopamos un de Saco y Arce (“¿Como bo Deus, como lonxe?”) e varios que están xa musicados, como é o caso de dous do músico A. Fernández León (“Andarei na presenza do Señor” e “Escoitando a túa chamada”), un de B. García Cendán (“Sempre adiante”) e outro de M. Regal (“Porque somos pecadores”), ao que corresponden estes versos

*Porque levamos no corpo  
sinais de grande aflicción,  
achegámonos confiados  
ó Pai do máis grande amor.*

Neste tempo litúrxico atopamos de novo poemas de X. A. Miguélez (“Eramos cegos e agora vemos”, “É o amor quen nos urxe”, “Volvédevos a min, di o Señor”, “Firmísima Alianza”, “Están contigo os pobres no sepulcro” e “Cantémo-la nobreza desta loita” –para o Venres Santo– ao que pertencen os versos que van a continuación).

*Nacido de María nun presebe,  
amigo foi do humilde e desprezado;*

*xustiza sementou e o seu empeño  
conduciuno a morrer axustizado*

*Maldicido e cuspidos polos homes,  
mantivo firme o amor que nos libera,  
co perdón e coa fe foi o máis forte,  
anque en cruz máis débil parecera.*

*Sen sementeira non dan froito as terras,  
non se apañan colleitas sen suores,  
tampouco sen traballos se fan festas  
nin se fan sen a cruz tempos mellores. (...)*

Entre os *himnos pascuais* temos de novo fermosos versos de M. Regal; algúns valen para pregón pascual (“De norte sur, que cante a terra toda”, xa musicado). Pero temos tamén outros musicados coma “Contigo no amencer e ó mediodía” e o ledo “Bendito Ti, Xesús Resucitado”. Recollemos a continuación parte de “Con cánticos de festa xubilosos”, do domingo de Pascua.

(...)

*¿Que viches, di, María, na amencida?*

*¿Que viches, cando estabas no camiño*

(...)

*Choraba eu por Xesús con gran cariño  
e foime dado en gracia esplendorosa  
a gloria do que vence en aloumiño.  
(...)*

*Xesús resucitou, leda esperanza  
miña e tamén dos seus amigos todos  
que irán a Galilea en recordanza.*

Os himnos pascuais complétanse cos das festas da *Ascensión* e *Pentecoste*. Na primeira atopamos un do P. Agrelo, sinxelo e fermoso, que comeza con estes versos: “O corazón xa o sabe/ con ser misterio/ que o teu camiño leva/ onda Deus mesmo”. Para festa de Pentecoste temos himnos que valen como boas oracións ao Espírito Santo; salientan os versos de X. Portas Ferro (“Quero loarte meu Deus” e “O Espírito do Señor fai de nós nova creación”), X.A. Miguélez (“Recibide o Espírito Santo”) e X.R. Estévez (“Ven Espírito Santo”).

3) Os himnos para o *Tempo Ordinario* comezan cos das solemidades da Trindade, Corpus e Sagrado Corazón, e rematan con Cristo Rei. Esta última traenos uns versos que nos sitúan o remate do ano litúrxico: “Da árbore das festas/ cae a última folla/ por ser outono/... Colleita de fartura/ no seu branco celeiro...”. Na festa da *Trindade* temos dous poemas do mesmo autor (P. Agrelo): “Trindade santa, inmensa a un tempo e unha” e “Amor, Palabra, Alento”. E outros dous de X. A. Miguélez para a do *Sagrado Corazón* (“Cantamos no teu nome agradecidos” e “O Pai, de nós prendado por unha paixón santa”). Para *Corpus* temos varios himnos xa musicados: “Salve, santo sacramento” e “Ti e-lo pan do ceo” de X. Portas, e “Honor e gloria a Ti, Cristo bendito”, de X.A. Miguélez; tamén temos o himno do P. Agrelo “Oh divina Eucaristía”. Os versos do primeiro dos de Portas tráennos ecos actualizados do “Tantum ergo”, para unha eucaristía que sexa unión con Deus e cos irmáns.

*Salve Santo sacramento,  
medicina e alimento,  
corpo e sangue non finxidos  
que a Palabra en si tomou,*

*de María recibidos,  
e na cruz nos entregou.*

*En ti témo-la alianza  
sen igual nin semellanza,  
que nos une en amizade  
estreitísima con Deus  
e sustenta a irmandade  
dos que fixo fillos seus. (...)*

A oración de cada día co *Salterio distribuído nas catro semanas*, que se repiten periodicamente ao longo do tempo ordinario, tráenos o grupo de himnos máis numeroso do *Diurnal* (75), nos que atopamos magníficas oracións e pequenas xoias poéticas. Como este poema-oración de M. Regal, “perdido” entre os 15 himnos comúns da hora intermedia.

*¡Que grandes aquelas mans  
que nos fixeron arreo,  
apretadas de traballo  
e de agarimo sincero!*

*¡Que fértiles tantas bágoas  
que regaron esta terra  
para que despois solecese  
a vida a mancheas nela!  
(...)*

*¡Como sabe a ti meu Deus,  
a vida de tanta xente;  
pois nela ti te nos mostras  
cal Deus loitador e perenne!  
(...)*

Os himnos para cada día de laudes e vésperas, e os comúns da hora intermedia e completas (pp. 897-1416), son na súa meirande parte de X. A. Miguélez (“Por fin o amor no cénit sen devalo”, “O día está petando na porta”, “Ó teu caron anova”, “Sucando

quedas”, “Millóns de anos atrás”, “Graciñas, Pai, que comparte-la vida”, “Da nube baixa á decaída rosa”, etc.) e de M. Regal (“Os paxariños do ceo”, “Ó remate deste día”, “¿Por que cantarán os galos?”, “Por máis que é noite pecha e medoñenta”, “¡Que gusto da espertar!”, “Cando pousan as sombras”, etc.). Teñen para min particular unción relixiosa e calidade poética estes versos do primeiro

*Da nube baixa á decaída rosa  
o orballo que a sostén fresca e vizosa,  
e a rosa, agradecida,  
á graciosa mercede recibida,  
fai do orballo fragancia deleitosa  
que en fíos de recendo rube, e rube  
a perfuma-la nube.*

*A alma pola voz de Deus unxida  
acada santa, inmordeira vida:  
xusto é que, como a rosa,  
pagadora da gracia milagosa,  
suba ó ceo de donde foi roscida,  
de gratitude anxélica emisaria,  
trastocada en pregaria.*

Neste longo apartado atopamos, tamén, a coñecida versión que R. Cabanillas fixo de “Cerca de tí Señor” (“Preto de ti vivir quero, Señor”), e poemas do P. Agrelo (“Foi luz da túa luz resucitado”, “Ó rompe-lo día”, “Do mundo era a cuarta xeira”, etc.), de U. García Amor (“Renecemos á esperanza”), A. García Vilariño (“Escoita, Señor, como cantan”), X. R. Estévez (“Rematamos, Señor, de traballa”), M<sup>a</sup> do S. González Raposo (“E Deus foi sempre Deus”) e Marica Campo (“Loado sexas, Deus, nas túas obras”), do que recollemos estas estrofas

*Loado sexas, Deus, nas túas obras,  
loado por poñer tanta beleza  
nos montes e nos ríos e nos prados  
no chan e no alto ceo desta terra.*

*Loado sexas na suor de esforzos  
que ergueron este mundo pedra a pedra.  
Loanza de quen loita, xeneroso,  
pra ser fillo e señor da nosa terra. (...)*

4) Os himnos para as festas dos *Santos* ocupan tamén unha considerable extensión, entre os que son comúns e que son os propios de algúns deles:

- Os himnos de Uxío García Amor para o común de apóstolos (“Compañeiros de Cristo”), a Conversión de S. Paulo (“No camiño de Damasco” e “Houbo Paulo, un momento preciso”), a Cátedra de S. Pedro (“Ti es Pedro, a pedra escollida”), a Candeloria (“María doce Naiña” e “Cando entraches, Xesús, nesta vida”), a Asunción (“María, que camiñas”) e a Transfiguración (“¡Que ben se está aquí, Señor!”).

- Os de X. Portas para os comúns de mártires (“Estes beberon da túa copa”, “Non quere o lagar máis uva”, “Sementaches na area”, “O vaso da fortaleza”) e o común de pastores (“Non te-lo rabaño, o Cristo”, “Pastor e dono que o teu pobo guías”), o común de María (“Saúde clara estrela, precursora do día”) e a Virxe do Carme (“A Deus nos leve este día”), para Sta. M<sup>a</sup> Magdalena (“Cun froito sen color e sen recendo”), Santiago (“Ó alén, o alén do poñente”) e os Santos Anxos (“Santos Anxos, faíscas”).

- Os de M. Regal para S. Rosendo (“Honremos a Deus con loas”), S. Martiño (“Loámoste, Deus bo, que nos visitas”), S. Telmo (“Pai que nos dá-lo teus santos”), Santo Toribio (“Neste día de gloria e de festa”), S. Pedro de Mezonzo (“Flor de labregos”), S. Froilán (“Apóstolo de Galicia”), Tódolos Santos (“Feron pobres, con fe, sen amargura” e “Coas luces deste día”) e os Inocentes (“En Belén cantan os anxos”).

- Os do P. Agrelo para S. Rosendo (“Neste día de Marzal”), S. Pedro (“Abeira a barca, Simón”), Santiago (“De pedra, de granito”, “Nesta hora primeira do teu día” e “O alustro das olladas”), S. Pedro de Mezonzo (“Neste día, Señor, que facemos”), S. Froilán (“É tempo de colleitas”) e S. Miguel, S. Gabriel e S. Rafael (“Anxo da paz”).

- Os de X.A. Miguélez para o común de apóstolos (“Xa é pan o trigo”, “A nova do misterio”) e común de virxes (“Seguimos o teu ronsel” e “Deus alegrou a súa mocidade”), para S. Xosé (“Deus de gracia e traballo”, “Gózate varón xusto”), a Anunciación (“Bendito o corazón que se fai niño”) e a Virxe das Dores (“Xosé pensaba en repudiarte”).

• Os de M<sup>a</sup> do S. González para o común de virxes (“Deixaches que a luz fixese”) e para varias festas de María: a Concepción (“Xogaba Iavé un día”), a Natividade (“Hoxe naceu a estrela”), a Presentación (“Ían de mañá, moi cedo”), a Visitación (“E foi axiña María”), a Virxe das Dores (“Ó pe da porta do templo”) e a Asunción (“Rube, rube, Naiciña”).

• Non podemos esquecer os himnos marianos de R. Cabanillas (“¡Estrela do norte, ben aparecida!” e “¡Virxe santa do Carmelo!”) e Saco y Arce (“Alá por riba do frondoso souto”, “Nai divinal, nai querida”, e “Salve, Virxe bendita, María”).

Como se ve, o *Diurnal* é un rico e variado conxunto oracional galego, que pode ser tamén unha magnífica fonte de letras para a necesaria creación musical litúrxica. Oxalá que este traballo servise para descubrir algo dos seus tesouros ocultos de oración e de poesía relixiosa en galego, e animase a achegarse a el e rezar con el.

## Apéndice. Os autores dos himnos

### a) Autores clásicos galegos

**Xoán Antón Saco y Arce** (1835-1881).

“Alá por riba do frondoso souto” (p. 1652, 1829)

“¿Como, bo Deus, como lonxe?” (p. 458)

“Nai divinal, nai querida” (p. 1777, 1836)

“Salve, Virxe bendita, María” (p. 1838)

**“Eduardo Pondal”** (1835-1917)

“Non veu dos duros éforos” (p. 244)

**Manuel Lago González** (1865-1925)

“Neno de cabelos de ouro” (p. 191)

**Ramón M<sup>a</sup> del Valle Inclán** (1870-1936)

“Sobre o sol e a lúa” (p. 189)

**Ramón Cabanillas** (1876-1959)

“¡Estrela do norte, ben aparecida!” (p. 1630)

“Preto de ti vivir quero, Señor” (p. 1071)

“¡Virxe santa do Carmelo!” (p. 1591)

**Alvaro Cunqueiro** (1911-1981)

“Meu pequerrechiño” (p. 200)

**Celso Emilio Ferreiro** (1914-1979)

“Unha vez houbo un home” (p. 187)

“Xuntei o vento frío coa auganeve” (p. 185)

### b) Autores non galegos

**S. Francisco de Asís** (1181-1226)

“Omnipotente, altísimo, bondadoso Señor” (p. 1702) e a adaptación “Señor Xesús, bendito sexas”.

**Augusto Gil** (poeta simbolista portugués, 1873-1929), “E o Meniño Xesús non durmía” (p. 203).

**P. Martins**, autor portugués da fermosa cantiga “Acharte presente na vida” (p. 999).

**Julien** é o autor francés da coñecida cantiga litúrxica “Victoria, ti reinarás” (p. 456).

*c) Autores descoñecidos*

“Ven, Espírito Santo dáno-lo teu amor” (Adaptación da Secuencia).

“Onda Ti, noso Pai, á tardiña” (Adaptación do espiritual negro).

“Que xesto, Señor, tiveches comigo” (Traducción do castelán). (...).

“Finísimo o liño con que ela”.

“Nai e socia de Cristo”.

“Autor da luz e da auga”.

“Como un paxaro se ergue á aurora”.

“Orballo fatureiro, orballo agachadiño”

“Pescador de rede e barca a cotío”.

*d) Autores contemporáneos*

**Xosé Antón Miguélez**

A noite cobre vidas e evidencias (p. 1389)

A nova do misterio fermosísimo (p. 18519)

A raxeira de Deus, sol que nos cura (p. 848)

Ancora e salvación (p. 1549)

Bendito o corazón que se fai niño (p. 1491)

Bendito, Pai, polo home (p. 529, 879,1316)

Bos días, Deus querido (p. 1305)  
Canta xente no día que culmina (p. 1298)

Cantamos no teu nome agradecidos (p. 791)

Cantémo-la nobreza desta loita (p. 456,488,1666)

Coa noite pechan aulas e talleres (p. 1333)

Da nube baixa á decaída rosa (p. 1132)

Da que Deus mamou o leite do seu peito (p. 243)

Deus alegrou a súa mocidade (p. 1914)

¡Deus de gracia e traballo! (p. 1473,1523)

Diaño e mundo, carne e pecado (p. 1970)

É o amor quen nos urxe (p. 299)

Eramos cegos e agora vemos (p. 297)

Escurecen co loito as montañas (p. 878)

Esperta o día (p. 1287)

Estan contigo os pobres no sepulcro (p. 503)

Firmísima Alianza (p. 458)

Gózate, varón xusto, san Xosé (p. 1475)

Graciñas Pai que compárte-la vida (p. 1089)

Gracias, Pai querido (p. 357)

Honor e gloria a Ti, Cristo bendito (p. 778)

Mentres durmimos (p. 1322)

Millóns de anos atrás, pra ti un día (p. 988)

Miudiño e manseliño (p. 121)

Moito nos tarda verte (p. 31)

Nesta casa de pedra (p. 1812)



- O día está petando á nosa porta (p. 922)
- O día foi chegando ó seu declive (p. 933)
- O mundo que creaches pra ledicia (p. 28)
- O Pai, de nós prendado (p. 795)
- Ó teu carón anova (p. 949)
- Para que os mudos canten (p. 1808)
- Polo teu amor tan fiel (p. 915)
- Por fin o amor no cenit sen devalo (p. 876, 904)
- Que a voz da Igrexa sexa un canto ledo (p. 1545)
- ¡Que gozo comezar contigo o día! (p. 1201)
- Recibido o Santo Espírito (p. 753)
- Se a serpe nos engana co pecado (p. 1670)
- Se o artista crea ¿non creas Ti con el? (p. 1236)
- Seguimos o teu ronsel (p. 1910)
- Sentímoslle o anxo a profecía (p. 157,197)
- Sucado quedas, esforzo da xornada (p. 965)
- Velaquí o meu Servo (p. 283)
- Volvédevos a min, di o Señor (p. 301)
- Xa é pan o trigo (p. 1850)
- Xesús, irmán do mundo (p. 1264)
- Xesús Señor, abaixácheste ó fondo (p. 844)
- Xosé pensa en repudiarte (p. 1677)
- Manolo Regal** (Aparecen marcados cun (\*) os poemas difíciles de atribuir a este autor ou a X. A. Miguélez)
- Á porta está o Señor (p. 461 )
- Ante Ti, postrámonos adorando(p. 1168)
- Anxo de paz, Miguel, e protector (p. 1684)
- Apóstolo en Galicia (p. 1703)
- Bendito ti, Xesús resucitado (p. 532)
- Brillante Creador (p. 27)
- Coas luces deste día (p. 1746)\*
- Coas primeiras luzadas do día (p. 1185)\*
- Cando pousan as cousas (p. 1196)\*
- Cantas veces... (p. 1404)
- Coa luz primeira do día (p. 1253)
- Coma unha humilde labrega (p. 208)
- Con ramos e palmas chegade (p. 463 )
- Con cánticos de festa, xubilosos (p. 516 e 530)
- Contigo no amencer e ó mediodía (p. 529, 1281)
- De norte a sur, que cante a terra toda (p 532)
- Deus, o sol do meu inverno (p. 1396)
- É domingo, grande festa (p. 1161)
- E todo era moi bo (p. 1218)
- En Belén cantan os anxos (p. 1793)
- Flor de labregos (p. 1659)
- Foron pobres, con fe, sen amargura (p. 1757)
- Gloria a Deus no ceo (p. 194)
- Honremos a Deus con loas (p. 1462)
- Loámoste, Deus bo, que nos visitas (p. 1480)
- Loemos aquel neniño (p. 176)
- Loemos xuntos con Xoán a Deus (p. 1789)\*
- Nazaré fixose grande (p. 182)

Neste día de gloria e de festa (p. 1519)

Neste día, Señor, en que facemos (p. 1657, 1757)

Ó remata da xornada (p. 1928)

O remate deste día (p. 1035)

Os paxariños do ceo (p. 938)

Pai que nos da-los teus santos (p. 1514)\*

Palabra do Señor (p. 33)

Porque somos pecadores (p. 296)

¿Por qué cantarán os galos (p. 955)

Polos froitos traballados (p. 1005)

Por máis que a noite pecha (p. 1016)

Que grandes aquelas mans (p. 877)

¡Que gusto dá espertar! (p. 1043)

Que toda lingua proclame (p. 708)

Quen me dese... (p. 1395)

Señor da mañá e da tarde (p. 1230)

### **P. Agrelo**

Aínda quedan cantares no Nadal (p. 206)

Acolle, Pai eterno, no teu peito (p. 1957)

Abeira a barca, Simón (p. 1579)

Alicerces consagrados (p. 1846)

Amor, Palabra, Alento (p. 769)

Antes de que remate en sono a xeira (p. 1385)

Anxo de paz, Miguel... Gabriel... (p. 1684)

Baixaches do alto ceo, Luz sagrada (p. 158,164)

Cando os sinos lle dan cita (p. 155, 171)

Creador entrañable do universo (p. 28)

Cristo Señor, Sabedoría eterna (p. 1904)

Da árbore das festas (p. 843)

De pedra, de granito (p. 1598)

Do mundo era a cuarta xeira (p. 1077)

Do ceo nos vén un Año (p. 29)

Espírito de Deus, que en todo gritas (p. 760)

É tempo de colleitas (p. 1705)

Foi luz da túa luz, Resucitado (p. 1024, 1149)

Hoxe acollen as augas do Xordán (p. 285)

Luz que de branca fai de neve o monte (p. 1614)

Neste día marzal de San Rosendo (p. 1464)

Nesta hora primeira do teu día (p. 1601)

Neste día, Señor, en que facemos... (p. 1657)

¿?Non podo dicirche non (p. 156)

O alustro nas olladas (p. 1603)

O corazón madruga (p. 123,160)

O corazón xa o sabe (p. 704)

Ó rompe-lo día (p. 1060)

Oh divina Eucaristía (p. 782)

Pastor de Israel, xa chegan (p. 33)

Traballara Deus no barro (p. 120)

Ten unha rosa Santa María (p. 166)

Tralos montes do abreinte (p. 485)

Trindade santa, inmensa e unha (p. 765)

Veño traerche, Señor (p. 1386)

### **Xesús Portas Ferro**

A Deus nos leve este día (p. 1593 )

Cantádelle ó Señor unha cantiga (p. 533)

Con tódalas criaturas entoémo-la canción (p. 533)

Cun froito sen color e sen recendo  
(p. 1595)

Estes beberon da túa copa (p. 1860)

Na tardiña baixa da vida (*Ad. De Gabarain*, p.1969)

Non quere o lagar máis uva (p. 1866)

Non te-lo rebaño, oh Cristo (p. 1891)

Ó alén, ó alén do poñente (p. 1599)

O Espírito do Señor (p. 756)

O vaso da fortaleza (p. 1882)

Pastor e dono que o teu pobo guías  
(p. 1897)

Quero loarte, meu Deus (p. 720, 871)

Salve, santo sacramento (p. 777)

Saude clara estrela, precursora do día (p. 1821)

Somos no templo de Deus pedras vivas (p. 1808)

Santos Anxos, faíscas (p. 1694 )

Sementaches na area (p. 1877)

Ti e-lo pan do ceo, novo maná (p. 783)

### **Uxío García Amor**

Alédate, María (p.1822)

Cando entraches, Xesús, nesta vida  
(p. 1442)

Compañeiros de Cristo (p. 1847)

Houbo, Paulo, un momento (p. 1430)

Hoxe naceu a estrela (p. 1650)

María, doce Naiciña (p. 1439)

María, que camiñas (p. 1627)

No camiño de Damasco (p. 1430)

Que ben se está aquí (p. 1617)

Renacemos á esperanza (p. 1271)

Tí es, Pedro, a pedra escollida (p. 1454)

### **Mª do Salvador González Raposo.**

Deixaches que a luz fixese (p. 1909)

Deus vixía o meu berce (p. 179)

E Deus sempre foi Deus (p. 1125)

E foi axiña María (p. 1539)

Hoxe naceu a estrela (p. 1650)

Ían de mañá moi cedo (p. 1765)p.1439)

Ó pé da porta do templo (p. 1675)

Rube, rube, naiciña (p. 1633)

Xogaba Iavé un día (p. 1774)

### **Andrés García Vilariño e Xosé Cruz**

A noite non demora (p. 1390)

Escoita, Señor como cantan (p. 873, 971)

Preparemo-los camiños (p. 122)

Queda, Señor, connosco (p. 527)

Santa Pascua inmogada, aleluia (p. 522)

### **Xosé Ramón Estévez**

Aleluia, aleluia, o noso Señor resucitou (p. 528)

Que se abran os ceos (p. 31)

Rematamos, Señor, de traballar  
(p. 1212)

Ven, Espírito Santo, vennos anovar  
(p. 721, 873)

### **Antonio Fernández León**

Andarei na presenza do Señor (p. 293)

Escoitando a túa chamada (p. 294)

Non leves para o camiño (p. 1923)

### **Xabier Méndez**

Ceos, chovede a vosa xustiza (p. 123)

Marana tha. ¡Ven, Señor Xesús! (p. 120)

- Xermolará a raíz de Iexé (p. 121)
- Camilo A. Andrade**  
Non busquedes entre os mortos  
(p. 1957)  
Resucitou o Señor (p. 1964)
- M<sup>a</sup> do Carme Villar**  
Compañeiros de Cristo seus  
amigos (p. 1847)  
Luz eterna (p. 1402 )
- Odilo González**, pasionista  
Cando a morte, Señor nos rodea  
(p. 1965)
- Manuel Feijoo**, franciscano xa  
falecido  
Quédate, Señor, connosco (p. 1143)
- Francisco Fernández González**, Somasco  
Chegou, chegou na noite (p. 156)
- Bernardo García Cendán**, cura  
ferrolán  
Sempre adiante, sempre adiante  
(p. 459)
- Marica Campo**, excelente poeta  
galega con varios libros publicados  
Loado sexas, Deus, nas túas obras  
(p. 981)
- Carme Pérez-Xosé Luís Reza  
Cabano** (músic.)  
Qué bonito despois do traballo (p.  
1830)

**Victorino Pérez Prieto**



# J. L. Blanco Vega, xograr de Deus

Modesto Vázquez Gundín

O 25 de Xaneiro, ás 23,30, falecía no Hospital Juan Canalejo o xesuíta José Luis Blanco Vega. Coa súa morte íase de entre nós un excepcional compañeiro e amigo, un dos grandes poetas sagrados do século XX.

## **Breve nota biográfica**

Para aqueles que non o coñeceron, adianto estas notas biográficas: nacido en Mieres no ano 1928, na súa nenez sufriu o embate da guerra civil cando a aviación derrubou a casa familiar, tendo que emigrar á casa duns parentes na montaña asturiana. Quedoulle impactada a sensibilidade para sempre... Estudando nun colexio de relixiosos na mesma Mieres, pediulles aos pais ir estudar para sacerdote a Comillas. Alá foi no ano 1942, destacando inmediatamente polas cualidades literarias. Enfermo de pleuresía, o tempo de recuperación deulle oportunidade de ler literatura que o marcou, dada a capacidade e memoria prodixiosa de que dispoñía para calquera dos xéneros literarios. En Comillas tivo como profesor ao aínda novel daquela Alonso Shöckel, que viu nel un poeta superdotado, contribuíndo de forma decisiva na súa formación. Compañeiros del recordo que nomeaba a Basilio Martín Patino, José María Cabodevilla...

Sentíndose chamado á Compañía de Xesús, ingresou no noviciado de Salamanca no ano 1950; no 53 volvía a Comillas a estudar filosofía escolástica; iniciou daquela unha relación de longa amizade co entón compañeiro de aula, Jesús Aguirre, o futuro duque de Alba (daquela condiscípulo coma seminarista diocesano, pois nunca foi

xesuíta contra o que din algúns), quen trataría de lanzalo a concursos nacionais de poesía, o Adonais concretamente, cousa que Luis rexeitaba, pero que por amizade aceptou unha vez.

Profesor por tres anos no Seminario de Carrión (Palencia), nas sinxelas follas internas colexiais deixou pequenas mostras do seu enxeño, tanto literario como de humorista. Lembrámolo arre-medando, ou refacendo noutro contexto, a Góngora, Quevedo, Lorca, Gerardo Diego, Álvaro de la Iglesia, Jardiel Poncela, Tono, Mihura..., de xeito que non sabía un onde estaba o orixinal ou a réplica. Logo teoloxía en Granada, saboreándoa como el sabía e podía.

Foi profesor de literatura no Colexio dos xesuítas da Coruña, desde os anos 68-70, de formación do estilo, de medios de comunicación, especializándose en todo o relativo ao cine: composición, montaxe, historia, etc. De feito, fixera un curso organizado por TVE, en Madrid, sobre medios audiovisuais. Cursos abundantes a profesores de Ensino Medio sobre estes temas repetiunos nos veráns.

Chamado a renovar o himnario litúrxico, débémolle unha serie de himnos que calquera identifica no seu sabor.

### **Floriñas de Luis**

Cando no funeral, deixando outras cousas, quixen facer memoria do que nos deixaba como exemplo peculiar, menos coñecido, no seguimento de Xesús, recollín un pequeno feixe de floriñas, cinco instantáneas da súa vida, na longa convivencia comigo.

Sei que se podían escoller moitas máis, pero para a homilía chegaban esas cinco, significativas das súas fondas actitudes. Chameinas: *Claudín, Miguelín, Reformatorio, Himnos litúrxicos, Sí...*, dos últimos tempos.

*Claudín* era, cando nós estudiabamos, un pescador de Comillas, humilde e pobre, sen apenas recursos para a súa longuísima familia, cuns 14 ou máis fillos, segundo chego a lembrar. O espírito de Luis, que o apuxaba a buscar sempre ao pobre e ao que sofre, levouno a descubrir a Claudín ata labrar fonda amizade con el;

pasaba horas de asueto con el na casa, falando e falando entrañablemente. O empeño de Luis faría posible por medio doutras amizades mover certas institucións, ata darlle una lancha para poder ir pescar pola súa conta. Barquiña de remos, que lle permitía a Claudín saír en por si, e que penso chegou ter despois motor. A alegría de Luis e Claudín, a festa que fixeron pola lancha foi a que só os pobres poden facer. Hai uns anos puiden pasar por Comillas.

– ¿Non é esta cas Claudín?

– Si que o é.

– ¿Lembrades a Luis Blanco?

– Como non. Cóntanos del– Amigos para sempre deixaba Luis. “Era un da casa, un irmán” repetíusenos centos de veces estes días.

*Miguelín*: descubriuno Luis no Hospital de Salamanca; o anxo do hospital, querido e ata mimado por todos; un tumor no cerebro íao gastando entre dores paseniña e cruelmente. Todas as tardes, no ano da terceira probación que fan os xesuítas, achegábase Luis ao Hospital: contos que sabía narrar marabillosamente, pequenas alegrías, un detalle para contentar e distraer a Miguel... era para Luis algo que non lle podía faltar diario. Ninguén llo impuxera: foi descubrimento do que sofre e fidelidade o que levou a Luis incansablemente ao hospital. Ata o día en que a cabeza do neno estoupou entre alaridos que encheron o hospital. Gardou Luis por moito tempo a foto tremenda do pequeno coa aquela cabeciña arrepiente.

Tal fora tamén o tempo no que, estudante de Teoloxía en Granada, descubriu as miserias do *Reformatorio* onde eran “reeducados” orfos e nenos da rúa. Para eles aprendeu a tocar a guitarra; para eles comezou a compoñer cancións para diversión, sempre cunha mensaxe sutil evanxélica: *Pepito Twist* (“Ay va qué tío que es Pepito cuando baila twist...”), o *Rock de la muerte* (“No me diga qué tengo que hacer... porque la mujer pálida me sienta mal a mí...”), as *Preguntas de Don Diego*: (“–Juanito, ¿qué, don Diego?/ –dime ¿qué sabes de Dios? /–Juanito – ¿qué, don Diego?/ –dime si es uno o son dos;/ dime si es que lo ves/ cómo siendo uno pueden ser tres...”) Cativados pola súa alegría e humor íaos gañando para sí

mesmos e para a vida, naquelas condicións, ás veces ata crueis, en que se pretendía *reeducalos*... Garda, hoxe en día, a familia a guitarra que lle regalaran os rapaces do reformatorio para que lles seguise cantando e lembrándoos sempre...

Cuarta florina: chameina *Himnos litúrxicos*. Toda unha historia que me deixou relatada á máquina nunhas follas –e coma nota confidencial–. Como o bispo Tarancón co xesuíta M. Patino, e baixo o asesoramento de José Luis Martín Descalzo, xuntaron en Alba de Tormes, Semana Santa de 1970, “as máis altas plumas da lírica nacional para a tarefa de adaptación e renovación do himnario latino tradicional”. Alí Alonso Shöckel e máis Juan Mateos propuxeron as liñas básicas da redacción dos himnos: *poesía obxectiva* (deixando sentimentos propios para buscar o sentir común da Igrexa), *austeridade formal*, que limitaría a creación máis espontánea, as resonancias máis persoais e *limitación “funcional”* pois os himnos deixarían aberta a porta para a posible e desexable musicalización. “Todos estes elementos, tan escasamente poéticos, ían funcionar como auténticos factores de distanciamento entre o que o poeta quixera dicir e o que de feito podería dicir”. A pregunta saíu con forza ¿quén será o encargado de dar o *si* ou o *non* á nosa colaboración: teólogos... poetas? ¿E o pago do traballo?... Silencio.

Por riba, serían tamén *anónimos*, para que chegasen a ser simplemente cantares e himnos do pobo, segundo aquela copla que recorda Luis no seu “confidencial”: *hasta que el pueblo las canta/ las coplas, coplas no son/ y, cuando las canta el pueblo,/ ya nadie sabe el autor*.

A florina de Luis Blanco Vega consistiu precisamente niso: aceptar obedencialmente todas esas condicións, disposto a entregar o seu caudal poético-relixioso á Igrexa, quedando el nun total e nun anonimato. Alguén, lendo nos seus himnos comentou: “vexo a man de Luis Rosales” no himno *Hora de la tarde* tan lopevegiano... Outro comentaría: “hai que supoñer que algúns dos novos himnos [refírese a algún de Blanco] haberán de ser obra de José María Valverde”. “*Ése es mi gozo*”, remata a “nota confidencial”. Porque ese acaba sendo o xuízo de tantos como recitamos a diario os seus himnos. Un xenio que endexamais quixo lucir coma tal...; que quixo pasar sen notar..., ata o punto de que, comentaba ultimamente, “xa



non me apetece compoñer: o meu labor queda feito...”; e marabillábase de que xa non lle apetecece escribir máis poemas, el, que para Shöckel iera poesía!

A sorpresa saltou cando un día atopou publicados co seu nome algúns dos seus himnos; outras persoas musicalizábanos co consabido *letra de J. L. Blanco e música de...*

– Modesto, ¿cómo pode ser isto, se o compromiso sempre foi gardado rigorosamente por min?– Dou fe pública de que así foi.

Non digamos cando despois de que, prologado por L. A. Shöckel, a Editorial Sal Terrae publicase o libro de poemas, xa sen gardar nada, pois estaban practicamente todos publicados dalgún xeito, unha chamada feminina reclamase para o seu home falecido a autoría dun himno que eu mesmo lle vira escribir en Madrid... *¿Qué facer?* preguntábase e preguntábame.

– ¿Qué medo podes ter, se téis tantos testemuñas de que es ti o autor...?– A cousa non foi a maiores.

Floriña anónima... Quero lembrar o que un día escribira Torres Queiruga: que se debía a J. L. Blanco unha homenaxe na Igrexa polos seus maravillosos poemas litúrxicos: como non facer memoria dalgúns títulos: *La noche, el caos, el terror, Sentencia de Dios al hombre, Señor del cielo y el suelo, Alfarero del hombre, Tu poder multiplica, Hora de la tarde, ¿Cómo te encontraremos...?, Quédate con nosotros, la tarde está cayendo, ¿Qué ves en la noche...?, Gracias porque al fin del día, Esta mujer no quiso...: oh, cruz fiel, ¿Quién es ése que viene...?*

– Non sei, Modesto, como me presentarei diante de Deus. Son un prato limpo– dicía poucos días antes de morrer.

– Décheslle a millóns de persoas palabra para o seu sentimento; sentimento para a súa palabra; palabra e sentimento para a Igrexa–díxenlle con moitos...

Cando lle comuniquéi que o seu mal era un tumor cerebral, a resposta que lle saíu foi: “iránseme acabando os días da nostalgia de Deus...”

A quinta floriña que lembrei na homilía fora a dos seus *Si*: os si con que desde moitos meses atrás decidiu non se negar a calquera

petición que se lle fixese para actuar na Igrexa: ben como confe-renciante; ben refacendo os seus *via lucis*, retomado cada ano cheo de actualidade; ben predicando novenas ou outros encargos. “Non direi non ao que me pidas...”; e máis para el era un tormento ter que saír, porque lle desgustaba ser elixido polo aprecio que lle tiñamos como home excepcional da palabra e rexeitaba as que vía eleccións que nós sentíamos obrigadas.

A última conferencia que pronunciou, o 30 de novembro 2004, na novena da Inmaculada, *María entre los poetas*, revelou, como un chanzo máis, a caída que o seu cerebro viña sufrindo: no último cuarto de hora, viu que perdía camiño, “los papeles”, dicía, e come-zou a explicar familiarmente á concorrência a debilitación que coñecíamos na comunidade, para rematar cun romance propio á túnica de Xesús, tecida pola súa nai.

– Non é cuestión de humildade polo fracaso; as cousas son así; non hai lugar nin para a humildade

O 3 de decembro celebrou a última misa pública, non sen grandes atrancos que revelaron a fondura do mal. Poucos días despois recibía o diagnóstico neurolóxico.

Escribíame o P. Ignacio Iglesias: “Luis Blanco era moito Luis Blanco e botaredes moito en falta a súa presenza na comunidade”.

Hai cousas que só se saben na familia, ou, entre nós, na casa relixiosa: a súa capacidade de inventar, de lembrar cousas de cando nenos, de novicios: *aquilo que dixeras...*, a capacidade de humor, inventando ou reproducindo, a inesgotable e amenísima conversa, os relatos, os recitados de poemas, na sobremesa nocturna.

Era moito don o que recibimos en Luis, o que recibiron moitísimas persoas que sería inacabable relatar: floriñas de ir dar clase, nos veráns, na aldea aos picariños sobre gramática e métrica, compoñendo para eles leccións axeitadas, de acudir aos enfermos, de subir a pé cada domingo, xa mal como estaba para camiñar, 80 escaleiras para a comunión a un enfermo moi delicado e case incapacitado....

Queda vivo na memoria, queda vivo na oración preciosa da Igrexa cada día, “y... *nadie sabe el autor...*”

**Modesto Vázquez Gundín**



# **Romero: conversión, acción, utopía, martirio**

## **No vintecinco aniversario do seu martirio**

**Celia Castro Ojea**

Cando o picariño Óscar Arnulfo Romero agardaba, vestido de domingo, a chegada do primeiro bispo que visitaba Ciudad Barrios, un só desexo borbullaba no seu corazón.

- Que queres ser de grande?
- ... Eu ... eu quixera ser como “los padres” ...
- Bispo, vas ser ti.

Deste xeito, case cinematográfico, ficou marcado por dedo de bispo o futuro Monseñor Romero.

Seminarista tímido, estudante en Roma. De primeiras a súa ideoloxía é conservadora, mesmo inquisitorial, compracente coas xerarquías e as “forzas vivas”, arrepiado polo comunismo, segundo nos conta María López Vigil no seu fermoso libro “Monseñor Romero, piezas para un retrato”, editado polos Comités Óscar Romero de España.

Como pertencente ao “sistema”, é preconizado bispo e despois nomeado arcebispo de San Salvador. Alleado da realidade ao comezo do seu bispado, interpelado por ela, despois. O seu pensar tradicionalista, pechado no mundiño conservador circundante, prima sobre a compaixón.

Tiña xa sesenta anos; pero non hai idade para que actúe o Espírito. Romero convértese e, como Paulo, “cae do cabalo” diante do cadáver do xesuíta Rutilio Grande, fondamente apreciado por el e asasinado polo exército governamental.

Os ollos abertos de Rutilio e os dos campesiños que o acompañaban, abren os ollos de Romero á trágica realidade do seu pobo, e alí mesmo, na súa presenza, transmuta a súa voz na do Padre Tilo: “Hai que estar de parte dos que sofren, ninguén ten amor meirande que o que dá a vida...”

E pasa á acción. Nese funeral polos tres mártires, Romeroponse para sempre xamais a carón do pobo sufridor, masacrado por unha guerra interminable e comeza os tres últimos anos da súa vida, plenos de acción, de utopía, de loita e por último o martirio.

*O pícaro que andaba a facer  
arruinouse nas mans do oleiro.  
Este comezou de novo  
e transformouno nun moi diferente.*


(Xeremías 18,4)

Disque hai bautismo de sangue, bautismo de lume e tamén bautismo de pobo. O bautismo de Romero foi na misa por Rutilio Grande. As súas palabras: “¡O que toca a un dos meus sacerdotes, a min me toca!” remataron nun grande aplauso de inmensa multitude. Foi entón cando Romero entrou na casa do seu pobo e naceu de novo.

Nada máis ser nomeado, ao arcebispo chovéronlle os galanos dos ricos: unha grande casa, un gran coche, un gran aparello de son ... idous mil cincocentos pesos daquela! Non aceptou ningún. As clases dirixentes seica comentaron: “¡este rapaciño safunos malcriado!”

Foi daquela cando decidiu ir vivir ao Hospital da Divina Providencia para doentes terminais, e a comunidade acolleuno entusiasmada a pesar de que moitos benefactores comezaran a retirarlles as axudas. ¡Tedes convosco a un espantaesmolos! Un cuarto humildísimo ao pé da sancristía, unha cama e unha hamaca, deixaron sen fala ao enviado do nuncio.

Un día trouxéronlle un libro de regalo: “Vostede tamén pode ser enganado polo comunismo”, daquela xa tiña gañado o epíteto de comunista, máis aínda cando se atreven a crear no arcebisado, e cos seus cartos, o Socorro Xurídico, grupo de avogados que axudaba gratuitamente aos oprimidos en problemas de terras e preitos.



Romero deulle un grande impulso ao movemento ecuménico que viña medrando no Salvador axuntando a católicos e protestantes luteranos, episcopais e baptistas nunha comunión de charlas, reunións, celebracións conxuntas, ata chegar a dicir un vello pastor luterano: “Agradezo ao Señor ter coñecido a un home de Deus”. O arcebispo chamáballes “os irmáns de Enmanuel” e eles “irmán Romero”.

Seis bispos había no Salvador, catro eran belixerantes en contra, só Monseñor Rivera o apoiaba claramente e... chamárono de Roma. Alá foi con 600 páxinas de documentos que tivo que reducir a 6 para seren admitidas pola Curia. “Vostede ten que lembrar que Xesucristo foi moi prudente en toda a súa vida pública”. “¿Prudente? E se foi tan prudente ¿por qué o mataron?”. O cardeal Baggio ameaza: “Os bispos respondóns non teñen cabida nesta Igrexa”. Da entrevista con Montini saíu moi esperanzado. “¡Ánimo! vostede é quen manda”, dixéralle o Papa.

No 77, as cousas puxéronse peor. O F.L.N. secuestrara ao chanceler Borgonovo e os rexistros a parroquias, cacheos, detencións arbitrarias, torturas a colaboradores do arcebispo comezan con grande virulencia, sobre todo despois do asasinato do chanceler, que pertencía a unha das 14 familias propietarias de El Salvador. Apareceron pintadas nas paredes “Fagan patria, maten un cura”. Os escuadróns da morte continuaron a súa macabra tarefa mandados por Roberto d’Abuisson. Todos os sacerdotes e catequistas que saían nos programas de radio do arcebispado foron asasinados. A voz de monseñor clamaba na catedral: “Paren a violencia”; pero o sangue de milleiros de mártires seguiu regando El Salvador.

Na acción, Romero enfróntase ao imperio, perde os medos, mesmo é quen de escribirlle ao presidente Carter: “O que necesitamos non son balas, son feixóns. As armas veñen de fóra; pero os mortos son todos salvadoreños”. Un mes máis tarde caía abatido por unha bala. Nunha das últimas homilías deixouno dito: “O que se entrega por amor a Cristo, ao servizo dos demais, vivirá como o gran de trigo, que morre; pero só aparentemente morre. Se non morrese ficaría só. Se dá froito é porque morre, déixase inmolar na terra, desfacerse e só desfacéndose produce a colleita”.

Este tempo de acción é tamén tempo dun certo recoñecemento en Europa do seu labor pacificador. En Lovaina, onde recibiu o doutoramento *Honoris Causa*, pronuncia a famosísima frase, quizá a máis repetida despois da súa morte: “¡A gloria de Deus, é que o pobo viva!”.

Romero vive a utopía dos pobres. Non sosega coa realidade, traballa pola paz no seu pobo. Concienciado, busca, traballa por erradicar a violencia, a miseria, a sanguenta guerra civil.

A súa palabra era farturenta: “Os pobres dannos luz, fe e esperanza. Un corazón máis humano”. Os pobres déronlle a forza necesaria para atopar o senso da súa vida. Eses que non teñen a palabra, porque a nós non nos chega a palabra do pobre. Romero foi a voz dos que non teñen voz, dos que non teñen nome, nin palabra, nin voz. A vida de Romero foi a procura do non lugar, da utopía, da paz que tanto necesitaba o seu país.

Di o xesuíta Jon Sobrino que mártir é aquel que ten misericordia ata o final. A el o odio contra a inxustiza encamiñouno ao martirio. O pobo indefenso de El Salvador e todos os masacrados de América Latina, son os servos doentes de Iavé, son os crucificados na historia nunha indefensión total.

A voz de Romero faise oír pola radio no seu derradeiro discurso (eses discursos-homilías que arrepiaban ao poder) antes de ser asasinado. “¡No nome de Deus, paren a represión, cesen os bombardeos! Eu dígolles aos soldados inon matarás! ¡Paren a guerra!.

O día 24 de marzo de 1.980, contra a noite, na capela do Hospitalillo das monxas, ergueu nas súas mans a Aquel que está decote a carón dos pobres, dos excluídos, dos que padecen necesidade e teñen necesidade de vivir. Un disparo desde a porta, partiulle o corazón no ofertorio. O seu sangue caído no altar foi semente de paz. Os seus asasinados non puideron apagar a súa voz denunciadora das inxustizas e que chamaba pola liberación dos oprimidos. “Se me matan, non morrerei, seguirei vivindo no pobo salvadoreño”.

**Celia Castro Ojea**

Mestra. Do Comité Óscar Romero da Coruña.



# Primeiro cabodano do 11-M: a dor desorientada

Xosé Luís Barreiro Rivas

## 1. “Enchede a terra e sometédea (Xen 1, 28)

A idea de someter a Terra, que determina a diferenza establecida no Xénese entre o home e as restantes especies vivas, non fai referencia ao poder das armas, nin ao puro control derivado dos avances técnicos, senón ao proceso da civilización e da cultura. Lonxe de nacer e morrer por instinto, o home é capaz de darlle sentido á súa vida e a todo canto nela acontece, e de encher de significados o proceso natural da súa realización. Nacemento e morte, pracer e dor, xuventude e vellez, sexo e espírito, instinto e intelixencia, egoísmo e solidariedade, son hoxe feitos socializados, nos que cada individuo verte, máis alá dos sentimentos da propia individualidade, un cúmulo de percepcións recibidas dos devanceiros e transmitidas aos herdeiros, nun proceso acumulativo que nos permite interpretar o noso papel no mundo, e responder a todas as esixencias que van implícitas no mandato de Deus.

No seu máis amplo sentido, tamén a relixión forma parte desta com-

plexa teleoloxía, xa que, con independencia dos valores da revelación e da fe que lle dan singularidade e autonomía fronte ao devir da cultura, tamén forma parte da visión civilizada do mundo, como un saber que se transmite, como unha cosmovisión que evoluciona no contexto científico xeral, e como unha expresión socializada da transcendencia que se manifesta en formas moi diferentes de comprensión, organización e realización. Por iso non debe resultarnos indiferente o feito de que, alén doutros posibles enfoques, a recente celebración do primeiro aniversario dos atentados do 11 de marzo de 2004 se convertese na solemne confirmación de que os españois, por non falar directamente dos cristiáns, estamos experimentando unha fonda transformación na visión e no sentido da vida e da morte, na que agroman as trazas dunha agonía existencial e relixiosa.

A razón desta reflexión crítica non está nunha oposición radical a todo cambio posible na percepción da morte e da súa expresión funeraria. Para min non é estraño que unha sociedade secularizada, que cada día



que pasa parece estar máis lonxe da realidade eclesial, se afaste tamén da interpretación cristiá, ou extensamente relixiosa, da morte. O que me produce inquedanza é a crecente sensación de que esta evolución carece de sentido e orientación específica, e que, lonxe de estar marcada polo tránsito dunha a outra interpretación da vida e da morte, parece conformarse como unha simple adaptación deses feitos vitais ás esixencias plásticas e totalmente banalizadoras do sistema mediático. A intimidade da dor na que reviven os mortos queda suplantada por unha escenografía na que as vítimas e os seus familiares se configuran como simples actores dun drama xeral que se esgota no espectáculo da dor. E todo o ritual no que esa dor se expresa queda posto ao servizo dunha retransmisión noticiosa que reduce todas as mensaxes de acougo e transcendencia a un serodio protagonismo da desgraza fatal que se reparte de xeito caprichoso na sociedade.

A idea tantas veces repetida de que “todos estabamos en Atocha o día 11 de marzo de 2004” non significa que entendamos a mensaxe da dor e a realidade esencialmente individual e transcendente de cada morte, senón que fala da convicción de que a morte é unha realidade externa e sen sentido, que se reparte nunha lotería maldita na que todos temos algunhas participacións. E esa é a razón pola que os que quedan vivos aspiran a posuír o protagonismo das vítimas, tratando de perpetuar o sentimento que lles outorga unha preeminencia social e mediática que

agroma tons psicossociais enfermizos e escasamente positivos.

A pesar do crecente abandono da práctica relixiosa, España segue sendo un país que interpreta o tránsito da morte en clave relixiosa. Máis do 90 % dos falecidos reciben “sepultura cristiá”, e a ninguén lle estraña o feito de que, cando morre un veciño ou un amigo que fixo pública e permanente confesión de agnosticismo, e viviu decenas de anos á marxe da institución eclesial, sexa enterrado nun solemne funeral no que o crego celebrante resalta as súas virtudes cristiás. E por iso soa a actitude socialmente esquizofrénica este laicismo funerario do 11 de marzo de 2005, que foi exquisitamente interpretado por unha sociedade que ve con máis naturalidade poñerlle un *e-mail* ao morto que rezarlle un responso, ou que considera máis ofensivo e discriminatorio o son mortuorio das milenarias campás de Madrid, que axudaron a soterrar a millóns de irmáns durante miles de anos, que as cerimoniais políticas, esencialmente lacrimóxenas, oficiadas na catedral ferroviaria de Atocha.

Para min non presaxia nada bo que a loita pola liberdade democrática contextualizada nun Estado laico se materialice finalmente nunha contraditoria unanimidade carente de palabras e de crenzas compartidas, que lle reza sen sabelo ao deus da comunicación, e que, lonxe de servir para pescudar na realidade dos problemas, e na necesidade de reconstruír os valores que han de gobernar o complexo mundo que se aveciña, serven para xerar e activar

os elementos de control social que manexan con tanta eficacia os poderes subxacentes no noso mundo político e económico. Por iso me rebelo. Non contra os que queren lembrar os seus mortos en privado, e choralos á súa maneira. Tampouco contra os que pensan que a relixión é unha andrómena que non casa co mundo actual. Soamente me rebelo contra os que substitúen os ritos da relixión polos ritos da televisión, e contra os que queren desterrar ao Deus do acougo salvífico e transcendente para substituílo por unha sacralización da unanimidade. Porque a unanimidade democrática que se entroniza con profusión nos telexornais non é máis que unha entelequia imposible que, ademais de desviar e confundir a análise e solución dos problemas reais, tende a producir serodia melancolía.

Velaí a razón pola que este país tan relixiosamente funerario na morte familiar, se torna soberbiamente laico no primeiro cabodano das masacres do 11-M: porque a visión relixiosa da morte é un clamor contra a instrumentación política e mediática dos atentados, e porque, lonxe de xustificar os silencios estériles que se escenifican polo país adiante, con grande éxito de crítica e público, esixirían o compromiso dunha homilía liberadora que non estamos dispostos e facer nin escoitar.

## **2. Bases para un novo estatuto**

O pasado día 26 de febreiro tivo lugar a presentación das Bases para un Novo Estatuto, que por iniciativa e invitación do BNG, foron elabo-

radas por un grupo de cidadáns de diversa procedencia e ideoloxía – expertos din uns, intelectuais din outros– e con posicionamentos moi diversos no ámbito da acción partidaria e política en xeral. No propio acto de presentación, celebrado en Santiago, tiveron a honra de lembrar esta circunstancia, e non como unha forma de fuxir dun compromiso que todos os participantes aceptáramos libremente, senón para facer fincapé na idea de que un Estatuto é unha norma básica de aceptación común, chamado a acoller a controversia de ideas e intereses que determinan a existencia dun sistema plural e democrático. Por iso ten moito sentido que o BNG renunciase a facer un documento interno, para saír á rúa na busca dun consenso posible entre todas as forzas políticas, xa que esta é a única vía que fai posible o anovamento necesario e urxente da nosa Autonomía.

Dado que o PP parece ter renunciado a catalizar as ansias sociais de reforma e a liderar a elaboración dun novo texto estatutario, tal como fixeron o PNV en Euskadi e o PSC-PSOE en Cataluña, é moito de agradecer que tanto o proxecto de Iniciativas 21, auspiciado polo PSdeG-PSOE e coordinado por Ramón Máiz, coma o proxecto do Foro, coordinado por Pablo González Mariñas, teñan apostado polas vías intermedias do diálogo. Porque tan pronto como Fraga perda o control da situación política –nas eleccións de outubro ou despois delas– haberá que abordar unha tarefa na que outra vez, igual que sucedera na elaboración do actual Estatuto entre 1979

e 1981, estamos quedando atrasados, non só con respecto ás outras nacionalidades históricas, senón tamén en referencia a Andalucía, Valencia e Canarias.

Visto o feito, e sen paixón de pai, a tarefa que queda é inmensa e nada fácil. Pero non é un mal aliciente que as críticas de Fraga e de Paco Rodríguez, e os recoñecementos de Máiz e Méndez Romeu, situaran as Bases do Foro nun punto central de negociación e diálogo, no que cabe esperar que tamén o BNG se poña a altura das circunstancias e da súa loable iniciativa.

### **3. A experiencia social da inmigración**

O tráxico naufraxio do *Siempre Casina*, que tivo lugar na madrugada do 22 de febreiro a 21 millas ao norte de Ribadeo, constituíu unha aldrabada na conciencia dos galegos, que ao tempo que seguían as longas manobras do dramático rescate, empezamos a facérmonos algunhas preguntas e consideracións que deben ser convenientemente respondidas.

A primeira ten que ver coa seguridade dos novos barcos de pesca, que, máis e mellor equipados que nunca, con casco de aceiro, con modernos motores e sofisticados sistemas de posicionamento e comunicación, están producindo inexplicables e costosísimos afundimentos, nos que dá a impresión de que o mar envolve e traga o barco en menos de dous minutos. A razón podería estar nun deseño que, pensado especialmente para rendibilizar a faena,

puido esquecer algunhas normas esenciais de seguridade. O mesmo mar que non afundía as vellas e pequenas bacas de madeira, que regresaban ao porto cargadas de peixe, engole agora un barco catro veces máis grande, e sen que se produza ningunha avaría que o explique de xeito convincente. E por iso hai que seguir con moita atención as revisións do deseño que se están facendo nestes días.

A segunda cuestión suscitada é a do mal funcionamento dos sistemas de socorro, que tardaron varias horas en activarse e despistaron inicialmente as manobras de salvamento. E dado que estamos falando de elementos que non presentan ningún reto para as tecnoloxías de hoxe, e que mesmo son perfectamente alcanzables en termos económicos, non se explica que sigan funcionando con tan baixos niveis de garantía.

O terceiro elemento, que eu escolín para titular este apartado, é a experiencia directa que os galegos tivemos da inmigración, ao decatármonos de que seis mariñeiros do *Siempre Casina*, entre os nove que formaban a tripulación, eran inmigrantes. Xa fai tempo que Burela e outros portos da costa norte de Lugo presumen, e con razón, de ter acollido e integrado a numerosas familias procedentes de Cabo Verde e doutras latitudes, que lle deron cor e pluralidade cultural ás tripulacións, ás redeiras, ás fábricas de conserva e ás escolas primarias e institutos. Pero o feito de que seis mariñeiros mortos neste terrible accidente fosen inmigrantes serviu para

que a sociedade galega tomase conciencia dun fenómeno que, a pesar de ter entre nós moita menor incidencia da que pode constatarase en Andalucía ou Levante, anuncia o principio dunha transformación social para a que compre prepararse.

Lonxe do que moita xente cre, unha grande parte da inmigración entra no mercado laboral a través do sector primario (agricultura e pesca) ou de subsectores moi concretos de carácter secundario (construción e obras públicas). E iso significa que, dun xeito especial en Galicia, unha parte notable da inmigración que se espera pode radicarse nas aldeas do interior e nas pequenas vilas da costa. A experiencia doutras comunidades ensínanos que, se ben hai aspectos nos que as sociedades rurais melloran os procesos de integración que fracasan nas cidades, hai outros asuntos, coma a sanidade e o ensino, nos que estas pequenas localidades dispoñen de menores medios para assimilar as poboacións emigrantes, ou nos que o choque producido pola presenza de outras culturas e prácticas relixiosas pode ser maior. Por iso, porque a presenza da inmigración pode redundar en bolsa de marxinación e empobrecemento, e porque tivemos a sorte de contar con experiencias extrapolables que preceden á presenza do problema, deberíamos esixir que se avaliase convenientemente este fenómeno e que se programase con tempo a adecuada resposta.

### **3. A rebelións dos bispos**

O cardeal Rouco Varela, galego de Vilalba, acaba de ser relevado da

presidencia da Conferencia Episcopal Española por “un tal Blázquez”, que despois de ser bispo auxiliar de Santiago e titular de Palencia, goberna agora a Igrexa de Bilbao. Os que din que perdeu a elección por un só voto non queren lembrar que tamén gañara a súa reelección por un só voto, e poucos ven que ambas as circunstancias permiten afirmar que a política do cardeal introducira unha profunda división na Igrexa española.

Os seis anos que Rouco Varela presidiu a Conferencia Episcopal son para esquecelos. O seu corazón estaba no PP. Para el traballou, e nel depositou todas as esperanzas da Igrexa de Cristo. Fixo política contra os nacionalistas para congraciarse con Aznar, escribiu cartas e pastorais nas que unicamente se ensinaba a interpretación da Constitución Española que propugnaba Mayor Oreja, deixou que a COPE vivise na mentira e no escándalo permanente para desgastar ao PSOE e gañar votos para a dereita máis reaccionaria, e interpretou a profunda crise da Igrexa que gobernaba coma un andazo de hedonismo no que os laicos tiñamos todas as culpas e a xerarquía gañaba todas as condecoracións.

Na súa carreira polo poder dentro da Igrexa, fíxose tamén máis papista que o papa, ata o punto de pechar os ollos fronte ao divorcio que se está producindo entre a sociedade española e a Igrexa, para deixarnos finalmente unha herdanza chea de problemas e un morno episcopado para gobernalas. Por iso non me costa nada

dicir que a súa derrota ten formas e explicacións moi parecidas á que levou a Aznar ao ostracismo, xa que foi inesperada, durísima, xusta e contundente, despois de demostrar que o seu poder era unha torre cimentada sobre area. Moito tivo que tensar a corda para que os bispos, os mesmos bispos que el nomeou en razón da súa fidelidade, considerasen que era a hora recluir nos pazos episcopais aos arcebispos e cardeais. E moi cego tivo que estar, no medio de tanta gloria humana, para non decatarse de que a mesma corda que el tensaba lle ía bater nos dedos sen ningunha misericordia.

### 5. Á volta da Semana Santa

Cando escribo estas letras é xa o domingo de Lázaro. Cando volvamos á normalidade profesional e política, estaremos a poucos días das eleccións vascas (17 de abril), que nesta xeira están pasando case desapercibidas. E inmediatamente despois entra Galicia en capela, con un panorama político certamente desalentador. Fraga, obsesionado por lograr unha quinta maioría que xa non está en condicións de exercer, promete, pola dereita, un caos inevitable. E Touriño, mantendo a súa confrontación

con Quintana polo espazo electoral da esquerda, promete tamén outro caos inexorable.

Lonxe de situar aos vicepresidentes en posición de relevo, todo apunta a que Fraga vai aproveitar o último tramo da súa vida para recuperar a Cuiña, anular con el todos os liderados secundarios, e enfrontar o derradeiro tramo da súa vida política sendo o que sempre quixo ser: imprescindible. E lonxe de mostrarnos en que ha de basearse o difícil cambio protagonizado por unha complexa maioría, feita de receos e desconfianzas, e erguida sobre un cumio de despropósitos, todo apunta a que Quintana e Touriño van a aproveitar a súa posible maioría para medir as forzas nas rúas do Oeste, máis preocupados por gañar a *pole position* das eleccións de 2009 que por cambiar, modernizar e serenar a política deste país.

Xa que logo, a posición do votante galego é un puro dilema: mal se sae A, e mal se sae B. Menos mal que a política non é unha ciencia exacta, e sempre cabe un feito ou unha actitude imprevista que nos devolva a esperanza. Así o espero.

**Xosé Luís Barreiro Rivas**



# Aquel premonitorio soño de Maquiavelo

Xoán Bernárdez Vilar

En ningún intre da historia, por moito que rebusquemos, poderemos atopar ningún intento de unión, asociación, ou vinculación entre distintas agrupacións humanas que non descansase na forza, a imposición, ou o asovallamento, e que non dese como resultado a aparición de moreas de mortos, ou de inxustizas sen conto que horrorizan tan só de pensar que puideron ter sido cometidas por seres humanos.

O proceso da unificación de Europa, como non podía ser menos, pasou tamén por fases semellantes, como as que protagonizaron Carlomagno (768-814), o Sacro Imperio Romano-Xermánico (séculos IX ao XVI), Carlos V (1518-1556), Napoleón (1804-1814), ou Adolf Hitler (1932-1945). Mais, fóra dos cadáveres e do retorno á bestialidade, pouco máis deixaron para a lembranza, por máis que haxa apoloxistas empeñados en nos demostrar o contrario. Quizais por iso afirmase xa naquel momento San Tomé de Aquino (1225-1274), ao enunciar o seu naturismo político: “As persoas que son dun reino, non teñen porque someterse ás de reinos alleos”.

Mais, o máis sorprendente dos pensamentos que acerca do euro-peísmo coñecemos quizais se atope en Nicolai Maquiavelo (1469-1527), o autor que pasou á historia polo rigor e a crueza das ideas políticas que sostivo na súa obra *Il Príncipe* (1513). Porque, con posterioridade a ela, nas últimas partes do seu *Discordi sopra la prima deca di Tito Livio*, e noutras publicacións, ademais de non referendar aquela desesperanzadora visión que antes sostivera, deixa entrever xa o seu convencemento da necesidade dun agrupamento tanto das repúblicas italianas como dos distintos estados de Europa, aínda que non indicase con claridade o camiño para acadalo.

Pois ben; cincocentos anos despois, podemos dicir que esa Unión Europea, premonitoriamente imaxinada polo florentino é xa un feito. Unha Europa baseada na liberdade, a solidariedade, o respecto á discrepancia, os principios da democracia representativa e pluralista, o imperio da lei, a xustiza social, e o respecto dos dereitos do home. Nesta insospeitada Europa hai institucións comúns, paso libre de fronteiras,

tanto para cidadáns como para mercadorías, e unha moeda común, que contribúe como ningunha outra medida a asentar a solaridade e a unidade. Ao mesmo tempo están a ser articuladas novas e cada vez máis axeitadas formas lexislativas, políticas e de planificación, que garantan a convivencia dos distintos pobos que o conforman.

O máis asombroso de todo é que, despois da barbarie e das atrocidades que precederon a este proceso nos últimos quince séculos, neste intre, e agardamos que por moito tempo, podémonos gabar de que, por primeira vez na historia, os seres humanos acadaron esta construción de xeito democrático e a través do diálogo e do entendemento entre as partes. Algo ao que non estabamos afeitos. Non houbo necesidade de mortos, nin de destrucións masivas de etnias ou de culturas.

Non parece, con todo, fácil o camiño para acadar un final feliz, agora que a Unión Europea pretende dotarse de algo semellante a unha guía constitucional. O espectáculo do referendo recentemente convocado non nos gustou. Non só porque tal guía constitucional foi votada afirmativamente por pouco máis do trinta por cento dos teóricos votantes, senón porque, democraticamente, non parecen moi de recibo as acusacións que se verteron na campaña en contra dos que preconizaban o non, acusándoos de ir contra a propia Unión, cando é evidente que hai cousas na guía constitucional de moi dubidosa defensa. Pola contra, e en xeral, ninguén se preocupou sequera

de nos dar a coñecer as excelencias, ou dos beneficios, do si. O que nos fixo lembrar as vellas maneiras non só do despotismo ilustrado, senón tamén doutros e inmarcescibles referendos do noso pasado recente.

### **Audiovisual**

Aínda que poida sorprendere, o certo é que Galicia pode presumir neste intre, aínda que nada máis que ata certo punto, de contar cun gañador dun premio Grammy de música. Trátase do escocés David Russell, afincado, o mesmo que algúns outros británicos, no municipio pontevedrés de Nigrán, no seu caso na parroquia de Priegue. Russell fíxose merecedor a esta prestixiosa distinción en Los Angeles, polo seu disco *Aire Latino*.

No mes de marzo tivo lugar en Postdam, Alemaña, un dos encontros europeos de animación. Concretamente o *Cartoon Movie 2005*. A el acudiron catro producións galegas: *Soño dunha noite de San Xoán*, baseada na obra de Shakespeare, *Gisaku*, que se desenvolve no mundo dos samurais xaponeses, *O espírito do bosque*, continuación da xa coñecida *O bosque animado* e, *Noite de paz*, unha comedia ambientada no Nadal. Esperamos poder falar delas con máis vagar no noso próximo número.

### **Banda Deseñada**

Acaban de saír do prelo dúas novidades galegas: *Fiz nos biosbardos*, de Kiko da Silva, e *Thom*, de Andrés Meixide. Na primeira relátanse as aventuras dun cativo no seu cuarto de baño, mentres que a segunda é un conto sobre un granxeiro do medio oeste americano, enfrontado co gando da nosa terra.

## Cine e Teatro

Na edición do presente ano dos Premios Goya de Cinematografía, a fita *Mar Adentro*, dirixida por Alejandro Amenábar, baseada nos últimos días do tetrapléxico galego Ramón Sampedro, obtivo catorce premios, entre eles varios para a interpretación dos actores, e a maquiilladora, galegos que nela participaron. Recibiron tamén galardóns, a película de *animación P3K Pinocchio 3000n* da produtora galega Filmmax, e resultaron nominados tamén Juan Pablo Etcheverry pola mellor curta de animación e Serxio Moure polo seu traballo musical en *Inconscientes*.

Uns días despois, o 27 de febreiro, *Mar Adentro* acadaba o cénit da súa gloria ao sumar en Los Ángeles a cantas distincións recibira antes, o Oscar da Academia de Holliwood á mellor película estranxeira. Así, pois, por primeira vez na historia, un filme falado parcialmente en galego, aínda que tamén en catalán, accedeu a un premio ata agora reservado ás linguas estatais.

Do 10 ao 13 de marzo tivo lugar en Tui a primeira edición do festival de cine documental *Play-Doc*, nacido coa pretensión de ser o único de Galicia dedicado a este xénero, e aberto a obras procedentes de todo o mundo. Nesta ocasión concorreron dezaoto filmes, tres deles galegos, así como numerosos directores, actores e críticos. O programa complementouse con concertos a cargo de Mr. Cora, Dj Limbo e Victor Flores. *Play Doc* contou co apoio do canal de televisión Documanía.

## Decesos

Ernst Mayr, destacado biólogo estadounidense, faleceu o 3 de febreiro, en Bedford, Massachusets, aos cen anos de idade. Mayr, que posiblemente non sexa en exceso coñecido entre nós, incorporárase en 1953 á Facultade de Artes e Ciencias da universidade de Harvard, e dirixiu tamén o Museo de Zooloxía Comparada desde 1961 a 1970, destacando polos seus estudos acerca das teorías evolutivas, ata o punto de que as súas contribucións neste eido son autenticamente decisivas para comprender cientificamente a orixe das especies que Charles Darwin (1809-1882) esbozara hai século e medio.

O seis do mesmo mes faleceu tamén o ribadense Suso Peña, importante debuxante de cómics. Comezadas as súas primeiras colaboracións no xornal *Informaciones*, no que publicou a serie *Drake & Drake*, pasou despois a formar parte de diversos grupos, e na década dos setenta, estivo na axencia *Secciones Internacionales*, que publicaba en Estados Unidos, Gran Bretaña e Alemaña. O seu derradeiro traballo é de hai vinte anos; a monografía *El Senado de España*, un álbum divulgativo destinado aos escolares.

## Etnografía

Case que todo o mundo ten escollido algunha vez falar de Lucy, unha *Australopithecus afarensis* que viviu hai aproximadamente 3,2 millóns de anos no leste de Etiopía. Pois ben, moi recentemente, e a uns 60 quilómetros do lugar no que Lucy



fora achada no ano 1974, acaban de ser atopados restos fósiles dunha ducia de homínidos, aos que as primeiras datacións lles dan unha antigüidade de case que 4 millóns de anos. É dicir, que son bastante máis vellos que Lucy. A idade dos seres bípedes e ergueitos, dotados de intelixencia, pois, non cesa de retroceder.

Alá polo principio dos anos 40, do século XX, certos avisados membros da naquel momento gobernante corporación viguesa, autorizaron a construción, dentro do recinto amurallado que coroa o monte do Castro, dun edificio destinado a usos de hostalería e, ou, pupilaxe. Por razóns pouco claras, tal pastiche non foi rematado ata bastante despois, concretamente ata principios do ano 1970, data desde a que lle foi concedida a súa explotación a determinadas entidades, afortunadamente como restaurante e sala de festas nada máis. Pois ben, agora que a cidade se estaba xa a afacer á presenza de semellante espantallo, en tan emblemático lugar, a truncar a harmonía das liñas da vella fortaleza, chéganos a boa nova de que o próximo 19 de xullo remata a súa concesión. Como consecuencia a nova corporación anunciou aos catro ventos as súas intencións de non renovala, para recuperar o control do edificio. Mais, para bochorno de cantos levaban anos a desexar ver o lugar limpo desta construción, anuncia tamén a súa intención de destinalo a recepcións oficiais. Non o recupera, aínda a custa de bastantes postos de traballo, para devol-

verlle ao lugar o seu vello aspecto, derruíndo este edificio, tal como numerosas disposicións do Patrimonio Artístico Nacional, e a Lei del Patrimonio Histórico Español, disputaron no seu día, e coas que debe estar en consonancia a nosa Administración Autonómica. Unha oportunidade que pode non se presentar de novo en moito tempo. Completando esta infortunada actuación, hai escasos anos, outra corporación da mesma corda que a actual, autorizara tamén erguer unhas paredes de ladrillo, para unha cafetería pegada a outro punto das murallas. ¿Será que hai xente que é cega, xorda, ou insensible?

No extremo oposto a esta política de abandono e despreocupación podemos considerar a actuación do Servizo de Protección da Natureza da localidade ourensá de Lobios, que localizaron nunha finca da mesma dous sarcófagos antropomorfos exentos medievais, posiblemente pertencentes a algún mosteiro desaparecido. Tales sarcófagos, viñan sendo utilizados como abrevadoiros para o gando.

Continuando coa liña que estamos a seguir neste momento, temos que laiarnos tamén de que, neste noso e sorprendente país, non parecen parar aí as cousas. Porque agora resulta que no municipio de Barro, próximo a Pontevedra, unha asociación chamada *Fraternidad de Cristo Sacerdote y Santa María Reina*, denominación equívoca onde as haxa, contando co apoio do alcalde da localidade, pretende erguer un *Monumento Nacional* ao Inmaculado

Corazón de María, de nada menos que 38 metros de altura. E aquí ben o bo. Porque, o lugar elixido para situar este espectacular monumento é nada menos que o castro da Chan, preferencia esta que parece situar aos pretendentes a erguer o tal monumento nos albores do Vello Testamento, cando os pobos semitas se dirixían a Deus, “nun lugar alto”. Infortunadamente, polos datos que se veñen transmitindo, esa *Fraternidad de Cristo Sacerdote y Santa María Reina*, parece actuar con escasa fraternidade, e menos respecto a algo que forma parte do patrimonio de todos os galegos, como é o castro situado nesa altura da Chan, perfectamente catalogado. Por outra banda o subdirector xeral do Patrimonio da Xunta de Galicia acaba de confirmar que existe un informe negativo da Delegación Provincial de Cultura de finais do pasado ano respecto de semellante actuación. Coñecidas estas circunstancias preguntámonos, ¿de verdade que non é posible levar tal obelisco a calquera outra altura, de xeito que non faga dano a ninguén, nin ter necesidade de violar ningunha lei?

Estoutro comentario vai de Campos de Golf. En Nigrán, nos montes en man común de Priegue, Camos e Chandebrito, e por fóra das actuais normas, preténdese construír unha instalación para a práctica do indicado deporte. Instalación que vai a acaparar a maior parte dos acuíferos do lugar, e pode contaminar as fincas dos arredores. Ignoramos se é posible que a mesma poida xerar para os seus explotadores os beneficios

económicos que se veñen barallando, aínda que máis ben nos parecen excesivos. En troques, o que si parece certo é que as terras pasarían a ser da súa propiedade, mentres que o rico patrimonio arqueolóxico da zona, con xacementos desde o Paleolítico, veríase seriamente afectado, así como que os veciños perderían unha parte dos recursos económicos que alí se xeran, a cambio dunha achega duns 84.000 euros.

### As Letras

Parte dos *Carmina Burana* medievais, concretamente os Poemas de Amor, acaban de ser traducidos e publicados na nosa lingua da man de Xosé Carracedo Fraga. Os *Carmina Burana*, recollidos por escrito no século XIII, aínda que posiblemente anteriores a esta data, e dos que foi posible recuperar parte da súa impresionante música, grazas aos traballos de Carl Orff, denomínanse así por seren atopados no ano 1847 no mosteiro *Burana Sancti Benedicto*, na Baviera.

É ben sabido que este ano cumprense catrocentos da publicación da principal das obras de Miguel de Cervantes, *El ingenioso hidalgo don Quixote de la Mancha*. Así figuraba na portada das súas primeiras edicións. O que xa resulta menos coñecido é que no ano 1917, Antón Valcárcel publicara en *A Nosa Terra* unha tradución ao galego do xenial *Discurso aos cabreiros*, pronunciado polo malfadado cabaleiro. Así mesmo, e posteriormente a esa data publicáronse outras traducións parciais na nosa, ata que, en 1990,

Xuntanza Editorial fixo unha tradución completa do libro. *El ingenioso Hidalgo don Quixote de la Mancha*, do que ao longo dos tempos se fixeron numerosas aproximacións e continuacións, conta, así mesmo, cunha terceira parte, na que o cabaleiro e o seu escudeiro, percorren Galicia, obra de Lalo Vázquez Gil. Esta obra intitúlase *A da alba sería*, e foi publicada no ano 1996 pola galega Edicións do Cumio.

Dentro dun par de semanas celebrábase o Día das Letras Galegas 2005, nesta ocasión dedicado ao poeta Lorenzo Varela, nado no ano 1916 ou 1917 nun barco que se atopaba en La Habana. Fillo de emigrantes lugueses parece que o seu nome completo debeu ser o de Xesús Manuel Lorenzo Varela, ou Xesús Lorenzo Varela Vázquez. Retornado a Lugo cando non tiña máis que uns meses, estudou nesta cidade o bacharelato e participou na fundación nela das Mocidades Galeguistas. E en 1935, formou parte do grupo de Poetas Andantes e Navegantes, en Madrid. Na guerra civil estivo nas forzas leais ao goberno, servindo baixo as ordes de Líster, mentres seguía a colaborar de varias revistas. Exiliado posteriormente a Francia, México e Buenos Aires, funda varias revistas. A súa obra, espallada por diversas publicacións, foi recollida especialmente por Edicións do Castro. Lorenzo Varela retornou á Península no ano 1977, afincándose entón en Madrid, onde falecería o 25 de novembro do ano seguinte. Os seus restos descansan no cemiterio de Fufin, Monterroso.

Entre a súa produción, parte da cal foi vertida a outras linguas, citamos: *Ofrenda aos franceses* (1944), que presenta a particularidade de estar redactada en catorce idiomas, *Catro poemas galegos* (1951), *Lonxe* (1954), *Homaxes* (1979), *Poesía completa* (1979), e *Crónica dunha vida atormentada* (1995), obra que poderíamos considerar como unha autobiografía póstuma xa que, aínda que a redactou Fernando Salgado, fíxoo sobre datos achegados polo propio Lorenzo Varela. A maior parte da obra de Lorenzo Varela acaba de ser reeditada por Edicións do Castro como conmemoración deste ano a el dedicado. Mais tamén hai nos andeis das nosas librerías diversas biografías e estudos acerca del.

### Novas en Xeral

Tivo lugar en Pontevedra unha nova edición do Salón do Libro Infantil e Xuvenil, para o que houbo obradoiros, once exposicións diversas, e determinadas actividades. O pregón correu a cargo do escritor Bernardino Graña. Tamén foi aproveitada a ocasión para presentar un monográfico da única revista galega especializada en literatura infantil e xuvenil, *Fadamorgana*, titulado *De volta aos clásicos*.

O pasado día 19 de febreiro foi elixido coma novo presidente da Asociación de Escritores en Língua Galega, o arquitecto, poeta, e editor Cesáreo Sánchez Iglesias, nado en Dadín, O Irixe, en 1951. Aconteceu o feito no intre no que se cumprían os 25

anos da fundación desta asociación, dinamizadora constante das nosas letras, e agora configurada cunha estrutura territorial que deberá de lle conferir aínda maior dinamismo.

No primeiro fin de semana do mes de marzo celebrouse en Baiona unha nova edición da Festa da Arribada, que conmemora o feito de que, a primeiros de marzo do ano 1493, chegaba a ela Martín Alonso Pinzón, coa súa carabela Pinta, anunciando o achado, á outra banda do Atlántico, de novas terras. Estímase que acudiron a ela arredor dunhas duascenas mil persoas, que converteron á pequena vila nun lugar alegre, aínda que case que intransitable. Desembarco, mercados medievais, monicreques, galdrumadas, vestimentas de época, torneos, probas co arco, música, etc. deleitaron aos asistentes. Lamentablemente, a réplica da Pinta, aínda en reparación volveu a non estar presente nesta ocasión. Mais houbo outras cousas de moi pouco recibo. Porque a vila estaba engalanada con colgaduras e carteis, na súa maioría con letreiros en castelán medieval, unha fala daquela descoñecida en Galicia, así como pendóns coas armas nada máis que de Castela e León. Por último, os organizadores non tiveron mellor idea que a de acudir a recibir ao mariño nada menos que aos Reis Católicos, Isabel I e Fernando II, que naquel momento, se a historia non nos mente, se atopaban en Barcelona. ¿Qué cara non debería de poñer don Fernando, ao ver que os demais reinos sobre os que ambos gobernaban,

non aparecían nesta súa presenza ficticia representados?

### Premios

No mes de xaneiro foille concedido ao xa tantas veces galardoado Agustín Fernández Paz o premio Edebé de literatura infantil pola súa obra *A escola dos piratas*. A acción da mesma desenvólvese nunha Galiza que, como por arte de maxia, se converte nun barco no que mestre e alumnos pasan a ser capitán e mariñeiros, no tempo do descubrimento de América.

M<sup>a</sup> Montserrat Varela Vázquez, resultou gañadora o día 22 do mesmo mes do premio Vicente Risco de Ciencias Sociais polo seu traballo *Trazos da Escolma da cultura do pobo galego*. Nel, a autora presenta unha ampla mostra do xeito de vida tradicional do país, parte do cal contribúe a rexistrar e a recuperar. A súa obra é un labor de máis de vinte anos, a través da procura de datos e da consulta á memoria dos máis vellos.

O Premio de Xornalismo Francisco Fernández del Riego, convocado por Caixanova, foi para Miguel Anxo Murado polo seu artigo, *Chamadas perdidas*, publicado en *La Voz de Galicia*. Nel e a través das imaxes dos teléfonos móbiles introdúcese na traxedia das vítimas do atentado do 11 de marzo do pasado ano.

Para Xosé Alfredo Naz Fernández foi o Certame de relato curto *Anxel Fole* organizado pola Concellería de Cultura e Turismo de Lugo, pola súa obra *O Fidalgo*. En segundo lugar

ficou *Madame Tussaud*, de Enma Pedreira Lombardía.

### Universidade

Ata agora contábamnos con tradutores virtuais de internet para pasar escritos do castelán ao inglés, o alemán ou ao italiano. Mais non para facelo entre as catro linguas oficiais do estado. Afortunadamente semellante chata vai ser corrixida de inmediato grazas a o labor conxunto que están a realizar varias universidades, a de Vigo, as do País Vasco, a Politécnica de Cataluña, e a de Alacante. Tal tradutor permitirá, ademais, as traducións de documentos oficiais aos distintos idiomas do país.

### Varia

A incansable, e, ao mesmo tempo, practicamente inimitable alpinista viguesa Chus Lago, e a dirección da empresa PSA-Citroën, resultaron galardoadas cos premios *Galicia en Feminino 2005*, que outorga a Consellería de Familia con motivo do Día Internacional da Muller Traballadora.

Cando este número de *Encrucillada* saia á rúa, xa se terán celebrado as actividades programadas para o mes de marzo pola Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Ga-

licia: xuntanzas de directivas de asociacións de tempo libre, de nenos e nenas dos grupos Andaina, de Pascua Xove de mozos e mozas, e a publicación do número 23 da revista *Brincadeira*. Así mesmo, a Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia colaborou na campaña de normalización lingüística *mellor dito*, coa publicación de 12 marcapáxinas, cos que se ensina a empregar frases e expresións enxebres e populares. A súa entrega é gratuíta, ou a cambio dunha cota voluntaria. Os interesados poden pedilos á Rúa Belvís, 2; 15702 Santiago de Compostela. Tel. 981 582 243; e-mail: fed.galicia@confedonbosco.org

O Consello da Cultura Galega ven de publicar unha magna e meticulosa obra que recolle todas as inscricións do noroeste hispánico da época romana: *Gallaecia et Asturiae, itinera romana. Miliarios e outras inscricións viarias. Conventos bracarense, lucense e asturicense*. En novecentas páxinas de gran formato, con centos de ilustracións, mapas, planos e láminas, os profesores Antonio Rodríguez Colmenero, Santiago Ferrer Sierra e Rubén D. Álvarez Asorey, compendian máis de catrocentos anos da nosa historia antiga nunca tan axeitadamente estudados.

**Xoán Bernárdez Vilar**  
Xoaberna(@mundo-r.com



# Primavera e renovación

Rubén Aramburu Molet

Supoño que leredes estas páxinas no tempo da Pascua e de primavera, estación de cambios e contrastes, pero tamén apracíbel pois vai insinuando a bonanza do verán. Deixamos atrás días de frío e neve, e oxalá queden tamén atrás as friaxes e treboadas no panorama eclesial. Unha enquisa, seica prestixiosa, feita pola Fundación BBVA entre universitarios do último ciclo, desvela que os mozos españois teñen á Igrexa polo chan: é a institución –nunha lista de dez– na que menos confían. Suspenso gordo! O 60 % dos universitarios non pisan nunca unha igrexa, fóra de vodas, bautizos e funerais. Máis dun 47% di non pertencer a ningunha relixión, e un 45% maniféstase católico aínda que en desacordo coas liñas oficiais da Igrexa sobre todo en moral sexual. Nada novo se lembramos a recente enquisa da Fundación SM, que apuntaba un baixón dun 28 a un 14% na práctica relixiosa dos mozos nos últimos anos. Habitualmente colaboro con algún colexio de relixiosos no traballo pastoral, sobre todo con adolescentes, e é certo que se percibe unha indiferencia xeral ante a Igrexa, sacramentos... e é moi difícil falar de Deus. Ao mesmo tempo comprobo

como crece a crenza no destino, horóscopos e cousas parecidas. Un saca a conclusión de que a fe está ausente na maior parte dos fogares, das conversas, e sobre todo que non existe un acompañamento da familia, da escola, da comunidade parroquial. Quizais demos todo por feito, que nos faltou a capacidade misioneira da reacción, de saír aos camiños de Emaús en vez de quedar agardando no templo. Se observo os mozos da comarca en torno aos 25 anos, descubro un baleiro espiritual e tamén existencial. Só os espazos de benestar e pracer parecen motivar a moitos, e así a televisión, o fútbol e os bares son os “templos” da maioría, e as quinielas e loterías os seus soños de futuro. Sempre atopas a algún que le, gusta do cine e vai algún concerto, e tamén a quen se interroga sobre a propia vida. Pero realmente son minoría. Non será acaso o gran reto da comunidade crente? Propoñer modelos e experiencias de vida, alternativas ao modelo consumista e consume xente? Quizais estivemos tan preocupados dos ritos, das asistencias, das condutas, dos triunfos que esquecemos mirar os corazóns.

## Igrexa e mundo

A saúde de Xoán Paulo II, dúas veces ingresado –ata agora– foi centro de atención do mundo, católico ou non. Descubrimos como os medios de comunicación hai anos que teñen preparados programas especiais para o momento da morte do Papa. Reabriuse o debate sobre a demisión do pontífice con apaixonados argumentos a favor e en contra. No momento no que escribo, o Papa convalece no Gemelli, e mentres os medios falan de baleiro de poder, de carreiras de sucesión, de silencio vaticano... e a celebración da Semana Santa repártese entre os cardeais da Curia, a imaxe da Igrexa asomase á fiestra dun hospital no rostro dun velliño doente e esgotado. Recibimos a Mensaxe de Coresma do Papa: “Nel está a túa vida, así como a prolongación dos teus días” no que reflexiona sobre a función dos anciáns na Igrexa e na sociedade, e chama a un acompañamento de comprensión e cariño cara os máis maiores. E coñecemos tamén, o último libro asinado polo Papa: *Memoria e identidade* que pretende ser un libro de memorias, pero recompila diversas reflexións de Wojtyla sobre cuestións sociais e políticas como patria, nación, totalitarismos, relacións Igrexa-Estados... E sobre o Papa apareceu un libro polémico e crítico: “La otra cara de Wojtyla” escrito polo informador vaticanista Giancarlo Zizola. Describe as contradicións de Xoán Paulo II durante o seu pontificado, a súa personalidade que describe como férrea e autoritaria, a visión xerárquica e absolutista do papado e os problemas que quedan sen resolver despois dun dos papados máis longos da historia.

Despois da enfermidade do Papa, o que encheu páxinas e espazos nos medios de comunicación foi a morte de **Sor Lucía, a vidente de Fátima**, aos 97 anos o pasado día 13 de febreiro. A noticia paralizou Portugal e mesmo os partidos políticos en campaña electoral suspenderon os actos previstos, e o primeiro ministro Santana Lopes, declarou unha xornada de loito nacional. Lucía de Jesús dos Santos tiña 10 anos cando xunto aos seus curmáns Francisco e Jacinto, beatificados por Xoán Paulo II no 2000, aseguraron que se lles aparecera a Virxe na Cova de Iría. Comezou desde entón unha discutida devoción ao lugar, que se converteu en santuario de peregrinacións multitudinarias. Atrás quedan os misteriosos segredos que se foron revelando, no que se incluía a caída do comunismo en Rusia e a súa conversión ao cristianismo, e o atentado sufrido polo papa, ou así o interpretaron. Sor Lucía viviu algún tempo en Pontevedra e Tui, onde dixo ter varias visións e encargos da Virxe. En Portugal non todos aceptan a historia de Fátima, e hai movementos moi críticos na propia Igrexa como o do P. Mario Oliveira e “Fraternizar”. A devoción a Fátima, non é dogma para á Igrexa, pero Xoán Paulo II deulle creto ao visitar o santuario en dúas ocasións. En moitos lugares de Galiza prende esta devoción a Fátima, e todo os anos acoden milleiros de persoas ao santuario, e hai algunhas parroquias que teñen como titular a Sra. de Fátima. Tamén faleceu, en Milán, aos 82 anos **Luigi Giussani**, fundador de “Comunión e Liberación”, un dos movementos

próximos a Xoán Paulo II. Don Giussani iniciou o seu proxecto hai uns 50 anos entre mozos estudantes, e hoxe está presente en 70 países.

No Brasil foi nomeado sucesor do bispo **Pedro Casaldáliga** o franciscano Leonardo Ulrich Steiner que exercía como profesor de filosofía na Facultade de Curitiba e de vicario na parroquia do Bom Jesús da mesma diocese. Tras falar co novo bispo, Casaldáliga confirmou que seguirá vivindo no Mato Grosso e colaborando co seu sucesor. O Nuncio do Papa pedira desculpas a Casaldáliga, explicando que fora un malentendido a petición de que abandonara a prelatura antes de que chegase o seu substituto. Parece que por unha vez a historia acaba ben. O que non acabou ben foi a vida de **Dorothy Stang**, relixiosa norteamericana que levaba anos no Brasil e foi asasinada a tiros o pasado 12 de febreiro. A irmá Dorothy pertencía a Comisión Pastoral da Terra (CPT) e estaba vinculada aos grupos en defensa da terra e dos indíxenas. Acababa de presentar a denuncia das ameazas de morte que sufría, ante o ministro de Dereitos Humanos, Nilmário Miranda. É o primeiro asasinato dunha relixiosa desde a chegada de Lula ao goberno, pero un máis na longa lista de mártires latinoamericanos.

En París, o **Cardeal Lustiger**, dous anos despois de presentar a renuncia por idade, deu paso a Mons. André Vingt-Trois, que era o seu auxiliar, como novo arcebispo da diocese. Lustiger foi unha das figuras claves na Igrexa francesa e europea. De orixe xudía –a súa nai morreu en Auschwitz– déixanos moitos escritos

que recollen a densidade do seu pensamento relixioso, así como innumerables iniciativas pastorais e contactos e diálogo con todos os sectores da sociedade. E desde Roma e de man do cardeal Ratzinger chegou unha *notificación* de condena ao teólogo e xesuíta norteamericano **Roger Haight** polo seu libro *Xesús, símbolo de Deus*. Segundo a nota, Haight, “fai afirmacións contrarias á divindade de Xesús, á trindade, ao valor salvífico da morte de Xesús, á mediación salvífica de Xesús e da Igrexa, e da resurrección”. Tamén é acusado de empregar un método teolóxico impropio. Haight, profesor da Facultade de Teoloxía de Weston, reafirmou as súas posturas, polo que se lle prohibiu o ensino da teoloxía católica ata que rectifique. Esta información aparece en febreiro, cando Ratzinger soa como un dos posibles papables. Vaites!

Non andan ben as cousas na **Igrexa Anglicana** desde que o ano pasado algunhas igrexas de EE.UU decidiran acoller homosexuais para a ordenación sacerdotal e episcopal. A cousa está a punto de cisma segundo declaracións do arcebispo de York, David Hope, que por certo, se xubilou a mediados de xaneiro como bispo, e pasou a exercer como pastor nunha pequena parroquia, a que non é mala idea?

### **Igrexa no estado**

Escribo no mesmo día en que a Plenaria da Conferencia Episcopal renovou a súa cúpula, elixindo a **Ricardo Blázquez** como novo presidente. Dábase por seguro o terceiro mandato de Rouco Varela, e ata pare-



ceu que facía campaña suavizando as relacións co goberno, mantendo unha entrevista de vicepresidentes: F. Sebastián e Fernández de la Vega e cun discurso moderado na inauguración da asemblea episcopal. Os xornais dedícanlle varias páxinas á elección de Blázquez e falan de derrota de Rouco e de sorpresa. Faise lectura da noticia como se fose o congreso xeral dun partido político, dándolle excesiva importancia á figura do presidente da Conferencia. Está claro que os informadores relixiosos, ben coñecedores do funcionamento da Conferencia Episcopal, queren transmitir unha imaxe de partidismos e loita polo poder. Penso que non é o caso, pois todos sabemos que o máis que pode cambiar é o talante, que xa é bastante. Porque quen queira ver un perfil de progresismo en Blázquez creo que se equivoca. Sorpresa? No mes de decembro do pasado ano aparecía un artigo revelador en *El Mundo*. J. M. Vidal apuntaba que bispos vascos e cataláns non vían con bos ollos un terceiro mandato de Rouco e propugnaban o bispo de Bilbao como novo presidente. Algunhas fontes revelaban hai meses o malestar dun grupo de bispos pola forma en que o equipo do Cardeal afrontaba as relacións co goberno, e as continuas polémicas na opinión pública. Tamén sinalaban a “excesiva simpatía” e proximidade do Cardeal co goberno e liñas de José María Aznar. Algo haberá, pero non esquezamos que Rouco Varela recibiu o apoio de 51 dos 76 bispos nunha primeira votación, e que de vicepresidente saíu elixido o arcebispo de Toledo, mons. Cañizares, unha das sombras máis conservadoras e duras do episcopado.

E posíbel que os bispos estivesen preocupados pola confrontación co goberno que podería por en perigo a clase de relixión, os acordos coa Santa Sé, e sobre todo, a contribución económica do Estado á Igrexa.

**Ricardo Blázquez**, que comezou como bispo auxiliar de Rouco Varela en Santiago, tras deixar a docencia na Universidade Pontificia de Salamanca, é un home moi próximo ao movemento neocatecumenal, os “Kikos” e din que mira con simpatía ao Opus Dei. De Santiago pasou a ser bispo de Palencia substituindo a Nicolás Castellanos, que demitiu e optou por marchar ás misións. Xunto a Blázquez e Cañizares estarán no Comité Executivo os cardeais Rouco e Amigo e os arcebispos Sistach e Osoro. Na comisión permanente só aparece un arcebispo, o de Santiago, Xulián Barrio, como presidente do Apostolado Segrar. A comisión de Ensino e Catequese estará presidida por Mons. Dorado, bispo de Málaga.

Antes da Plenaria da CEE os bispos volveron a estar no candeeiro con motivo do referendo da **Constitución Europea**, pois o 4 de febreiro fixeron pública unha nota na que afirmaban que “a Igrexa aposta por Europa” e consideraban lexítima calquera opción de voto, incluíndo a abstención. Isto deu lugar a críticas desde o PSOE e IU pois entenderon que os bispos animaban a non votar. Dado o resultado, parece que a Conferencia Episcopal, gañou o referendo.

**O Consello Escolar do Estado** suscitou unha polémica, o 17 de febreiro, ao facer unha petición ao

Goberno para que retire a materia de relixión do currículo escolar e animándoo a derrogar os Acordos Igrexa-Estado de 1979. Tanto a CONCAPA como FERE-CECA reaccionaron en contra, especialmente molestos co voto decisorio da presidenta do Consello, Marta Mata. Os grupos católicos querían chegar a un pacto escolar con outras instancias educativas, pero todo quedou interrompido con esta proposta. Ade-mais acusan ao Consello Escolar de actuar desde a minoría de conselleiros e aproveitándose do voto de calidade da presidenta e recordaron que un 70% dos pais seguen escollendo a formación relixiosa para seus fillos. Tamén en Cataluña andan as cousas revoltas co ensino da relixión. Segundo algúns medios de comunicación a Generalitat tería acordado suprimir a clase de relixión de todos os centros cataláns, tanto públicos como concertados, e negociaba cos bispos a súa aceptación. Os bispos cataláns desmentiron calquera tipo de negociación neste sentido xa que corresponderían ao Goberno do Estado e a Santa Sé.

En coresma apareceu como xa é tradicional a **Pastoral dos bispos vascos**: “Renovar as nosas comunidades cristiás”, é o título dun longo pero interesante texto no que partindo dunha análise e radiografía da realidade e percibindo unha forte crise dos modelos e institucións, agravados por dificultades como a mentalidade consumista, propoñen unhas claves de renovación: buscando unha lectura crente da realidade e esforzándose na interiorización da fe, haberá que renovar as

grandes tarefas eclesiais, especialmente o servizo da Palabra, a celebración, a acción caritativa e social e a remodelación de moitas das estruturas pastorais.

A **Campaña contra a Fame** de Mans Unidas, convocounos a mediados de febreiro a reflexionar desde: “Norte-Sur: un futuro común”. Hai que felicitar un ano mais a Mans Unidas, polos materiais, o cartaz, de acertada simboloxía feminina e os proxectos que desenvolven. Tamén en febreiro, celebrouse a **Xornada Mundial da Vida Consagrada** e coñecemos que en España, o número de relixiosos, decreceu un 22% nos últimos catro anos (de 16.618 a 13.010 segundo datos da Confer), e que uns 427 conventos pecharon as súas portas. José Oltra, secretario da Confer admitiu que existe unha fonda crise, non só polo descenso de vocacións, senón “nun amplo sentido de revisión, de renovación, de refundación da propia vida relixiosa”. E coincidindo coa festividade de S. Xosé celebrouse o **Día do Seminario** que convidou aos mozos a ser “Generosos y entregados... como María”.

A Conferencia Episcopal e moitas das dioceses organizan unha peregrinación ao Pilar, en Zaragoza para os días 21 e 22 de Maio, con motivo do 150 aniversario da declaración do dogma da Inmaculada. Un dos actos centrais será unha eucaristía presidida por Ricardo Blázquez e no que se incluírá, atención: a Renovación da Consagración de España ao Inmaculado Corazón de María.

A revista **Reinado Social**, dos relixiosos do Sagrado Corazón, renóvase e aparece como unha intere-

sante publicación con temas de Igrexa, teoloxía e actualidade, e con firmas moi coñecidas do xornalismo relixioso. Resaltar a presenza de Siro López, artista cristián, que procede do mundo salesiano e de Misión Joven, e achega ao deseño e montaxe unha nota creativa e orixinal.

Pechamos esta sección lembrando con cariño o escriturista e teólogo José María González Ruiz e o xesuíta e poeta José Luís Blanco Vega, que faleceron recentemente en Málaga e A Coruña.

### Igrexa en Galiza

Desde a terra, Monseñor Gea Escolano, sempre disposto ante os micrófonos, saudou dunha forma curiosa ao novo presidente da Conferencia Episcopal: “Blázquez é unha persoa boa, con gran rectitude e que sempre buscou a paz, aínda que en ocasións terá que medir un pouco as súas palabras e manifestacións”. Supoño que será unha exhortación coresmal.

Ata os limiares de Pedro chegaron os bispos galegos xunto con outros, na visita *ad limina*, que fan cada 5 anos. Pero Pedro, Xoán Paulo case, estaba doente no Gemelli. Con todo os nosos bispos cumpriron cos requirimentos, e foron pasando polas distintos limiares cardealicios: Consello dos Leigos, Culto Divino, Disciplina dos Sacramentos, Familia, Vida Consagrada, Educación Católica, Doutrina da Fe... A visita comezou cunha Eucaristía que presidiu o arcebispo Xulián Barrio o 21 de febreiro xunto cos 16 bispos de Galiza, Tarragona e Barcelona –se fosen os vascos sería unha Galeuzka mitrada!– na Basílica de S. Pedro ante a

tumba do Apóstolo. Xulián Barrio expresou na homilía a importancia que ten a comunión de tódalas Igrexas coa Sé de Pedro e a misión, como sucesores dos apóstolos de anunciar o evanxeo no mundo. A visita rematou o 1 de febreiro despois de deixar unha mensaxe para o Papa no hospital.

A asociación *Irimia* celebrou asemblea xeral durante a Festa do Lume o pasado 5 de febreiro. A diferenza dos bispos, os irimegos continúan coa actual xunta directiva e aprobaron contas e proxectos. Tralas formalidades, comezou o traballo que este ano xirou en torno á inmigración, con diversos obradoiros testemuñais. A presenza de dúas inmigrantes americanas que contaron a súa experiencia enriqueceu o encontro e fíxoo moi participativo. O xantar compartido nun día húmido e frío queceu os ánimos para a mesa da eucaristía, xunto ao pan, o viño, e as candeas da fe, prendéronse palabras de esperanza coas conclusións dos obradoiros. Destacar a participación de moitos mozos e mozas, animaron o día de encontro na casa sempre aberta das amigas Doroteas, en Galegos.

E como falamos dos inmigrantes, quixera contar dúas experiencias que penso son exemplo de traballo e acción. Unha presentárona as xentes da Parroquia do Cristo da Vitoria en Vigo: **Grupo de Acollida ás Persoas Estranxeiras**. Naceu hai dous anos, tras unhas xornadas de reflexión nas que se constatou a necesidade de prestar atención ao colectivo de inmigrantes. Cito so algunhas das iniciativas levadas a cabo:

reunións semanais de acollida e coñecemento; saídas cos inmigrantes para coñecer o contorno da cidade, xa que moitos non saen nunca do seu barrio; acompañamento nas xestións administrativas, empadramento, escolarización dos menores, becas, axudas, tarxeta sanitaria, solicitude de permisos de residencia, tradución de documentos; atención aos menores en período de vacacións escolares, cando seus pais traballan. Acollen aos nenos en distintos fogares, e están pensando en organizar un servizo de gardería; clases de cultura básica e a última iniciativa é un curso de tarefas domésticas, xa que moitas mulleres traballan de empregadas do fogar, pero descoñecen a utilización dos electrodomésticos, dos produtos de limpeza... A outra experiencia localizámola en Pontevedra, na **Parroquia de S. Xosé** onde funciona a asociación de inmigrantes **Ntra. Sra. de Guadalupe**. Decatándose do incremento de inmigrantes, sobre todo de orixe latinoamericana, abríronlle as portas da Parroquia para que poidan reunirse, falar dos problemas e buscar solucións. Desde a Comunidade son asesorados e axudados, pero son eles os que dirixen a asociación. Tamén teñen unha eucaristía, os domingos pola tarde, e contan que é todo un exemplo, a súa forma de participar e de vivir a celebración.

Outra iniciativa moi interesante que se está organizando é a do **Fondo de Solidariedade**. Un grupo de mozos e mozas de Compostela, algúns deles estiveron vinculados e moi comprometidos con Cáritas Diocesana, impulsan este proxecto, ins-

pirado no sistema dos microcréditos. Trátase de fomentar proxectos de autoemprego, que axuden a persoas que teñan dificultades de financiamento. O proxecto será presentado na Asemblea de Crentes a finais de abril. Intentaremos dar algo máis de información no próximo número.

**As mulleres Cristiás Galegas**, acaban de publicar o primeiro número da súa revista *Exeria*, na que dan conta da Asemblea de Outono, de diversas xornadas celebradas, información sobre libros, mulleres na Historia, novas, e unha estarrecedora lembranza das case 100 vítimas da violencia de xénero do pasado ano.

**As Delegacións de Pastoral Vocacional** de Galiza organizaron a primeiros de marzo na Casa de Exercicios de Santiago un cursiño destinado a sacerdotes, relixiosos, catequistas e animadores co tema: “Oración e axentes de Pastoral Vocacional” dirixido polo crego da Diocese de Sigüenza-Guadalaxara, Angel Moreno. En marzo, tamén tivo lugar na Coruña e Santiago unha homenaxe a **Guillermo Roviroso e Tomás Malagón**. Foi organizado polo *Movimiento Cultural Cristiano* coa colaboración do *Instituto Teológico Compostelano*. O Fogar de Sta. Margarita acolleu o acto que contou coa presenza de Eugenio Rodríguez. En Santiago desenvolvéronse dúas ponencias: “Vida de Guillermo Roviroso” a cargo de Alfonso Gil, ex consiliario da HOAC, e “Tomas Malagón-Guillermo Roviroso: promotores de Militantes Pobres”, por Eugenio Rodríguez. O *Instituto Teológico Compostelano* organizou o 17 de marzo con motivo do 150 aniversario do

dogma da Inmaculada, un acto académico que consistiu nunha conferencia do Bispo auxiliar de Valencia, Enrique Benavent Vidal, velaí: “La doctrina de la Inmaculada Concepción en la teología reciente”.

A **FERE-CECA** celebrou Asemblea a finais de Febreiro no Colexio Maior Xelmírez, de Santiago, para aprobar o plano de xestión, orzamentos...e compartir a reflexión que animou Lorenzo Tebar, doutor en Pedagogía: “O desenvolvemento da mente e do corazón. Na primeira liña da educación integral”

Na diocese de **Mondoñedo-Ferrol** teñen previsto celebrar a XV edición da Pascua Xove a finais de marzo, no Seminario de Sta Catalina, que participa na organización. Tamén en Mondoñedo, o primeiro de abril, se celebrarán unhas charlas para sacerdotes sobre o tema “Ciencia e fe” a cargo do xesuíta e astrofísico Manuel María Carreira. E seguimos con formación, pois a Delegación do Clero e a Escola de Teoloxía organizan o tradicional Cursiño de Pascua, repartido entre Ferrol e Mondoñedo.

Na diocese de **Tui-Vigo** continúan os traballos do sínodo diocesano. A Delegación de Pastoral Xuvenil ofrece desde a rede a súa revista informativa, onde atoparemos noticias sobre a Igrexa e os mozos, como a participación no encontro de Taizé en Lisboa, e a programación da viaxe a Colonia para participar na Xornada Mundial da Xuventude. E desde o 13 de marzo a Diocese conta con dous novos curas, moi dinámicos e comprometidos coa lingua e co país:

Luís Pose Regueiro e Carlos Lorenzo Santiago, recibiron o sacramento do Orde na Catedral de Tui nunha celebración presidida por Mons. Diéguez Reboredo.

De **Ourense**, tivemos ao seu bispo Luís Quinteiro, nunha entrevista en *La Voz de Galicia*, extensa, para o acostumado, e no ton cordial e próximo que caracteriza a Quinteiro. Tamén hai algunhas iniciativas interesantes que contan na páxina web, que alomenos ofrece a posibilidade de consultala en galego. Hai que felicitalos, pois teñen unha páxina amena e moi dinámica. Conta que en Celanova, un grupo de persoas maiores, leva tres anos reuníndose para ler a Biblia desde os feitos da vida. Animados por unha relixiosa franciscana, Manuela, non tratan de facer un estudo, senón desde unha actitude orante, confrontar os textos coa vida e as relacións coas persoas. E na Parroquia de S. Pío X, onde teñen un club xuvenil con actividades lúdico-deportivas, os responsábeis decidiron instalar un *ciber* para os mozos, que ten moito éxito: Ciberpío é o nome do invento. É moi importante que desde as parroquias se oferte acompañamento e alternativas durante o tempo libre, pois é unha das grandes carencias que temos na chamada Pastoral xuvenil. A finais de febreiro comezou a Semana da Familia, que se desenvolveu en varias parroquias da cidade e outras vilas como Allariz e O Carballino, co tema: “Formarnos para educarles”

Como de **Santiago** sempre damos información ao longo da crónica, recordaremos só o falecemento de D.

Julio Arca, persoa moi querida na diocese pola súa bondade e entrega servicial. Fora secretario persoal do cardeal Quiroga e despois traballou sempre na Curia, da que foi chanceler. O seu paso silencioso e humilde era o primeiro en chegar ao Arcebispado, e tamén o último en marchar, ás veces xa entrada a noite. Tamén atendeu varias parroquias da cidade e estivo vinculado aos Cursiños de Cristiandade. A Delegación de Liturxia organizou o tradicional cursiño centrado no Ano da Eucaristía” e que se desenvolveu nas tres vigairías da diocese, dirixido por Juan María Canals Casas, director do Secretariado da Comisión Episcopal de Liturxia. E todo está listo para a celebración da XXXII Pascua Xove de Arousa, que se coordina desde a Parroquia da Xunqueira, que celebrou recentemente os seus 25 anos.

Por **Lugo** ademais de frío e neve houbo moita actividade, centrada na Campaña de Mans unidas e os proxectos asumidos pola diocese. O 11 de febreiro a Hospitalidade de Lourdes tivo asemblea, acompañados do bispo José Gómez. Días atrás celebraron as *I Xornadas de Profesionais Sanitarios Cristiáns* organizadas pola Pastoral da Saúde e dirixidas a médicos, celadores, enfermeiros e demais persoal. A Delegación ten como dobre obxectivo para este curso a atención preferente aos marxina-dos da sociedade e afastados da Igrexa, e o coidado do persoal sanitario. *A Nosa Voz*, informa que desde Cáritas recadáronse 25.539 euros para

axudar aos dannificados no Sueste Asiático, e tamén da conta da posta en marcha das novas Unidades de Pastoral.

Remato a crónica e sobre a mesa teño un suplemento dominical cunha portada que me inqueda. Reza así: “Os despachos do poder” e aparecen tres persoeiros nos seus despachos. Na foto da esquerda, Mariano Rajoy, líder do PP, na dereita o presidente do Goberno Rodríguez Zapatero, e no centro asoma o cardeal Rouco Varela. Quero pensar que ao cardeal non lle comentaron nada sobre o titular, pero é toda unha metáfora do que tantas veces se transmite á opinión pública. Como homenaxe a un bispo sen despacho e sen palacio, que debe ser modelo de servizo e compromiso, déixovos estes versos de Casaldáliga:

*Eu, pecador e bispo, confeso  
de soñar coa Igrexa  
vestida soamente de Evanxeo e  
sandalias,  
de crer na Igrexa,  
a pesares da Igrexa, algunhas  
veces;  
de crer no Reino, en todo caso  
-camiñando en Igrexa-.*

P. Casaldáliga, “Todavía estas palabras”

Déixovos desde o carón da ría, aínda viva, cando as ondas agora que é marzo falan da muller, sempre traballadora, e as sereas lembran de noite co seu canto, a memoria das vítimas. No castiñeiro amigo, canta un xilgaro. Oxalá a primavera!

**Rubén Aramburu Molet**  
*roldai@wanadoo.es*



## Juan Masiá Clavel

### La gratitud responsable. Vida, sabiduría y ética

Desclée de Brouwer (colección Cátedra de Bioética, nº 11), Bilbao, 259 páxinas.

No correr dos novos e axitados tempos, parece que a espiritualidade dunha vida cotiá se agocha simplemente para contados escolleitos ou para aqueles refuxiados baixo rezos cara altares. Todo o contrario que se nos presenta neste novo libro de Juan Masiá, reflexo dunha vida intensamente meditada.

Tras media vida de dedicación en Xapón, e logo duns meses de confrontación coa realidade occidental dende a dirección da Cátedra de Bioética da UPCO (Madrid), o autor fai repaso das cuestións máis controvertidas no terreo das decisións máis importantes sobre a vida. E faíno dende esa sensibilidade que outorga unha profunda vivencia inter-cosmovisional, que “se esforza por tender pontes de sabedoría e camiños de espiritualidade, máis alá e máis acá das expresións concretas locais e epocais de cada cosmovisión, para evitar dogmatismos e fundamentalismos” (p. 12).

Tal sensibilidade é a que permanece reflectida xa nos seis primeiros capítulos do libro. Partindo das tradicións sapiencias de Oriente, representadas por autores como Watsuji ou Nishida, e tomando dun a importancia da estética e do outro a volta cara á nada da íntima unidade de todo, Masiá adopta unha postura intermedia que poderíamos cualificar de respecto á Absoluta

Transcendencia do Creador, sen esquecer a súa manifestación na responsabilidade común das criaturas. Así é a liña tamén dos vindeiros capítulos, dende a harmonía confuciana ata a “vía media” de Gautama o Buda, o da liña do Mahayana e do Sutra do Loto, que nos leva a unha vida –atravesada por oito carrís– na que as decisións se tornen “adequadas” no seu senso máis verdadeiro (p. 113). Iso é o que leva a tomarse con radicalidade nas decisións unha sa hermenéutica estilo Ricoeur ou a virtude da *phronesis* aristotélica reformulada por Tomé de Aquino, distanciándose así de ideoloxías que suplantán o papel esencial do propio ser humano.

Esta é a sensibilidade, aprendida no mundo oriental, que o autor reflicte nos restantes capítulos ao tratar aqueles temas máis candentes do debate bioético actual. Así o podemos comprobar ao falar da importancia budista do dolo, aplicable a unha sociedade que debe mirar directamente cara á morte e asumila, sen que esta se convirta en obxecto de manipulacións interesadas, o que faría que en temas coma os transplantes de órganos se atendesese primordialmente á vida sen primacías económicas ou tecnolóxicas (p. 173).

Interesante tamén é a visión que o autor ofrece da euxenesia, a cal

pasou dunha etapa de programación (no nazismo), a outra etapa de asunción polas sociedades, impregnando a súa mentalidade e insensibilizándoa ante a discapacidade (p. 177). O novo lema dalgunha clínica xinecolóxica xaponesa é a frase “con licenza de protección euxenésica”, o que é igual a “aquí pódese abortar legalmente” (p. 182). Fronte a isto, Masiá avoga por un respecto á autonomía, que esixe incluso cambiar o significado dalgúns conceptos coma o de “discapacidade”, “*shougai*sha” en xaponés (co dobre sentido de persoa que sofre perxuízo debido a un obstáculo ou persoa que prexudica aos demais); a nova expresión sería “*hi-shousha*”, persoa obstaculizada por unha discapacidade (p. 189).

Non menos interesante é a posición con respecto á vida nacente, sobre a cal a lei nipona segue a ser bastante restritiva xerando moitos e exitosos debates entre diversos autores. A postura de Masiá sitúase nesa tradición budista da vía media (p. 207), a pesar dos perigos de pouca claridade e confusión para moitos

acostumados a fáciles solucións.

Desde o mellor de cada relixión oriental, o autor desta obra ofrece tamén unha importante visión sobre o respecto e a convivencia cos animais, entendida sobre todo como unha espiritualidade alimentada pola comunión das criaturas en dependencia e gratitude responsable (p. 224).

Finalmente, tendo como fondo a mensaxe do novo milenio dos bispos xaponeses *Perspectivas sobre a vida*, Masiá fai un repaso por aqueles temas máis polémicos nas declaracións maxisteriais actuais (procreación, sexualidade, divorcio, aborto), cunha actitude sempre aberta e crítica, disposta a disentir en responsabilidade, facéndoo en e pola Igrexa, en busca sempre do ben das persoas. En definitiva, un libro para ler con gusto, para pensar, sen solucións prefabricadas, impregnado do mundo oriental e favorecedor, ante todo, de que cada un se cuestione a si mesmo na busca daquelo polo que en responsabilidade debe optar en cada momento.

**Xosé Manuel Caamaño López**

## **Rosa García-Orellán**

**Joseba Beobide Arrburua, Hombres de Terranova. La pesca del bacalao (1926-2004)**

Pasaiaiko Portua / Puerto de Pasajes, 2004, 394 páxs.

“No intre de encetar este traballo encontrámonos ante unha realidade impensable hai décadas. A pesca

industrial do bacallau, que comeza en España en 1926 e que tivo unha época de espléndido auxe entre os



anos 1950 e 1970, encóntrase actualmente en transo de desaparición. Cinxíndonos ao porto de Pasaxes, lugar de onde arrincou esta pesca, a situación actual –2004– da flota bacallaeira é dun colapso case absoluto. (...) Isto supuxo a desaparición de centos de postos de traballo, tanto directos como indirectos...”. Con estas palabras ábrese a introdución xeral dunha obra apaixonante, que no só supón un fito importante nos estudos sobre a pesca do bacallau, senón tamén unha ollada entrañable sobre a vida dos seus protagonistas.

Rosa García-Orellán naceu entre nós (Olveira-Santa Uxía de Ribeira) e foi de nena para Pasaxes. Enfermeira de profesión, a súa paixón intelectual levouna a deixar ese traballo para se doutorar en antropoloxía. Filla de mariñeiro, concentrou a súa atención sobre os problemas da pesca. Escribiu primeiro un estudo *Estai y la post-guerra del fletán* e presenta agora esta obra madura: tiven a sorte de ser testemuña do seu proxecto e dos longos traballos que lle dedicou: proba son os case 300 relatos biográficos –algúns vascos, e na súa maioría galegos– e a viaxe de estudos que a levou a Terranova.

Resultado é este libro, magnificamente editado pola Autoridade Portuaria de Pasaxes (mágoa que no índice, detallado e ben estruturado, non se poña a paxinación) e cunha excelente presentación do Prof. David Close, da Universidade de St. John’s. Está ademais excelente-mente ilustrado por Bruno Hidalgo,

recollendo fotos e textos que supoñen un inestimable complemento para a información. Colaborou con ela, sobre todo para a busca de contactos e algún dato suplementario, o entrañable sacerdote Joseba Beobide que desde o Stella Maris tanto fixo polos mariñeiros e que moitos veráns se achegaba a Aguiño na súa inesquecible bicicleta.

Pero interesa sobre todo salientar o contido. Centrado de maneira primordial na intrahistoria dunhas vidas intensas, analiza o traballo abordo enormemente duro, a convivencia a un tempo íntima e conflictiva, a alimentación, a difícil situación sanitaria, a competencia entre os barcos a ver quen cargaba e volvía primeiro a terra, as consecuencias para a vida familiar sempre tensionada entre a ausencia e a volta á casa... Supón, sen dúbida, a achega máis importante do libro, que, aínda que editado en Pasaxes, reflicte ante todo e sobre todo un anaco entrañable da vida mariñeira galega.

Pero non queda aí, pois a autora enmarca todo iso nun intenso e amplo contexto. Resulta interesante observar o proceso tecnolóxico; da máquina de vapor ao motor diesel, do bou á parella, do simple son na néboa á chegada do radar ao comezo dos anos 60. Máis importante é aínda o proceso sociopolítico, coa progresiva e conflictiva ampliación das zonas reservadas (idas 3 ás 200 millas!), con restricións drásticas e mesmo apresamentos; todo, desembocando nunha crise que, deixando atrás o esplendor dos anos 50-60, levou practicamente ao colapso (“na

actualidade quedan 8 parellas, catro con base en Vigo e outras catro en Pasaxes”, informa José Ignacio Espel, p. 11). E no fondo, como factor moi decisivo, a sobrepesca, que a autora glosa na súa conclusión como unha “ameaza de primeira orde” e fronte á que postula unha ampliación dos enfoques cunha supervisión supranacional, que “daría unha maior marxe de manobra para

planificar a longo prazo o desenvolvemento sostido e global dos nosos mares”.

Son as súas últimas palabras, que ben podemos aplicar á nosa política pesqueira. Neste breve recensión só nos queda felicitar a Rosa García-Orellán por este traballo feito non só con dedicación e competencia, senón tamén con corazón fondo e xeneroso.

**Andrés Torres Queiruga**



## Normas de publicación para os autores

*Encrucillada* defínese como revista galega de pensamento cristián e publica traballos que cadren con esta definición.

Publica fundamentalmente dous tipos de traballos: *Estudos* (de ata 32.000 caracteres, espazos incluídos) que estudarán un tema en profundidade, e *Achegas* (de ata 15.000 caracteres, espazos incluídos) que tratarán temas máis concretos ou aspectos puntuais dun tema. Os estudos deberanse acompañar dun resumo.

A revista publica tamén recensións de libros que traten os temas xa explicitados. Estas notas non deberán exceder os 4.000 caracteres (espazos incluídos) e terán a seguinte estrutura: Autor do libro analizado, Título, Editorial, cidade de publicación, ano de publicación, nº de páxinas. Comentario.

Os traballos pódense enviar por correo electrónico ao enderezo da revista. Se se envían por outro medio rogamos enviar unha versión informatizada no formato RTF (*Rich Text Format*, formato en que pode ser gardado un documento por calquera procesador e que está libre de virus). É moi importante na versión informatizada non utilizar máis códigos de formato que os estritamente necesarios (non usar estilos, nin tabulacións, columnas ou outros elementos de formato; non usar maiúsculas nos títulos). A revista utiliza as seguintes convencións tipográficas: subtítulos en **negra**, nomes de libros, publicacións, casas comerciais, institucións, etc en *itálica*, reservando as comiñas unicamente para as citas textuais. Non se utilizan nunca o subliñado nin as maiúsculas coa finalidade de destacar textos.

O autor/a consignará o seu enderezo completo para poder contactar con el/ a e a súa formación académica e actividade profesional. Tamén pode consignar o enderezo de correo electrónico se desexa que apareza na revista.

Os artigos poderán conter notas, que figurarán a pé de páxina, onde se citará tamén a bibliografía. Os libros citaranse da seguinte maneira: Inicial do nome, Apelidos, *Título en itálica*, Editorial, Cidade de edición, ano de edición, páxs. No caso dos artigos farase do seguinte xeito: Inicial do nome, Apelidos, *Título do artigo en itálica*, Nome da revista, número da revista, (ano de publicación), páxs.

A redacción da revista determinará nun prazo aproximado de tres meses a conveniencia da publicación. Neste prazo o autor será informado sobre a posible data de publicación ou lle serán suxeridos posibles cambios para que o artigo se axuste á orientación da revista.

# Encrucillada

142

